



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 594
22 de xaneiro de 2020

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

■ 61231 (10/POP-007327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación da empresa industrial Noa Madera Creativa

[196394](#)

■ 61234 (10/POP-007328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis

Sobre os servizos de paridoiros nos hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente nos de Monforte de Lemos e Burela

[196398](#)

■ 61239 (10/POP-007329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a valoración da Consellería de Economía, Emprego e Industria da última enquisa de poboación activa

[196401](#)

■ 61241 (10/POP-007330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as iniciativas que se van desenvolver na Business Factory Auto de proxectos innovadores da automoción de Galicia

[196403](#)

■ 61243 (10/POP-007331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre o programa Innova Peme

[196405](#)

■ 61245 (10/POP-007332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o impacto de Artesanía de Galicia na posta en valor do sector artesanal galego

[196407](#)

■ 61247 (10/POP-007333)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a reparación dos danos ocasionados polo lume nos concellos de Dodro e Rianxo

[196409](#)



I 61253 (10/POP-007335)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as demandas dun convenio colectivo para as persoas investigadoras dos institutos de investigación biomédica de Galicia

[196412](#)**I 61260 (10/POP-007336)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o apoio do Goberno galego ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil

[196415](#)**I 61276 (10/POP-007337)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre a previsión por parte da Xunta de Galicia de iniciar no curso 2020-2021 un ciclo de FP dual sobre Escavacións e Sondaxes no IES Plurilingüe Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez

[196417](#)**I 61317 (10/POP-007338)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a necesidade de restitución do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova

[196419](#)**I 61320 (10/POP-007339)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre os criterios de Augas de Galicia para levar a cabo convenios cos concellos galegos na X lexislatura

[196422](#)**I 61321 (10/POP-007340)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os criterios do Goberno galego para levar a cabo convenios de colaboración con concellos nesta X lexislatura

[196424](#)**I 61340 (10/POP-007341)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das accións do Plan Retorna 2000

[196426](#)**I 61354 (10/POP-007342)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre se o Goberno galego ten previsto establecer un texto lexislativo que inclúa a todos os sectores clave na loita contra a crise climática

[196428](#)

I 61361 (10/POP-007343)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre se considera o Goberno galego que son suficientes as súas medidas sobre transparencia

[196430](#)**I 61372 (10/POP-007344)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre cando prevé a Xunta de Galicia cubrir a praza de médico de familia de Valeixe, A Cañiza

[196432](#)**I 61375 (10/POP-007345)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre se a aplicación do artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, supón efectos tributarios prexudiciais

[196435](#)**I 61377 (10/POP-007346)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe relativo aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

[196439](#)**I 61382 (10/POP-007347)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre as axudas extraordinarias aos emigrantes retornados así como as previsións que manexan para os vindeiros anos

[196443](#)**I 61386 (10/POP-007348)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das axudas ao retornado emprendedor e o seu impacto na sociedade galega

[196445](#)**I 61387 (10/POP-007349)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego no ámbito da conciliación e corresponsabilidade

[196447](#)**I 61389 (10/POP-007350)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das axudas ao alugueiro para as mulleres vítimas de violencias machistas

[196449](#)

I 61391 (10/POP-007351)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre os prazos que se marca o Goberno galego para facer a modificación dos textos oficiais orientada a producir unha comunicación pública inclusiva e non sexista

[196452](#)**I 61393 (10/POP-007352)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a situación dos COF na Coruña

[196455](#)**I 61400 (10/POP-007353)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a situación da empresa Unitono en Ourense e o cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ao sector do telemárketing

[196458](#)**I 61404 (10/POP-007354)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a nova ambulancia para Deza, situada en Lalín

[196462](#)**I 61406 (10/POP-007355)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre os prazos que se marca o Goberno galego para facer a modificación dos textos oficiais orientada a producir unha comunicación pública inclusiva e non sexista

[196465](#)**I 61407 (10/POP-007356)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a situación do Centro de Saúde de Calo

[196468](#)**I 61430 (10/POP-007357)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 6 máis**

Sobre os traballos de planificación e impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías para acceder aos fondos comunitarios do mecanismo Conectar Europa

[196471](#)**I 61432 (10/POP-007358)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Macías, Jackeline Elizabeth e 7 máis**

Sobre o funcionamento da Tarxeta Xente Nova

[196473](#)**I 61434 (10/POP-007359)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución da frota que emprega a arte do xeito

[196475](#)

I 61436 (10/POP-007360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a xustificación da entrega dunha carta ás familias de escolas infantís dependentes da Xunta

[196477](#)

I 61458 (10/POP-007361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre se o Observatorio de Solo Empresarial ten avaliado as necesidades de solo empresarial galego

[196479](#)

I 61459 (10/POP-007362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os motivos polos que non se prevén axudas para as asociación de polígonos industriais

[196481](#)

I 61460 (10/POP-007363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración dun documento no que se recollan as transferencias recibidas polas entidades locais galegas na X lexislatura

[196483](#)

I 61461 (10/POP-007364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre os criterios polos que se estableceron os convenios de colaboración cos concellos galegos no 2019

[196484](#)

I 61474 (10/POP-007365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os motivos de cambio de criterios en canto á delimitación territorial das zonas afectadas pola praga da couza guatemalteca da pataca en Bergantiños

[196486](#)

I 61480 (10/POP-007366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o cambio de situación da nova estación de autobuses de Ourense

[196488](#)

I 61487 (10/POP-007367)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e Vázquez Verao, Paula



Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar novos problemas co transporte mixto na provincia de Ourense [196492](#)

I 61490 (10/POP-007368)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC [196495](#)

I 61495 (10/POP-007369)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Quintero Araújo, Paula

Sobre a motivación de non incorporar criterios que teñan en conta a atención a maiores ou persoas dependentes en procesos de persoal convocados pola Xunta [196498](#)

I 61506 (10/POP-007370)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras no CEIP Fogar de Carballo [196501](#)

I 61514 (10/POP-007371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a violencia machista e as actuacións previstas ao respecto polo Goberno galego en cumprimento da lexislación vixente [196503](#)

I 61517 (10/POP-007372)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC [196506](#)

I 61525 (10/POP-007373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os concellos galegos na X lexislatura [196509](#)

I 61526 (10/POP-007374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre os concellos galegos e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na X lexislatura [196511](#)

I 61528 (10/POP-007375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e os concellos galegos no 2019 [196513](#)

I 61536 (10/POP-007376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as infraestruturas que conectan Celanova e Portugal por Lobios [196515](#)

I 61543 (10/POP-007377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 3 máis

Sobre se o proxecto de construción dunha depuradora de mariscos en Castiñeiras, Ribeira, segue o procedemento legal establecido [196518](#)

I 61544 (10/POP-007378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre se vai seguir o Goberno galego a recomendación do Valedor do Pobo ao respecto das condicións laborais do persoal das residencias de maiores [196520](#)

I 61545 (10/POP-007379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o incumprimento da disposición adicional primeira da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 [196522](#)

I 61548 (10/POP-007380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a contía executada do Plan de formación na X lexislatura para a mellora da empregabilidade [196524](#)

I 61553 (10/POP-007381)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre a execución de fondos europeos para a dragaxe da ría do Burgo [196525](#)

I 61558 (10/POP-007382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas a tomar para reverter a situación do mercado laboral en Galicia [196527](#)

I 61560 (10/POP-007383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre a necesidade de dotar a comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada permanentemente [196530](#)

I 61561 (10/POP-007384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora en Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros [196534](#)

I 61562 (10/POP-007385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a atención ás demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose [196537](#)

I 61563 (10/POP-007386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a localización da depurada que se está a construír en Castiñeiras, Ribeira [196539](#)

I 61564 (10/POP-007387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre medidas a tomar perante a situación laboral da mocidade galega [196542](#)

I 61566 (10/POP-007388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a construción dun vaso de vertedura no vertedoiro de Sobrado [196545](#)

I 61571 (10/POP-007389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre que debe facer a Xunta para evitar que a Intermodal de Ourense teña efectos negativos no Centro de Saúde da Ponte [196549](#)

I 61577 (10/POP-007390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as accións que vai desenvolver a Xunta de Galicia ante a crise de Alcoa San Cibrao [196553](#)

I 61592 (10/POP-007391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a falta de dotación económica ás medidas 2 e 13 do PDR [196555](#)

I 61594 (10/POP-007392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de EMELSA [196560](#)

I 61599 (10/POP-007393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais de Galicia (PIXG) 2010-2015 [196564](#)

I 61606 (10/POP-007394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a defensa dos intereses económicos, políticos, culturais, comerciais e lingüísticos de Galicia na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa [196566](#)

I 61611 (10/POP-007395)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre o desenvolvemento de actuacións cara a unha acuicultura sostible [196569](#)

I 61633 (10/POP-007396)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo [196574](#)

I 61634 (10/POP-007397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a titularidade da xestión do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense [196576](#)

I 61635 (10/POP-007398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia [196579](#)

I 61636 (10/POP-007400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o grao de cumprimento das iniciativas para previr e combater a ludopatía entre a mocidade galega [196581](#)

I 61637 (10/POP-007401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a construción do novo centro de saúde en Ribadavia [196584](#)



I 61638 (10/POP-007402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense

[196586](#)**I 61639 (10/POP-007403)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas previstas para reducir a taxa de galegos e galegas con obesidade ou sobrepeso

[196589](#)**I 61640 (10/POP-007404)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción en Ourense de novos centros de saúde

[196591](#)**I 61641 (10/POP-007405)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a ampliación do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para prestalo as 24 horas do día

[196593](#)**I 61642 (10/POP-007406)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a necesidade dunha lei de protección á infancia específica

[196595](#)**I 61643 (10/POP-007407)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a suficiencia de persoal do centro de saúde de Rubiá, Ourense

[196597](#)**I 61644 (10/POP-007408)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre se son suficientes o número de traballadores e traballadoras sociais que prestan os seus servizos no Servizo Galego de Saúde

[196600](#)**I 61645 (10/POP-007409)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do informe do Consello de Contas a respecto do gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e con discapacidade

[196603](#)**I 61646 (10/POP-007410)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre se son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai en Galicia

[196606](#)

I 61647 (10/POP-007411)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta sobre a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de interese turístico nacional

[196608](#)**I 61648 (10/POP-007412)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre o número de nenos e nenas da provincia de Ourense que foron atendidos en Vigo dende a supresión no 2013 do Servizo de Cirurxía Pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[196611](#)**I 61649 (10/POP-007413)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre a construción da residencia de maiores de Ourense

[196613](#)**I 61650 (10/POP-007414)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a cesión do espazo que actualmente ocupa a biblioteca pública de Ourense ao Ateneo

[196615](#)**I 61651 (10/POP-007415)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre o estado de illamento da veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, debido ao corte da estrada OU-0807

[196618](#)**I 61652 (10/POP-007416)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a concesión de prestacións económicas para coidados na contorna familiar nos últimos anos

[196620](#)**I 61653 (10/POP-007417)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre o cumprimento dos obxectivos de creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais

[196622](#)**I 61654 (10/POP-007418)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

[196624](#)

I 61655 (10/POP-007419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios que se van a ter en conta para escoller os concellos en que se van situar as Casas do Maior

[196626](#)

I 61656 (10/POP-007420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os requisitos profesionais que se van esixir ás persoas que vaian atender ás persoas maiores nas Casas do Maior

[196628](#)

I 61661 (10/POP-007421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar

Sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais

[196630](#)

I 61677 (10/POP-007422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o peche de camas hospitalarias durante os meses de verán

[196632](#)

I 61679 (10/POP-007423)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 8 máis

Sobre o resultado do estudo feito pola Xunta de Galicia ao respecto para reducir o risco de inundacións na Xunqueira, Viveiro

[196635](#)

I 61658 (10/POP-007424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre se a eliminación da área sanitaria de Valdeorras contribuíu a mellorar a calidade da asistencia sanitaria que se presta no Hospital Comarcal de Valdeorras

[196637](#)

I 61703 (10/POP-007425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as accións que se deben desenvolver para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

[196640](#)

I 61719 (10/POP-007426)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación do centro de saúde de Valeixe

[196643](#)

I 61720 (10/POP-007427)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda



Solla Fernández, Eva

Sobre a situación dos servizos de urxencias

[196645](#)

I 61721 (10/POP-007428)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre cando está previsto a presentación do Proxecto de lei que regula os xogos e apostas en Galicia

[196647](#)

I 61722 (10/POP-007429)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as modificacións que se prevé incorporar no anteproxecto de lei de regulación dos xogos e apostas en Galicia

[196649](#)

I 61723 (10/POP-007430)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre se se está a garantir na actualidade unha protección da saúde en relación ao xogo e apostas

[196652](#)

I 61724 (10/POP-007431)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre medidas tomadas na prevención da ludomanía

[196654](#)

I 61727 (10/POP-007432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns e criterios que levaron a Dirección Xeral de Gandararía, Agricultura e Industrias Alimentarias a mudar a postura de desfavorable a favorable no relativo aos proxectos de extracción de seixo en Xanceda, Mesía

[196656](#)

I 61734 (10/POP-007433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a erradicación do emprego de herbicidas químicos na eliminación de herbas e arbustos na rede viaria galega

[196660](#)

I 61740 (10/POP-007434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018

[196664](#)

I 61749 (10/POP-007437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



- Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**
Sobre a construción da residencia de maiores de Vigo [196668](#)
- I 61750 (10/POP-007438)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Santiago [196670](#)
- I 61751 (10/POP-007439)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Ferrol [196672](#)
- I 61752 (10/POP-007440)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Pontevedra [196674](#)
- I 61753 (10/POP-007441)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Lugo [196676](#)
- I 61754 (10/POP-007442)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis
Sobre a construción da residencia de maiores da Coruña [196678](#)
- I 61755 (10/POP-007443)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o motivo polo cal non se ten executado o Plan sectorial de aparcamentos disuasorios en Ourense [196680](#)
- I 61756 (10/POP-007444)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia de declarar a Festa da Vendima de Leiro como de interese turístico [196682](#)
- I 61757 (10/POP-007445)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre os atrasos nos pagamentos dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais de Verín e de Valdeorras [196684](#)



I 61758 (10/POP-007446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a realización de inspeccións sobre o funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense [196686](#)**I 61759 (10/POP-007447)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas en escolas infantís públicas [196689](#)**I 61760 (10/POP-007448)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración das políticas de atención dos maiores [196691](#)**I 61761 (10/POP-007449)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o risco de vulnerabilidade social e de pobreza ou exclusión da poboación galega [196693](#)**I 61762 (10/POP-007450)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o grao de cumprimento da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [196695](#)**I 61763 (10/POP-007451)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o comezo das obras de reforma do materno-infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [196697](#)**I 61764 (10/POP-007452)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a atención ás persoas sen fogar en Galicia [196699](#)**I 61765 (10/POP-007453)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre medidas adoptadas polo Goberno galego durante a X lexislatura para visibilizar as persoas maiores LGTBI [196701](#)**I 61770 (10/POP-007454)**

Grupo Parlamentario Mixto



Vázquez Verao, Paula

Sobre o cumprimento de prazos en canto a valoración e asignación do Programa Individual de Atención (PIA) do Sistema de Atención á Dependencia [196703](#)

I 61773 (10/POP-007455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados coas subvencións destinadas a crear ou mellorar as infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos de prestación municipal [196706](#)

I 61778 (10/POP-007456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a construción dun novo centro de saúde na Rúa [196708](#)

I 61779 (10/POP-007457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a integración dos profesionais de Educación Social na Administración pública galega [196710](#)

I 61780 (10/POP-007458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema VioXén [196713](#)

I 61781 (10/POP-007459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as garantías de seguridade viaria que ofrece o proxecto de construción da senda na OU-402 en Reza, Ourense [196715](#)

I 61782 (10/POP-007460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o comezo das obras no parque acuático do Pereiro de Aguiar [196718](#)

I 61783 (10/POP-007461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información de que dispón o Goberno galego a respecto das reaccións en bebés ao consumir o menú infantil nalgúns centros da rede Galiña Azul [196720](#)

I 61786 (10/POP-007462)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé



Sobre o pagamento das cantidades que se lle deben ao Consorcio da Promoción da Música desde o ano 2011 [196722](#)

I 61788 (10/POP-007463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as consecuencias da eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal [196725](#)

I 61795 (10/POP-007464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a contratación de orientadores laborais [196727](#)

I 61812 (10/POP-007465)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre a situación da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952 [196729](#)

I 61820 (10/POP-007466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que cómpre tomar ante a situación da empresa Isidro 1952 [196732](#)

I 61824 (10/POP-007467)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre a política de mobilidade que vai presentar a Xunta de Galicia ao novo Goberno estatal [196736](#)

I 61831 (10/POP-007468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia para garantir que a xestión do futuro Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense será pública e directa [196741](#)

I 61832 (10/POP-007469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación da poboación de cervos en zonas como Monfero, Aranga e Irixoa, así como de indemnizacións polos danos que ocasionan [196745](#)

I 61833 (10/POP-007470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a cuestión de Agroseguro [196749](#)



I 61838 (10/POP-007471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o cobramento de honorarios de investigadores públicos pagados por farmacéuticas

[196753](#)**I 61839 (10/POP-007472)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galicia ata o final da lexislatura

[196757](#)**I 61842 (10/POP-007473)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións desenvolvidas dende a Dirección Xeral de Patrimonio a respecto da situación da adega Casal de Armán

[196760](#)**I 61843 (10/POP-007474)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no Sergas

[196762](#)**1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)****I 61488 (10/PUP-000289)**

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas de vilixancia e inspección que vai tomar a Xunta de Galicia con respecto ás empresas concesionarias do transporte público de Galicia

[196766](#)**I 61906 (10/PUP-000290)**

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre a autorización da batida de raposo na zona de Triacastela

[196769](#)**I 61932 (10/PUP-000291)**

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sustentable de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega

[196771](#)**I 61953 (10/PUP-000292)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952 [196774](#)

I 61955 (10/PUP-000293)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto [196777](#)

I 61959 (10/PUP-000294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tras as vacacións do Nadal [196779](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

I 61986 (10/POPX-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia [196781](#)

I 61988 (10/POPX-000185)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín [196782](#)

I 61991 (10/POPX-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín [196783](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 61231 (10/POP-007327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación da empresa industrial Noa Madera Creativa

- 61234 (10/POP-007328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis

Sobre os servizos de paridoiros nos hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente nos de Monforte de Lemos e Burela

- 61239 (10/POP-007329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a valoración da Consellería de Economía, Emprego e Industria da última enquisa de poboación activa

- 61241 (10/POP-007330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as iniciativas que se van desenvolver na Business Factory Auto de proxectos innovadores da automoción de Galicia

- 61243 (10/POP-007331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre o programa Innova Peme

- 61245 (10/POP-007332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o impacto de Artesanía de Galicia na posta en valor do sector artesanal galego

- 61247 (10/POP-007333)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a reparación dos danos ocasionados polo lume nos concellos de Dodro e Rianxo

- 61253 (10/POP-007335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas dun convenio colectivo para as persoas investigadoras dos institutos de investigación biomédica de Galicia

- 61260 (10/POP-007336)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o apoio do Goberno galego ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil

- 61276 (10/POP-007337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a previsión por parte da Xunta de Galicia de iniciar no curso 2020-2021 un ciclo de FP dual sobre Escavacións e Sondaxes no IES Plurilingüe Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez

- 61317 (10/POP-007338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a necesidade de restitución do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova

- 61320 (10/POP-007339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios de Augas de Galicia para levar a cabo convenios cos concellos galegos na X lexislatura

- 61321 (10/POP-007340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios do Goberno galego para levar a cabo convenios de colaboración con concellos nesta X lexislatura

- 61340 (10/POP-007341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das accións do Plan Retorna 2000

- 61354 (10/POP-007342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis



Sobre se o Goberno galego ten previsto establecer un texto lexislativo que inclúa a todos os sectores clave na loita contra a crise climática

- 61361 (10/POP-007343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre se considera o Goberno galego que son suficientes as súas medidas sobre transparencia

- 61372 (10/POP-007344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre cando prevé a Xunta de Galicia cubrir a praza de médico de familia de Valeixe, A Cañiza

- 61375 (10/POP-007345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre se a aplicación do artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, supón efectos tributarios prexudiciais

- 61377 (10/POP-007346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe relativo aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

- 61382 (10/POP-007347)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre as axudas extraordinarias aos emigrantes retornados así como as previsións que manexan para os vindeiros anos

- 61386 (10/POP-007348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das axudas ao retornado emprendedor e o seu impacto na sociedade galega

- 61387 (10/POP-007349)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego no ámbito da conciliación e corresponsabilidade

- 61389 (10/POP-007350)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula



Sobre a valoración que fai o Goberno galego das axudas ao alugueiro para as mulleres vítimas de violencias machistas

- 61391 (10/POP-007351)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre os prazos que se marca o Goberno galego para facer a modificación dos textos oficiais orientada a producir unha comunicación pública inclusiva e non sexista

- 61393 (10/POP-007352)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a situación dos COF na Coruña

- 61400 (10/POP-007353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a situación da empresa Unitono en Ourense e o cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ao sector do telemárketing

- 61404 (10/POP-007354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a nova ambulancia para Deza, situada en Lalín

- 61406 (10/POP-007355)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre os prazos que se marca o Goberno galego para facer a modificación dos textos oficiais orientada a producir unha comunicación pública inclusiva e non sexista

- 61407 (10/POP-007356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación do Centro de Saúde de Calo

- 61430 (10/POP-007357)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre os traballos de planificación e impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías para acceder aos fondos comunitarios do mecanismo Conectar Europa

- 61432 (10/POP-007358)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Macías, Jackeline Elizabeth e 7 máis
Sobre o funcionamento da Tarxeta Xente Nova



- 61434 (10/POP-007359)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a evolución da frota que emprega a arte do xeito

- 61436 (10/POP-007360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a xustificación da entrega dunha carta ás familias de escolas infantís dependentes da Xunta

- 61458 (10/POP-007361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre se o Observatorio de Solo Empresarial ten avaliado as necesidades de solo empresarial galego

- 61459 (10/POP-007362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os motivos polos que non se prevén axudas para as asociación de polígonos industriais

- 61460 (10/POP-007363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a elaboración dun documento no que se recollan as transferencias recibidas polas entidades locais galegas na X lexislatura

- 61461 (10/POP-007364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre os criterios polos que se estableceron os convenios de colaboración cos concellos galegos no 2019

- 61474 (10/POP-007365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre os motivos de cambio de criterios en canto á delimitación territorial das zonas afectadas pola praga da couza guatemalteca da pataca en Bergantiños

- 61480 (10/POP-007366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o cambio de situación da nova estación de autobuses de Ourense

- 61487 (10/POP-007367)

Grupo Parlamentario Mixto



Rodríguez Estévez, David e Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar novos problemas co transporte mixto na provincia de Ourense

- 61490 (10/POP-007368)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC

- 61495 (10/POP-007369)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Quintero Araújo, Paula

Sobre a motivación de non incorporar criterios que teñan en conta a atención a maiores ou persoas dependentes en procesos de persoal convocados pola Xunta

- 61506 (10/POP-007370)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras no CEIP Fogar de Carballo

- 61514 (10/POP-007371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a violencia machista e as actuacións previstas ao respecto polo Goberno galego en cumprimento da lexislación vixente

- 61517 (10/POP-007372)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC

- 61525 (10/POP-007373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os concellos galegos na X lexislatura

- 61526 (10/POP-007374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre os concellos galegos e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na X lexislatura

- 61528 (10/POP-007375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados polo Goberno galego para establecer convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e os concellos galegos no 2019

- 61536 (10/POP-007376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as infraestruturas que conectan Celanova e Portugal por Lobios

- 61543 (10/POP-007377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 3 máis

Sobre se o proxecto de construción dunha depuradora de mariscos en Castiñeiras, Ribeira, segue o procedemento legal establecido

- 61544 (10/POP-007378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre se vai seguir o Goberno galego a recomendación do Valedor do Pobo ao respecto das condicións laborais do persoal das residencias de maiores

- 61545 (10/POP-007379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o incumprimento da disposición adicional primeira da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

- 61548 (10/POP-007380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a contía executada do Plan de formación na X lexislatura para a mellora da empregabilidade

- 61553 (10/POP-007381)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre a execución de fondos europeos para a dragaxe da ría do Burgo

- 61558 (10/POP-007382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas a tomar para reverter a situación do mercado laboral en Galicia

- 61560 (10/POP-007383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre a necesidade de dotar a comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada permanentemente

- 61561 (10/POP-007384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora en Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros

- 61562 (10/POP-007385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a atención ás demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose

- 61563 (10/POP-007386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a localización da depurada que se está a construír en Castiñeiras, Ribeira

- 61564 (10/POP-007387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre medidas a tomar perante a situación laboral da mocidade galega

- 61566 (10/POP-007388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a construción dun vaso de vertedura no vertedoiro de Sobrado

- 61571 (10/POP-007389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre que debe facer a Xunta para evitar que a Intermodal de Ourense teña efectos negativos no Centro de Saúde da Ponte

- 61577 (10/POP-007390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as accións que vai desenvolver a Xunta de Galicia ante a crise de Alcoa San Cibrao

- 61592 (10/POP-007391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a falta de dotación económica ás medidas 2 e 13 do PDR

- 61594 (10/POP-007392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de EMELSA

- 61599 (10/POP-007393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais de Galicia (PIXG) 2010-2015

- 61606 (10/POP-007394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a defensa dos intereses económicos, políticos, culturais, comerciais e lingüísticos de Galicia na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa

- 61611 (10/POP-007395)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre o desenvolvemento de actuacións cara a unha acuicultura sostible

- 61633 (10/POP-007396)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo

- 61634 (10/POP-007397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a titularidade da xestión do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense

- 61635 (10/POP-007398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia

- 61636 (10/POP-007400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o grao de cumprimento das iniciativas para previr e combater a ludopatía entre a mocidade galega

- 61637 (10/POP-007401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a construción do novo centro de saúde en Ribadavia



- 61638 (10/POP-007402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense

- 61639 (10/POP-007403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas previstas para reducir a taxa de galegos e galegas con obesidade ou sobrepeso

- 61640 (10/POP-007404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción en Ourense de novos centros de saúde

- 61641 (10/POP-007405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a ampliación do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para prestalo as 24 horas do día

- 61642 (10/POP-007406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a necesidade dunha lei de protección á infancia específica

- 61643 (10/POP-007407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a suficiencia de persoal do centro de saúde de Rubiá, Ourense

- 61644 (10/POP-007408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre se son suficientes o número de traballadores e traballadoras sociais que prestan os seus servizos no Servizo Galego de Saúde

- 61645 (10/POP-007409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do informe do Consello de Contas a respecto do gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e con discapacidade

- 61646 (10/POP-007410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre se son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai en Galicia



- 61647 (10/POP-007411)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta sobre a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de interese turístico nacional

- 61648 (10/POP-007412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o número de nenos e nenas da provincia de Ourense que foron atendidos en Vigo dende a supresión no 2013 do Servizo de Cirurxía Pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 61649 (10/POP-007413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción da residencia de maiores de Ourense

- 61650 (10/POP-007414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a cesión do espazo que actualmente ocupa a biblioteca pública de Ourense ao Ateneo

- 61651 (10/POP-007415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o estado de illamento da veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, debido ao corte da estrada OU-0807

- 61652 (10/POP-007416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a concesión de prestacións económicas para coidados na contorna familiar nos últimos anos

- 61653 (10/POP-007417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o cumprimento dos obxectivos de creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais

- 61654 (10/POP-007418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia



- 61655 (10/POP-007419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os criterios que se van a ter en conta para escoller os concellos en que se van situar as Casas do Maior

- 61656 (10/POP-007420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os requisitos profesionais que se van esixir ás persoas que vaian atender ás persoas maiores nas Casas do Maior

- 61661 (10/POP-007421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar

Sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais

- 61677 (10/POP-007422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o peche de camas hospitalarias durante os meses de verán

- 61679 (10/POP-007423)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 8 máis

Sobre o resultado do estudo feito pola Xunta de Galicia ao respecto para reducir o risco de inundacións na Xunqueira, Viveiro

- 61658 (10/POP-007424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre se a eliminación da área sanitaria de Valdeorras contribuíu a mellorar a calidade da asistencia sanitaria que se presta no Hospital Comarcal de Valdeorras

- 61703 (10/POP-007425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as accións que se deben desenvolver para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

- 61719 (10/POP-007426)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación do centro de saúde de Valeixe

- 61720 (10/POP-007427)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda



Solla Fernández, Eva
Sobre a situación dos servizos de urxencias

- 61721 (10/POP-007428)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre cando está previsto a presentación do Proxecto de lei que regula os xogos e apostas en Galicia

- 61722 (10/POP-007429)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre as modificacións que se prevé incorporar no anteproxecto de lei de regulación dos xogos e apostas en Galicia

- 61723 (10/POP-007430)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre se se está a garantir na actualidade unha protección da saúde en relación ao xogo e apostas

- 61724 (10/POP-007431)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre medidas tomadas na prevención da ludomanía

- 61727 (10/POP-007432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns e criterios que levaron a Dirección Xeral de Gandararía, Agricultura e Industrias Alimentarias a mudar a postura de desfavorable a favorable no relativo aos proxectos de extracción de seixo en Xanceda, Mesía

- 61734 (10/POP-007433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a erradicación do emprego de herbicidas químicos na eliminación de herbas e arbustos na rede viaria galega

- 61740 (10/POP-007434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018

- 61749 (10/POP-007437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Vigo

- 61750 (10/POP-007438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Santiago

- 61751 (10/POP-007439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Ferrol

- 61752 (10/POP-007440)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Pontevedra

- 61753 (10/POP-007441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a construción da residencia de maiores de Lugo

- 61754 (10/POP-007442)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis
Sobre a construción da residencia de maiores da Coruña

- 61755 (10/POP-007443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o motivo polo cal non se ten executado o Plan sectorial de aparcamentos disuasorios en Ourense

- 61756 (10/POP-007444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia de declarar a Festa da Vendima de Leiro como de interese turístico

- 61757 (10/POP-007445)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre os atrasos nos pagamentos dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais de Verín e de Valdeorras



- 61758 (10/POP-007446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a realización de inspeccións sobre o funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense

- 61759 (10/POP-007447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de prazas en escolas infantís públicas

- 61760 (10/POP-007448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración das políticas de atención dos maiores

- 61761 (10/POP-007449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o risco de vulnerabilidade social e de pobreza ou exclusión da poboación galega

- 61762 (10/POP-007450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o grao de cumprimento da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

- 61763 (10/POP-007451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o comezo das obras de reforma do materno-infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 61764 (10/POP-007452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a atención ás persoas sen fogar en Galicia

- 61765 (10/POP-007453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre medidas adoptadas polo Goberno galego durante a X lexislatura para visibilizar as persoas maiores LGTBI

- 61770 (10/POP-007454)

Grupo Parlamentario Mixto



Vázquez Verao, Paula

Sobre o cumprimento de prazos en canto a valoración e asignación do Programa Individual de Atención (PIA) do Sistema de Atención á Dependencia

- 61773 (10/POP-007455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os obxectivos acadados coas subvencións destinadas a crear ou mellorar as infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos de prestación municipal

- 61778 (10/POP-007456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a construción dun novo centro de saúde na Rúa

- 61779 (10/POP-007457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a integración dos profesionais de Educación Social na Administración pública galega

- 61780 (10/POP-007458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema VioXén

- 61781 (10/POP-007459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as garantías de seguridade viaria que ofrece o proxecto de construción da senda na OU-402 en Reza, Ourense

- 61782 (10/POP-007460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o comezo das obras no parque acuático do Pereiro de Aguiar

- 61783 (10/POP-007461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información de que dispón o Goberno galego a respecto das reaccións en bebés ao consumir o menú infantil nalgúns centros da rede Galiña Azul

- 61786 (10/POP-007462)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé



Sobre o pagamento das cantidades que se lle deben ao Consorcio da Promoción da Música desde o ano 2011

- 61788 (10/POP-007463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as consecuencias da eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal

- 61795 (10/POP-007464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a contratación de orientadores laborais

- 61812 (10/POP-007465)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre a situación da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952

- 61820 (10/POP-007466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que cómpre tomar ante a situación da empresa Isidro 1952

- 61824 (10/POP-007467)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre a política de mobilidade que vai presentar a Xunta de Galicia ao novo Goberno estatal

- 61831 (10/POP-007468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia para garantir que a xestión do futuro Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense será pública e directa

- 61832 (10/POP-007469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación da poboación de cervos en zonas como Monfero, Aranga e Irixoa, así como de indemnizacións polos danos que ocasionan

- 61833 (10/POP-007470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a cuestión de Agroseguro



- 61838 (10/POP-007471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o cobramento de honorarios de investigadores públicos pagados por farmacéuticas

- 61839 (10/POP-007472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galicia ata o final da lexislatura

- 61842 (10/POP-007473)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións desenvolvidas dende a Dirección Xeral de Patrimonio a respecto da situación da adega Casal de Armán

- 61843 (10/POP-007474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no Sergas

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 61488 (10/PUP-000289)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas de vilixancia e inspección que vai tomar a Xunta de Galicia con respecto ás empresas concesionarias do transporte público de Galicia

- 61906 (10/PUP-000290)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre a autorización da batida de raposo na zona de Triacastela

- 61932 (10/PUP-000291)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sustentable de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal

- 61953 (10/PUP-000292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos 225 postos de traballo e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952

- 61955 (10/PUP-000293)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da rectificación do actual proxecto de construción dunha estación intermodal en Ourense e a recuperación do inicialmente previsto

- 61959 (10/PUP-000294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das incidencias producidas no servizo público de transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos tras as vacacións do Nadal

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 61986 (10/POPX-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia

- 61988 (10/POPX-000185)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín

- 61991 (10/POPX-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación da empresa industrial Noa Madera.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación delicada que atravesada a empresa Noa Madera e das protestas que está a levar a cabo os seus traballadores e traballadoras. Unha situación diante da que o goberno galego debe implicarse.

Cómpre recordar que a industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Xa no ano 2018, diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos co Comité de Empresa e rexistrou iniciativas ao respecto. Porén, nese momento a situación foi reconducida grazas ao tesón dos traballadores e traballadoras.

Porén, recentemente, esta empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade daba traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias, atópase





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmersa nun claro proceso de deslocalización progresiva e de baleirado do seu cadro de persoal. Desde meses estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada da política laboral aplicada por Malasa. Por estes motivos, o pasado 19 de decembro o 100% do persoal de Noa secundaba a folga en defensa dos empregos e das condicións laborais con concentracións nas oficinas de Malasa en Cerceda e na sede de Inditex en Arteixo, xa que este é un dos principais clientes.

As e os traballadores denuncian que desde que Malasa adquiriu a empresa comezaron unha clara estratexia de empeoramento das condicións laborais para precarizalas e equiparalas ás que aplica no resto das súas empresas. Entre outros feitos, houbo perda de empregos a través do desmantelamento da Oficina Técnica e o traslado unilateral e sen negociación de máis de 40 persoas ás instalacións de Cerceda, traslados forzosos que en moitos casos levaron ou van levar a moitas persoas a ter que renunciar a eses traballos.

A representación do Comité de Empresa ten explicado que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a Inditex- o pasado mes de agosto de 2018, que iniciou un empeoramento das condicións que non se explica nin por problemas de solvencia, nin problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores ao tempo que se expande, por exemplo cunha factoría en México que empregará a máis de 300 persoas..

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar o goberno galego para evitar despedimentos e precarización na empresa Noa Madera?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:52:57

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:53:08

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:53:15

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:59:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:59:18

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:59:27



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, María Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A política de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia bandea entre os anuncios de bos propósitos, que nunca chegan a materializarse, e a execución concreta de recortes e peches que minguan a calidade de vida dos veciños e das veciñas destas zonas.

A finais do mes de novembro de 2019 asistimos ao anuncio de peche do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín, un peche fundamentado pola Consellería de Sanidade na perda de poboación e o descenso de nacementos. Este Grupo Parlamentario xa fixo notar, nunha pregunta urxente realizada nesta Cámara, que esta política encaracolada levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural.

A medida adoptada, por desgraza, é coherente coa liña de perda de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta, especialmente no eido sanitario. Os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal de centro de referencia perden a devandita condición.

Dun xeito ilóxico, a Xunta desenvolve campañas e declaracións a prol da loita contra o despoboamento, ao mesmo tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios, no que se esquece do noso modelo de dispersión poboacional, co que está a sobrecargar os grandes hospitais e a converter o rural en lugares desertos de poboación e ermos en servizos.

Este modelo é contemplado con preocupación desde a provincia de Lugo, na que o rural ten un peso determinante, xa que contribúe a acelerar as desigualdades reais entre a cidadanía. Un entorno sen escolas infantís, centros educativos, sen servizos médicos, sen internet ... é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir.



É ademais un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, ás que se lles quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Entre o momento dos primeiros síntomas de parto e o ingreso definitivo poden pasar varios días. A Xunta pretende converter a última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital afastado. Co impacto emocional, a molestia para a familia e o risco engadido para a saúde que estes desprazamentos implican.

Dun xeito concreto, entendemos que este tipo de política supón unha ameaza para os hospitais comarcais, en concreto o de Monforte, que en 2018 rexistrou 318 nacementos, e o de Burela 350 bebés nados nese mesmo ano. No canto de gabarse por estes nacementos, a política da Xunta vennos a dicir que esta cifra é insuficiente e que os paridoiros de Monforte e Burela poderían seguir, xa que logo, o mesmo futuro que o de Verín.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre amosamos o noso rexeitamento ás políticas de desmantelamento da sanidade pública que vén desenvolvendo o Goberno galego. Medidas que afectan dun xeito especial ás mulleres e ás zonas rurais.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego estender a decisión de recortar os servizos de paridoiros noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente nos de Monforte e Burela?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/01/2020 14:06:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 09/01/2020 14:06:49

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 14:07:05





Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 14:07:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/01/2020 14:07:35



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que a creación de emprego e a consolidación do crecemento económico seguen a ser os principais obxectivos desta lexislatura, logo dos difíciles anos de recesión.

Dentro desta preocupación xenérica, consideramos que as administracións deben estar especialmente vixiantes e apoiar a contratación en colectivos sensibles como os parados de longa duración, a xente nova ou as mulleres, que maioritariamente teñen barreiras de entrada ao mercado laboral máis acusadas.

Por iso, debemos estar pendentes da evolución das taxas de desemprego, ocupación e afiliacións á Seguridade Social. Sen dúbida, debemos celebrar que Galicia encadee xa moitos trimestres de evolución favorable dos datos de emprego, pero tamén ser conscientes das particularidades do mercado laboral galego e as carencias que presente, para que as actuacións do Goberno sexan o máis axeitadas posible ás necesidades dos cidadáns.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última Enquisa de Poboación Activa?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:00:37

Sandra Vázquez Dominguez na data 09/01/2020 14:01:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 14:01:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 14:01:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 14:02:00

Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 14:02:20

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 14:02:35

María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 14:02:48

Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 14:02:57



Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai uns meses, coñecemos a existencia da chamada Business Factory Auto (BFA), a aceleradora de proxectos innovadores da automoción de Galicia, operativa ao 100% no Parque Empresarial de Porto do Molle (Nigrán).

Unha aceleradora de empresas debería contribuír a aspectos de mellora da competitividade do sector como instrumento de desenvolvemento da innovación e da creación de novo valor para as empresas. Entendemos que a BFA trata de poñer en marcha procedementos que transformen ideas en proxectos empresariais de éxito. Así sumaríase a outras iniciativas como a unidade mixta de innovación de PSA co CTAG (con proxectos como o Mobile Lab) ou a adaptación á fábrica 4.0, iniciativas que, xunto cos lanzamentos dos novos vehículos, sumarán unha elevada inversión ata o 2020.

Sabemos que os obxectivos dunha aceleradora de empresas son os de consolidar a actividade do sector no territorio e polo tanto reter e atraer talento.

Dada a importancia do sector da automoción en Galicia, un sector que supón o 32% da facturación industrial de toda a Comunidade Autónoma, gustaríanos coñecer en profundidade algúns asuntos referentes á BFA.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que iniciativas se pretenden desenvolver na chamada Business Factory Auto (BFA) de proxectos innovadores da automoción de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:06:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:06:14

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:06:26

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:06:40

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:06:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:07:10

Sandra Vázquez Dominguez na data 09/01/2020 14:07:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No programa có que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega no ano 2016 recollíase o seguinte compromiso expreso: “Asesoraremos ás pequenas empresas para implantar nelas unha dinámica e cultura orientada á innovación. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) desenvolverá un programa orientado ás empresas pequenas que actualmente non acceden ás súas axudas, para estimular que incorporen a innovación ao seu modelo de negocio”.

En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia. En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

A través desta convocatoria do programa Innova Peme tense previsto impulsar a mobilización de máis de 5 millóns de euros en actividades cuxo obxectivo sexa desenvolver ou fortalecer as capacidades de innovación das empresas galegas cun menor tamaño. Súmase, deste xeito, ao case medio centenar de pequenas e medianas empresas apoiadas pola Xunta na anterior convocatoria, que permitiu mobilizar



investimentos por un valor de 9,5 millóns de euros e a creación ou estabilización de máis de 260 postos de traballo.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o programa Innova Peme?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2020 14:10:30

Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:10:49

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:11:00

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:11:14

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:12:23

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:12:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:13:02



A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector artesanal galego está medrando día a día en importancia, non só desde un punto de vista cultural e tradicional, senón tamén económico. Hoxe traballan máis de 5.000 persoas, vinculadas tanto a obradoiros, como a tendas físicas e tendas en liña, destacando o feito de que hai máis de 635 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. O sector artesanal galego está medrando día a día en importancia, non só desde un punto de vista cultural e tradicional, senón tamén económico. Hoxe traballan máis de 5.000 persoas, vinculadas tanto a obradoiros, como a tendas físicas e tendas en liña, destacando o feito de que hai máis de 635 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a artesanía é unha actividade con presente e con futuro, que contribúe a difundir a imaxe de Galicia Calidade en todo o mundo. Ademais está moi vencellada á creación de emprego e oportunidades de riqueza no conxunto do noso territorio, contando cunha especial presenza no rural. Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a artesanía é unha actividade con presente e con futuro, que contribúe a difundir a imaxe de Galicia Calidade en todo o mundo. Ademais está moi vencellada á creación de emprego e oportunidades de riqueza no conxunto do noso territorio, contando cunha especial presenza no rural.

Por iso, consideramos fundamental o apoio e promoción do sector artesán galego que a Xunta está a desenvolver, con iniciativas como a organización da terceira edición da tenda pop up *Galicia Sabores e Sabores* en Madrid, a XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas ou a mostra de exaltación da artesanía galega que se chama 'Pensar coas mans' na Cidade da Cultura, que tiveron lugar no mes de abril.

Para coñecer a repercusión desta e outras actuación, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:
Cal está a ser a participación e o impacto das iniciativas de Artesanía de Galicia na posta en valor e proxección internacional do sector artesanal galego?



Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:16:18

Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:16:45

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:16:56

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:17:13

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:17:24

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2020 14:17:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:17:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

O 27 do marzo pasado asistimos a un episodio máis de lume no noso territorio en tempo non habitual. E sen embargo a sequidade xeral, a ausencia de chuvias, as altas temperaturas e un vento sostido superior a 40km/hora con rachas de ata 70 acompañaron a outras causas sen aclarar definitivamente para que arredor de 1.150Has de arborado (900) e monte raso o resto ardesen hai escasos tres días.

Todo apunta a que a faísca ocasionante da traxedia, (cando arde territorio sempre é unha traxedia común), debeuse a unha liña eléctrica que prendeu nos restos secos da xestión da faixa de seguridade da mesma.

As declaracións do presidente do goberno da Xunta de Galicia falan de que se isto se determina oficialmente certo pasaríase a minuta da extinción á empresa responsable.

¿Soamente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Quen se vai facer cargo da reparación dos danos ocasionados polo lume de 27 de marzo pasado en Dodro-Rianxo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2020 09:54:30

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2020 09:54:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2020 09:54:45

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2020 09:54:53

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2020 09:55:01

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2020 09:55:09





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as demandas dun convenio colectivo digno para @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza.

Os institutos de investigación biomédica de Galiza son estruturas organizativas de promoción e desenvolvemento da investigación nos hospitais. Constitúsen como espazos multidisciplinares, co obxectivo de promover a investigación translacional e a innovación, para así garantir a aplicación efectiva dos resultados para beneficio das/os cidadáns.

O valor do seu traballo, a través da aplicación clínica, aporta importantes beneficios sobre a saúde das persoas.

@s presidentes/a dos comités de empresa das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS reuníronse cos diferentes grupos parlamentares para expoñernos a situación laboral que padece o persoal e en demanda de apoio para que a consellaría de Sanidade acepte negociar un convenio colectivo digno.

Trasládannos que este convenio atinxe a máis de 500 traballadores/as que a día de hoxe non teñen unha norma propia que regule nin as súas condicións laborais, nin as súas obrigas profesionais. Esta situación impide un correcto desenvolvemento da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carreira investigadora en Galiza e dignificar as condicións laborais actuais e pon en perigo a captación do talento que non se retén pola falta de interese da consellaría de Sanidade.

@s representantes do persoal das fundacións denuncian ademais que mentres a consellaría se gaba do alto valor da investigación científica en Galiza e dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina e a súa aplicación clínica para a saúde da poboación, condena @s profesionais a unhas condicións de inestabilidade e precariedade, en xeral.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Pleno:

Considera o Goberno galego que @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza teñen unha condicións laborais dignas acordes á función que realizan?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 12:39:54

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 12:40:02

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 12:40:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 12:40:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 12:40:20

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 12:40:28



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Os camiños a Santiago de Compostela son un sinal de identidade de Galicia, ademais de ser un símbolo relixioso, de solidariedade e de europeísmo, por iso a Xunta de Galicia ten unha serie de programas e actividades encamiñadas á súa atención e desenvolvemento sostible.

Entre eles destaca a atención dos camiños e peregrinos por parte dos voluntarios de protección civil. As Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, sitas nos camiños a Santiago, adícanse dende hai anos á atencións aos peregrinos, albergues, concentración de persoas, etc.

Foi no ano 2016 cando se asinou un convenio de colaboración coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Francés, a través do cal se lle asignaba unha axuda económica para os gastos de funcionamento e atención aos peregrinos. O convenio volveuse a asinar no 2018 e neste ano 2019 ampliouse ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Portugués.

Estas actividades de atención levadas a cabo por las Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil deron bos resultados, e así o poñen de manifesto tanto os peregrinos coma as entidades locais ás que pertencen as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Ademais, tense demostrado que as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil xogan un papel fundamental na consolidación dunha imaxe segura dos camiños de Santiago. Polo tanto, é importante continuar traballando e ampliar os convenios aos demais camiños.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en pleno:

-Vai a continuar o Goberno galego apoiando dalgún xeito esta labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:26:13

Maria Antón Vilasánchez na data 10/01/2020 11:26:30

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:26:44

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:27:04

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:27:17

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 11:27:36

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:27:52

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2020 11:28:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual pretende establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

No seu título III, dedicado á formación profesional dual do sistema educativo, establece que o obxecto é establecer o marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, coa co-participación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe e cunhas claras finalidades; incrementar o número de persoas que poidan obter un título de ensino secundario postobligatorio a través das ensinanzas de formación profesional, conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán, facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas, incrementar a vinculación e corresponsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional, potenciar a relación do profesorado de formación profesional coas empresas do sector e favorecer a transferencia de coñecementos e, finalmente, obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan a toma de decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

A demanda de persoal cualificado nas empresas do sector da minería fai necesario dun ciclo formativo de grao medio de FP Dual de Escavacións e Sondaxes (sería o primeiro en Galicia), un ciclo no que o alumnado se formará en estudos para facer escavacións para a extracción de recursos minerais ou para a construción de obras subterráneas e ao descuberto, perforar para facer sondaxes de prospección mineira e de investigación xeotécnica, montando e mantendo as instalacións e a maquinaria, e aplicando a lexislación de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.



Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar no curso 2020-2021 un ciclo de FP Dual sobre Escavacións e Sondaxes no IES Plurilingüe Castro da Uz, no concello das Pontes?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 11:59:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 11:59:43

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2020 11:59:55



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade da restitución inmediata do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo constancia dun novo agravio do goberno de Núñez Feijóo contra o sistema público de atención á saúde, neste caso unha situación que afecta ao Centro de Saúde de Celanova e, por extensión, a poboacións do arredor.

Nestes momentos non está operativo o servizo de Radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova debido presuntamente a unha avaría que xa dura tres meses.

Esta situación trae consigo unha serie de problemas para a cidadanía que deben ser solucionados canto antes:

1. Deixa sen cobertura a unha área xeográfica moi extensa que abrangue os concellos de Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedeva, Lobios, Cartelle e Celanova.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. As pacientes destes concellos teñen que realizar un desprazamento innecesario a Ourense, que nalgúns casos é moi custoso pola distancia (ata 80Km); en tempo e economicamente.

3. Soportan un gran prexuízo pola demora nos diagnósticos, que incluso pode provocar un retraso no tratamento da doenza. O persoal médico solicitante non pode ver a radiografía en presenza da paciente no mesmo día que a solicita.

4. As habitantes destes concellos prodúceselles un agravio comparativo que non gozan, en igualdade, da carteira de servizos do SERGAS.

Esta situación constitúe unha discriminación da veciñanza das Terras de Celanova por razón do lugar no que viven e supón un novo deterioro na atención sanitaria nas vilas que non se pode consentir e que vai en consonancia tamén coa desidia que o propio goberno da Xunta de Galiza mantén respecto das melloras deste tipo de servizos e da atracción de persoal profesional da especialidade de radioloxía.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como xustifica o goberno galego o abandono do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2020 13:51:44

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2020 13:51:53

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2020 13:52:00

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2020 13:52:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2020 13:52:14

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2020 13:52:23



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porrirt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indicase os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración hidráulica de Galicia.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:



Cales foron os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos nesta X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:39:05

María Teresa Porrirt Lueiro na data 10/01/2020 13:39:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2020 13:39:32

María Luisa Pierres López na data 10/01/2020 13:39:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Teresa Porritt Lueiro, José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos nesta X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:46:55

María Teresa Porritt Lueiro na data 10/01/2020 13:47:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 13:47:53



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira e Beatriz Mato Otero deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno da Xunta vén mantendo nos últimos anos un compromiso firme cos galegos da diáspora, tanto para garantir o seu benestar no exterior como para favorecer e facilitar o seu retorno a Galicia. Para afondar nesa liña, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Mostra disto é a Estratexia Emigración 2020 e a Estratexia Retorna 2020, ambas aprobadas no 2018. No caso da Estratexia Retorna 2020, a Xunta estableceu como obxectivo prioritario o regreso de máis de 20.000 galegos da diáspora, dos cales 12.000 terán menos de 45 anos, garantindo así os seus dereitos de retorno. Este documento contempla numerosas actuacións dirixidas a garantir “o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”, un principio reitor recollido no artigo 4.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha estratexia dotada de 15 millóns de euros para medidas específicas e 220 millóns de euros para accións transversais que abarca dende o asesoramento e seguimento dos galegos da diáspora en todas as fases do retorno, ata medidas de protección social e de integración no mercado laboral, o emprendemento, a innovación, a vivenda ou a formación.

Precisamente no eido da educación, a formación e a captación de talento do exterior, a Secretaría Xeral de Emigración leva anos convocando as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), das que se benefician os mellores expedientes académicos da diáspora galega, que obteñen unha axuda económica para cursar un mestrado nunha das tres universidades públicas da nosa Comunidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estas bolsas de estudos incentivan o retorno de galegos residentes do exterior con currículos excelentes, contribuindo a que Galicia se converta nun lugar onde estudar e continuar a carreira profesional como destino laboral de calidade.



Do mesmo xeito, estas bolsas favorecen a fixación de poboación nova na Galicia territorial, abrindo aos estudantes do mestrado a novas oportunidades de emprego e de emprendemento.

É neste eido no que se enmarcan as Axudas ao Retornado Emprendedor, tamén integradas na Estratexia Retorna 2020 e que pretenden promover o autoemprego dos emigrantes que volven a Galicia, favorecendo o seu asentamento laboral na nosa comunidade, apoiando a súa creatividade e talento e a iniciativa empresarial.

Tamén nesta Estratexia se recollen mecanismos para a orientación e seguimento das persoas que volven á nosa comunidade para lograr a súa integración plena na sociedade galega.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Que valoración fai o Goberno galego das accións específicas enmarcadas na Estratexia Retorna 2020 que van dirixidas a apoiar a mocidade en todas as áreas do retorno, dende o emprendemento ata a súa orientación no proceso de integración na sociedade galega?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 14:22:52

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 14:23:13

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 14:23:31

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 14:23:39

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 14:24:00

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 14:24:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 14:24:50

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 14:25:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Vivimos nunha situación de Emerxencia Climática, o maior desafío da nosa época que precisa dun novo *modus vivendi*. Cómpre aproveitar ese desafío da loita contra a crise climática para actualizar paradigmas políticos de éxito e axeitalos á nova realidade mundial. Cómpre un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade; a definición dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave ademais do enerxético, tales como o agro, a industria, o turismo e tamén os residuos.

En materia de residuos municipais, a normativa da UE camiña a que, no ano 2025, sexa reciclado o 55 % dos residuos, chegando ao 60 % en 2030 e ao 65 % en 2035. Ademais, hai obxectivos separados para materiais de envases, como o papel e cartón, plásticos, vidro e madeira, que terán que ser reciclados nun 65 % en 2025 e nun 70 % en 2030. Por outra parte, para 2030 ningún residuo reciclable será aceptado en vertedoiro.

Segundo os últimos datos do INE correspondentes ao ano 2017, en Galicia só se recolle de forma separada o 15 % dos residuos municipais, unha porcentaxe case catro puntos por debaixo da media española (19 %). A nosa Comunidade fica moito máis atrás que outros territorios, como Euskadi e Navarra (preto do 40 % de recollida separada), Cataluña (34 %) e mesmo Asturias (26 %) ou Baleares (21 %). A maiores, as cifras galegas de recollida separada mantéñense practicamente estancadas dende hai anos, mesmo cunha tendencia a descender (de 15,79 % en 2010 a 15,04 % en 2017), ademais de que, no que se refire aos residuos mesturados, o indicador de Galicia é aínda máis negativo, sumando só 40 quilos menos que a media española cando xeramos menos quilos por habitante.

Por se eses datos non fosen suficientes, a memoria de actividade de Sogama, SA correspondente ao ano 2018 amosa que a planta tratou un total de 804.262 toneladas de residuos, das que case o 73,90 % (594.394) foron, como di a empresa, “valorizadas enerxeticamente”, é dicir, incineradas para a produción de



enerxía eléctrica. Segundo indica a mesma memoria, a porcentaxe de residuos recuperados ronda o 5 % (envases, férricos, aluminio, vidro, brick, PEAD, papel e cartón, film e plásticos). O que significa que unhas 186.000 toneladas foron vertidas en 2018 no vertedoiro de Areosa (un 22 % do total).

En decembro, o Consello da Xunta de Galicia acordaba autorizar -por 4 anos e 9 meses de prórroga excepcional- a licitación por 41 millóns de euros da xestión integral do vertedoiro, tendo como fins a xestión dos residuos, o mantemento posclausura, a execución das obras de selaxe definitiva dos distintos vasos do vertedoiro e unha cláusula de modificación, por se fose necesaria a execución dun novo vaso. O Goberno galego prometía ese día que, neste ano 2020, acadaremos a vertedura técnica cero, é dicir, o 10%, cando pechamos 2018 nun 22% (só como exemplo, en 2014, Austria, Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Países Baixos e Suecia xa superaban o vertido técnico cero, por debaixo do 4 %). Mentres, o funcionamento da nova planta de compostaxe varias veces prometida na Areosa segue latente...

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o Goberno galego previsto establecer un texto legislativo que inclúa a todos os sectores clave na loita contra a crise climática?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 09:53:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 09:53:15

María Luisa Pierres López na data 13/01/2020 09:53:29



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No mes de decembro tivemos coñecemento do documento de diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta de Galicia, elaborado polo Consello de Contas. Este documento é consecuencia da solicitude feita polo propio presidente do Goberno galego ao organismo autónomo, sendo o presidente quen facía gala da implantación de medidas de transparencia (como un Código Ético).

Ocorre que o Consello de Contas indica a lentitude e/ou pouca ambición do Goberno galego e critica a non admisión de denuncias anónimas ou o descoñecemento do grao de cumprimento daquel prometido Código Ético, ademais de considerar que existen importantes limitacións a subsanar nos mecanismos de control interno da Administración autonómica nos eidos de “información e comunicación” e “supervisión de actividades”. A crítica esténdese á non admisión de que calquera coñecemento dunha presunta irregularidade poida ser denunciado de xeito anónimo, cuestión que só se contempla para as denuncias de acoso laboral: *“Na nosa opinión, inclinámonos pola admisión das denuncias anónimas, sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia de rigor por parte do denunciante”*, chega a dicir o organismo autónomo.

En relación co cumprimento do Código Ético, o Consello de Contas descoñece se se está a realizar o informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento e critica que non se estableza un procedemento para a tramitación das violacións deste código e, sobre todo, que non exista un sistema de medidas de resposta.

Por último, o ente fiscalizador sinala que hai moito camiño por recorrer na avaliación dos posibles riscos de corrupción, onde a Xunta carece dun procedemento formal para a identificación e avaliación de riscos. Igualmente, reclama avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbies*) e aumentar o tipo de información que se ofrece sobre as axendas dos



altos cargos, das que a Xunta só divulga os actos públicos pero non as reunións internas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que son suficientes as súas medidas sobre transparencia?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 10:05:50

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 10:06:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 10:06:35

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2020 10:06:45

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2020 10:07:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Centos de veciños e veciñas de Valeixe (A Cañiza) manifestáronse o pasado día 11 de xaneiro para reclamar a mellora da atención sanitaria na súa localidade, que se viu mermada pola xubilación do médico titular do centro de saúde da localidade.

Como consecuencia desta situación, máis de 700 pacientes quedaron sen atención médica no citado centro e desde o 2 de xaneiro víronse obrigados a desprazarse ao centro de saúde da Cañiza dous días por semana en horario de tarde, incrementando ao mesmo tempo a carga de traballo dos demais facultativos, que xa están saturados.

Esta solución é un parche completamente insuficiente, xa que as persoas que solicitan cita chegan a agardar 11 días para ser atendidas por un médico substituto que atende unha media de 40 pacientes nas dúas horas de consulta.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galiza cubrir a praza de médico de familia de Valeixe (A Cañiza) e como prevé facelo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2020 11:02:55

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2020 11:03:03

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2020 11:03:09

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2020 11:03:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2020 11:03:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2020 11:03:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ten recibido queixas cidadás sobre as consecuencias lesivas que ten a actual normativa estatal do IRPF respecto do tratamento que reciben aquelas persoas que circunstancialmente poidan ter unha retención ilexítima da súa remuneración e a súa posterior restitución, sufrindo un duplo dano. Primeiro, as consecuencias desa retención, segundo, o inxusto tratamento por parte do fisco unha vez esa persoa recupera dita remuneración e tributa pola mesma.

Habida conta destas situacións, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego comparte a visión de que, de acordo coa lei estatal do IRPF, calquera persoa que padeza unha retención ilexítima da súa remuneración pode sufrir un dano económico grave por parte da Administración tributaria, polo que esta norma necesita adaptarse inmediatamente aos parámetros que deben rexer unha sociedade igualitaria e xusta.

Na actualidade, segundo o artigo 14.2 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas os rendementos do traballo percibidos en períodos distintos a aqueles en que foron exixibles impútanse a estes; no entanto, os ‘percibidos por sentenza xudicial impútanse ao momento en que esta adquire firmeza’, o que pode derivar nunha tributación tan desproporcionada coma arbitraria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto o Defensor del Pueblo do Estado español coma o Consello Xeral para a Defensa do Contribuínte tense manifestado diante das queixas formuladas por persoas que se viron prexudicadas, e expresaron neste tema a súa discrepancia co criterio da Administración tributaria. Porén, este continúa sen ser modificado.

Esta situación é contraria aos principios de igualdade que deben rexer as normativas en materia económica e tributaria. A modo de exemplo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo o coñecemento dun caso no que recuperar os salarios de 14 meses íntegros supuxo que a Axencia Tributaria remitira unha ‘proposta’ de liquidación provisional, relativa ao exercicio en que se restituíron, que incrementaba a bastante máis do dobre a base imponible, co que o saldo para pagar pasaba de 40 a 7.500 € (7.460 € máis). A isto súmanse os xuros de demora e unha sanción próxima aos 2.000 € polo que a persoa afectada se viu obrigada a satisfacer un total próximo aos 10.000 €. A cota pasaba, en números redondos, de 4.600 € case a se cuadruplicar, sen contar os recargos citados.

Isto significou tamén a perda das desgravacións dos exercicios nos que os ingresos permanecían suspendidos, polo que amortizar a totalidade dunha hipoteca que tiña naquel momento esta persoa –vendera a vivenda da súa propiedade para subsistir e pagar unha débeda que non podía afrontar– non xeraba compensación ningunha na cotización.

Este exemplo é indicativo dunha tendencia preocupante, non dun caso illado, polo que as administracións galegas deben actuar e dirixirse ao goberno central para unha corrección que garanta un trato ponderado para todas as persoas que recuperan cantidades atrasadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para resolver esta situación, abonda con eliminar esa discriminación arbitraria respecto de quen recupera dereitos económicos a través dunha sentenza xudicial e quen os goza de forma ordinaria no momento que corresponde.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento o goberno galego de que a aplicación do Artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, ao estar a supoñer efectos tributarios prexudiciais para aquelas persoas que recuperan contías por sentenza xudicial?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 12:34:16

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 12:34:24

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 12:34:31

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 12:34:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 12:34:45

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 12:34:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O pasado mes de xullo de 2019 o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e, por extensión, á sociedade galega o resultado de diferentes informes. Entre eles atopábase o Informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

Este informe, tal e como sinala na súa memoria, ten por obxecto “a análise dos procesos de extinción das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza como consecuencia da reestruturación do sector público”. Neste informe sinálanse numerosas salvedades e reparos como resultado da fiscalización efectuada e dise literalmente que se puxeron “de manifesto as limitacións ao alcance do traballo e os incumprimentos da normativa aplicable ao proceso de extinción de entes dependentes da Comunidade Autónoma, durante os exercicios 2010 a 2016” sinalando defectos como que “a Xunta de Galiza non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico” ou que “As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe recolle tamén conclusións que dan por fracasadas, do punto de vista política, as afirmacións falaces dos inicios de Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza referentes a rematar con “chiringuitos” xa que evidencian, por exemplo, que o aforro foi mínimo xa que as entidades eliminadas non tiñan un gran peso económico ou que “A aposta polo modelo de Axencia, que se afasta do camiño seguido pola Administración central e por outras Comunidades Autónomas, está a ter unha eficacia limitada.”

Así mesmo, respecto do persoal, as conclusións do Consello de Contas son demoledoras xa que sinala como “en moitos casos non cumpriron os principios de igualdade, mérito e capacidade. As diferenzas son especialmente relevantes na Axencia de Turismo e xeran desigualdades retributivas significativas non xustificadas nos postos de traballo e impide a consecución dunha xestión do persoal xusta e eficiente.”

Finalmente, entre as cuestións máis relevantes do informe podemos sinalar que certifica a falta de transparencia do goberno da Xunta de Galiza, xa que se fai eco o Consello de Contas dunha situación que ten denunciado a oposición reiteradamente “Os plans de racionalización aprobados pola Xunta non foron obxecto de publicación. Tampouco se publicaron os informes nos que se avalía o seu grao de realización (informes de seguimento) ata que, en virtude das recomendacións formuladas polo Consello de Contas, a Xunta de Galicia publicou en 2018 no seu portal de transparencia un informe resumo dos procesos de reordenación ”

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego que o seu mantra de “acabar con chiringuitos” estea botado por terra unha década despois de facerse presidente da Xunta de Galiza Núñez Feijóo?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 12:04:18

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 12:04:25

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 12:04:31

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 12:04:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 12:04:51

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 12:05:00



Á Mesa do Parlamento

Raque Arias Rodríguez, Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Beatriz Mato Otero, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia dotouse no 2018 da Estratexia Retorna 2020, un documento ambicioso que recolle as principais liñas de actuación á hora de favorecer o regreso dos emigrantes galegos. Unha estratexia transversal que aborda o apoio aos retornados dende unha perspectiva global para prestar unha atención completa aos galegos que deciden volver a Galicia e que contempla medidas específicas, dende a información e o asesoramento ata axudas económicas e para a captación do talento.

Deste xeito, a Xunta non só pretende atraer aos galegos do exterior á súa terra de nacemento ou a dos seus pais e avós, senón tamén apoialos e acompañalos durante todo o proceso de retorno ata a súa plena integración na sociedade e garantindo o seu benestar. Para iso, ademais doutras medidas no eido laboral ou educativo, a Secretaría Xeral de Emigración ten habilitada unha liña de axudas asistenciais extraordinarias para os emigrantes galegos retornados e os seus fillos, coa que pretende apoialos á hora de facer fronte aos gastos derivados da súa volta a Galicia.

Unha medida para a que a Xunta ten ampliado a súa dotación económica co obxectivo de atender as necesidades de todos os demandantes que as precisan, tendo en conta ademais que o número de galegos que volven a Galicia leva cinco anos incrementándose de forma continuada. A convocatoria, ademais, foise mellorando paulatinamente para prestar unha maior asistencia ás familias que regresan con fillos menores de idade, con condicións aínda máis favorables no caso de que o retorno se realice a concellos do rural, priorizando o asentamento de poboación nas zonas menos habitadas.

Atendendo a todo o exposto anteriormente, e resaltando a importancia do retorno como oportunidade de xustiza para os galegos da diáspora e tamén o seu papel como dinamizador da poboación de Galicia, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Pleno**:

- Cal é a valoración da Xunta de Galicia sobre as axudas extraordinarias aos emigrantes retornados e que previsións manexan para os vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Raque Arias Rodríguez na data 13/01/2020 12:00:20

Paula Prado Del Río na data 13/01/2020 12:00:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 13/01/2020 12:17:45
Nº Rexistro: 61382
Data envío: 13/01/2020 12:17:45.806

Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 12:01:24

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/01/2020 12:01:35

María Isabel Novo Fariña na data 13/01/2020 12:01:54

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2020 12:02:04

José Manuel Rey Varela na data 13/01/2020 12:02:19

Beatriz Mato Otero na data 13/01/2020 12:02:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Beatriz Mato Otero deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na última década, máis de 40.000 emigrantes galegos volveron do estranxeiro e nos últimos cinco anos as cifras de retorno veñen experimentaron un incremento sostido. Do mesmo xeito, no 2018 o saldo migratorio volveu rexistrar datos en positivo, xa que entraron a Galicia 13.136 persoas máis das que saíron.

A Xunta de Galicia, a través da Estratexia Retorna 2020 e outras medidas postas en marcha con anterioridade, mantén unha actitude activa, comprometida e baseada no apoio, acompañamento e seguimento aos galegos que deciden volver a súa comunidade de nacemento ou a dos seus pais ou avós.

O obxectivo fundamental do Goberno galego é favorecer o seu regreso garantindo as mellores condicións para os retornados en todos os eidos, dende o económico e o laboral ata o social e o cultural, para acadar a súa plena integración e a das súas familias.

Así, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Nesa liña se enmarcan as Axudas ao Retornado Emprendedor, coas que a Secretaría Xeral de Emigración pretenden promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas do exterior.

As Axudas ao Retornado Emprendedor intégranse na Estratexia Retorna 2020 e constitúen un dos múltiples programas postos en marcha nos últimos anos para, en conxunto, facilitar o inicio dunha nova vida en Galicia. Medidas entre as que tamén se atopan as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior, para que os mellores expedientes da diáspora cursen un mestrado nas universidades públicas galegas; as bolsas á Formación Profesional ou o apoio económico aos emigrantes retornados con especiais dificultades ou sen recursos, aos que a Xunta concede axudas para facer fronte aos gastos derivados do seu regreso, especialmente as familias con menores a cargo.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2020 12:46:03
Nº Rexistro: 61386
Data envío: 13/01/2020 12:46:03.551

-Que balance fai a Xunta de Galicia das Axudas ao Retornado Emprendedor e o seu impacto na sociedade galega?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/01/2020 12:42:01

Paula Prado Del Río na data 13/01/2020 12:42:23

Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 12:43:02

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/01/2020 12:43:15

María Isabel Novo Fariña na data 13/01/2020 12:43:27

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2020 12:43:55

Beatriz Mato Otero na data 13/01/2020 12:44:08

José Manuel Rey Varela na data 13/01/2020 12:44:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela; Beatriz Mato Otero, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de Igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

Así o recolle a Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, que destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos con fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alícuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado. O que é o mesmo, un reparto equitativo das tarefas reprodutivas que permitan avanzar por igual nas produtivas.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribúen a avanzar neste eido, é necesario seguir afondando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Por todo anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en **Pleno**:



-Cales son as medidas que están a desenvolver desde o Goberno da Xunta de Galicia no ámbito da conciliación e corresponsabilidade e en que ámbitos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 13/01/2020 12:28:20

Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 12:28:37

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/01/2020 12:28:51

María Isabel Novo Fariña na data 13/01/2020 12:29:01

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2020 12:29:28

José Manuel Rey Varela na data 13/01/2020 12:30:33

Beatriz Mato Otero na data 13/01/2020 12:30:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A subida do prezo dos alugueiros que se produciu nos últimos anos non foi ligada a unha mellora do nivel adquisitivo da cidadanía, o que está provocando que cada vez máis persoas atopen dificultades para acceder a unha vivenda digna.

O Goberno galego non adoptou as medidas pertinentes para solucionar esta situación, a pesares de ter moitas opcións, como a de crear un parque público de vivenda, ou a de mobilizar as 300.000 vivendas baleiras que, a día de hoxe, hai espalladas pola xeografía galega. É preciso, por tanto, que se tomen medidas en xeral para garantir o acceso a vivenda, regulando os prezos dos alugueiros, e que ademais, se tomen medidas para solucionar a situación na que se atopan algúns colectivos específicos, que teñen máis dificultades, como son, as mulleres que viviron violencias machistas.

As actuais axudas para o acceso a un alugueiro poden deixar fóra a moitas de estas mulleres. Son complicados de cumprir en moitos casos os requisitos para acceder a ser persoa beneficiaria deixando pouca marxe de flexibilidade por exemplo os requisitos como *“que o documento acreditativo da situación de violencia fose emitido dentro dos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude”*.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Pero son os requisitos que se esixen ás rendas ou mesmo ao estado da vivenda os mais afastados da realidade.

Atopar unha vivenda dun máximo de renda de 450€ nas cidades galegas, que ademais dispoña das condicións esixibles de accesibilidade, por parte dunha muller que non dispón dos recursos suficientes para cumprir con requisitos esixibles por parte de arrendatarios ou arrendatarias en canto a pago de fianzas elevados, estabilidade laboral, ou avales, resulta moi complicado.

Polo tanto, é necesario mudar estas axudas para que se adecúen a realidade existente e para que sexan verdadeiramente útiles.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta:

1. Que valoración fai o Goberno Galego das actuais axudas ao alugueiro ás que poden acceder as mulleres vítimas de violencias machistas?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Paula Quinteiro Araújo na data 13/01/2020 13:04:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga y Julia Torregrosa Sañudo, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O uso da linguaxe inclusiva, non sexista, é unha necesidade cara a erradicación da violencia simbólica que se exerce contra as mulleres cando non se nomean, ou cando se usa unha linguaxe excluín-te.

A linguaxe sexista e a aparición de estereotipos á hora de falar de mulleres e de temas relacionados con estas, moitas veces de forma involuntaria, pola falta de coñecementos e o arraigamento de prexuizos, debe ser vista como violencia simbólica contra as mulleres. Só un esforzo colectivo de todos e todas pode mudar a situación actual.

Debemos dar máis pasos no referente á linguaxe nos textos oficiais e nos textos lexislativos. As institucións deben comunicarse coa cidadanía facéndolle ver que todas forman parte, non só todos. Toda comunicación pública debe incorporar o feminino e o neutro, e non o masculino usado como tal, porque non o é.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Desde logo incorporar melloras na comunicación inclusiva debe ter unha incidencia moi especial nos medios de comunicación e na relación da administración con eles, polo que é especialmente importante regular isto e facer seguimento real nos medios de comunicación, especialmente na CRTVG.

Comunicarse de forma inclusiva abrangue ademais usar iconografía axeitada, medir a presenza equilibrada en toda comunicación pública como institución.

A vontade demóstrase con feitos, corrixir os textos legais, producir comunicación pública inclusiva, falar de xeito inclusivo etc, pero sobre todo facer seguimento e marcar obxectivos reais.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta:

1.- Que prazos se marca o goberno para facer a modificación dos textos oficiais?
Está planificada esta medida?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Carmen Santos Queiruga.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Julia Torregrosa Sañudo.

Deputadas do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/01/2020 12:43:17

Carmen Santos Queiruga na data 13/01/2020 12:43:33

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/01/2020 12:43:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación dos COF da Coruña é preocupante.

O COF Ventorrillo atópase sen profesional de xinecoloxía desde que se xubilou o anterior en xaneiro do 2013 e tamén sen auxiliar de clínica desde a mesma data. Isto tradúcese en que cando unha muller á que lle corresponde ir ao outro centro necesita unha consulta xinecolóxica para instauración de método anticonceptivo, por complicacións ou efectos secundarios do método, para realizar un aborto farmacolóxico ou para unha revisión despois dunha interrupción voluntaria do embarazo, do COF do Ventorrillo derívana ao de Orillamar.

Por outra banda no COF de Orillamar desde que se xubilou o xinecólogo, e director do centro, en marzo deste ano, non se cubriu a praza. Designouse a cinco xinecólogas diferentes para vir días soltos. En realidade foron 18 días os meses de abril, maio e xuño. Desde xullo só mandan a unha desas cinco profesionais cando a xinecóloga do centro non está por vacacións ou días de asuntos propios. Isto tradúcese en que non se poden cumprir os obxectivos do centro en canto a anticoncepción:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Instauración rápida do método. Algunhas mulleres teñen que esperar ata tres meses para que a xinecóloga pódalle instaurar o método que elixiu. Antes a muller non tiña tempo de espera .
- Atención rápida das complicacións do método. Neste caso temos o tempo de espera é de mes e medio aproximadamente. Antes o tempo de espera, como moito, era dunha semana.

Estes tempos van ir en aumento mentres non se cubra a praza. Lembrar que a xinecóloga ten que atender ás mulleres de case 40 concellos.

O ano que vén xubírase a xinecóloga e directora do COF e se non designan a unha xinecóloga que exerza a dirección do centro, como fixeron no Ventorrillo, non se sabe que pasará, xa que a xinecóloga/directora realiza as seguintes funcións ademais da atencións ás usuarias:

- A actualización en materia de Planeamento Familiar
- Garantir o seguimento dos protocolos internacionais en materia de anticoncepción por parte de todas as profesionais dos dous centros.
- O asesoramento d@s profesionais de todos os centros de atención primaria en canto ao planeamento familiar.

En relación as matronas, polo momento, dende o día 2 de novembro hai dúas interinas.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Teñen previsto seguir desmantelando os COF como veñen facendo na Coruña?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/01/2020 12:30:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación da empresa Unitono en Ourense e ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos á mesma e ao sector do telemárketing.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivera coñecemento da delicada situación da empresa Unitono en Ourense debido ás ameazas de deslocalización foron diversas as iniciativas rexistradas e debatidas ao respecto.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobreesforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade. No mes de abril o Comité coñeceu como viña de abrir unha nova Plataforma en Reus e estaban a desviar carga de traballo para alí e para Colombia, e mesmo atoparon ofertas de emprego en portais de internet onde incluso valoraban positivamente o coñecemento de galego. Esta situación confirmou as sospeitas do Comité de empresa, que iniciou mobilizacións e contactos con todo tipo de colectivos, partidos políticos e institucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.

3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no mes de setembro coñeceuse a compra de Unitono por parte dun fondo chinés, o que engade nova preocupación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, no mes de novembro a empresa Naturgy rompeu todo vínculo contractual con Unitono, deixando o cadro de persoal nunha situación delicada agravada pola compra de GSS e pola previsible insuficiencia dos novos contratos adquiridos polo seu carácter comercial e temporal.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera necesario o compromiso da Xunta de Galiza a prol do mantemento dos postos de traballo e considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai facer a Xunta de Galiza algo distinto a ignorar a situación respecto do futuro de Unitono en Ourense?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2020 13:18:12

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2020 13:18:20

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2020 13:18:26

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2020 13:18:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2020 13:18:43

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2020 13:18:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á afirmación realizada polo Presidente da Xunta a respecto dunha nova ambulancia para o Deza, situada en Lalín.

O Presidente da Xunta na sesión de control celebrada no Parlamento Galego o día 23 de outubro, afirmou textualmente que “haberá unha nova ambulancia no Deza, situada en Lalín” “está adxudicado desde o mes de setembro”.

No Prego de Cláusulas Administrativas para a Contratación do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, consta no “lote 12 Área de transporte sanitario urxente de Santiago unha (1) ambulancia AA-SUB CLASE B 24 horas, con ubicación base en Lalín con zona de cobertura Agolada, Dozón, Lalín e Rodeiro, coincidindo exactamente coa xa existente.

Na resolución da adxudicación asinada con data 24 de setembro de 2019 á UTE Casablanca y Otros, sen que se estableza ningunha modificación a respecto do prego de cláusulas administrativas.

Polas razóns expostas fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A nova ambulancia anunciada, é a que consta na resolución do concurso ou outra a maiores?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 17:15:36

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 17:15:43

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 17:15:48

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 17:15:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 17:16:02

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 17:16:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga y Julia Torregrosa Sañudo, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O uso da linguaxe inclusiva, non sexista, é unha necesidade cara a erradicación da violencia simbólica que se exerce contra as mulleres cando non se nomean, ou cando se usa unha linguaxe excluínente.

A linguaxe sexista e a aparición de estereotipos á hora de falar de mulleres e de temas relacionados con estas, moitas veces de forma involuntaria, pola falta de coñecementos e o arraigamento de prexuízos, debe ser vista como violencia simbólica contra as mulleres. Só un esforzo colectivo de todos e todas pode mudar a situación actual.

Debemos dar máis pasos no referente á linguaxe nos textos oficiais e nos textos lexislativos. As institucións deben comunicarse coa cidadanía facéndolle ver que todas forman parte, non só todos. Toda comunicación pública debe incorporar o feminino e o neutro, e non o masculino usado como tal, porque non o é.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Desde logo incorporar melloras na comunicación inclusiva debe ter unha incidencia moi especial nos medios de comunicación e na relación da administración con eles, polo que é especialmente importante regular isto e facer seguimento real nos medios de comunicación, especialmente na CRTVG.

Comunicarse de forma inclusiva abrangue ademais usar iconografía axeitada, medir a presenza equilibrada en toda comunicación pública como institución.

A vontade demóstrase con feitos, corrixir os textos legais, producir comunicación pública inclusiva, falar de xeito inclusivo etc, pero sobre todo facer seguimento e marcar obxectivos reais.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta:

1.- Que prazos se marca o goberno para facer a modificación dos textos oficiais?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quintero Araújo.

Carmen Santos Queiruga.

Julia Torregrosa Sañudo.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2020 13:40:45
Nº Rexistro: 61406
Data envío: 13/01/2020 13:40:45.135

Deputadas do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/01/2020 13:39:37

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

O Centro de Saúde de Calo, no concello de Teo, é un claro exemplo:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Día 8 de outubro, un doutor atendendo todas as consultas. Tiña 52 pacientes na lista. A doutora está de vacacións e non se cubreu a ausencia.

Esta situación leva repetíndose desde hai tempo o que provoca que o facultativo teña que ampliar necesariamente a súa xornada laboral, ademais de agardas importantes en tempo para os e as doentes, que poden superar unha hora desde que se concerta a cita até que se atende en consulta motivado pola imposibilidade de atender de maneira profesional a tantos pacientes.

Chama a atención ademais que o que se considera a situación de “normalidade” neste centro de saúde é que a doutora e o doutor atendan cupos de máis de 1.600 pacientes. Así pois, cando non se cubren as ausencias xustificadas do persoal un doutor atende un cupo de máis de 3.000 pacientes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera que a poboación de Calo está ben atendida cando un profesional ten que atender dous cupos, xa de por si sobrecargados?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2019 16:26:58

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2019 16:27:12

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2019 16:27:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/10/2019 16:27:33

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2019 16:27:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2019 16:32:49



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Como é sabido, desde o Goberno galego hai moito tempo que se vén traballando para o impulso e redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías, para que os territorios do Noroeste peninsular poidan ver incrementada a súa competitividade económica e a súa capacidade loxística.

Nesta liña, desde Galicia liderouse e buscáronse alianzas coas Comunidades Autónomas veciñas de Asturias e Castela e León ao obxecto de promover actuacións conxuntas e coordinadas para lograr formar parte da rede transeuropea de mercadorías, unha demanda na que se contou tamén co apoio dos axentes sociais, empresariais e institucionais dos tres territorios.

Agora, unha vez que este primeiro obxectivo se ten conseguido, e que as institucións europeas teñen aceptado esta demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León para a inclusión do Noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías, toca seguir avanzando para lograr que esta inclusión se traduza en investimentos necesarios para lograr unha auténtica modernización ferroviaria que converta a estas tres comunidades en territorios punteiros no transporte de mercadorías e na loxística.

Desde a Xunta de Galicia vense incidindo ante o Ministerio de Fomento na necesidade de que a incorporación ao Corredor Atlántico de Mercadorías se traduza nunha modernización real da nosa rede ferroviaria, especialmente para dotar aos principais portos galegos de conexións óptimas.

O interese de Galicia por lograr este obxectivo tamén foi trasladado aos representantes de Transportes da Unión Europea, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas en abril de 2019.

Nesa xuntanza, os responsables comunitarios confirmaron que para acceder aos fondos do mecanismo Conectar Europa é necesario dotarse dunha planificación completa de actuacións e desenvolver proxectos concretos, de calidade e competitivos, como xa se vén insistindo desde a Xunta ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten que desenvolver este traballo.



Por todo o exposto, desde este grupo parlamentario formulamos a seguinte pregunta oral para a súa resposta en **pleno**:

- Que información ten o Goberno galego en relación ao traballo de planificación e impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías que debe realizar o Goberno español para poder acceder aos fondos comunitarios do mecanismo Conectar Europa?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 13/01/2020 14:41:21

Jaime Castiñeira Broz na data 13/01/2020 14:41:38

Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 14:42:03

Antonio Mouriño Villar na data 13/01/2020 14:42:13

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/01/2020 14:42:31

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2020 14:42:42

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/01/2020 14:42:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Jackeline Fernández Macías, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

En agosto de 2016 o Goberno galego activaba a Tarxeta Xente Nova, unha medida cunha clara compoñente social, para contribuír á economía das familias, xa que esta tarxeta fai posibles os desprazamentos gratuítos para os menores de 19 anos en liñas de autobús dependentes da Xunta nas áreas de transporte metropolitano.

Esta iniciativa da Xunta, ademais de axudar á economía das familias con fillos, tamén contribúe a promover o uso e a accesibilidade do transporte público e a unha maior concienciación social na utilización de modos de transporte máis ecolóxicos e respectuosos co medio.

Ante a grande acollida que tivo esta iniciativa e en aras de seguir promovendo o uso do transporte público fronte á utilización do vehículo particular, en liña coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, o Goberno galego vén de dar un novo paso para incrementar os beneficiarios da Tarxeta Xente Nova.

Así, o Consello da Xunta celebrado o 19 de decembro autorizaba a extensión da gratuidade do transporte público a todos os menores de 21 anos coa utilización da Tarxeta Xente Nova, unha medida en vigor desde o 1 de xaneiro.

Tamén a Xunta ten avanzado a súa intención de ampliar, de modo progresivo, a todo o territorio os beneficios desta medida social, a través do Plan de Transporte Público de Galicia, para que non quede só supeditada ás áreas de transporte metropolitano que hai constituídas.

Desde este grupo parlamentario consideramos esta unha medida moi positiva que tamén debería ser extrapolada, polos concellos, ao transporte urbano, da súa competencia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en **pleno**:

- Que valoración fai a Xunta sobre o funcionamento da Tarxeta Xente Nova que vén de ampliar ata os menores de 21 anos?



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 13/01/2020 14:53:31

Martín Fernández Prado na data 13/01/2020 14:53:41

Jaime Castiñeira Broz na data 13/01/2020 14:53:54

Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 14:54:08

Antonio Mouriño Villar na data 13/01/2020 14:54:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/01/2020 14:54:27

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2020 14:54:46

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/01/2020 14:54:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O xeito é un arte de pesca de enmalle de alta importancia pola tradición e o seu uso común nas costas galegas.

Emprégase de forma predominante nas augas interiores e o seu impacto no medio mariño é mínimo, con capturas reducidas e nulo efecto sobre fondos mariños así como en especies secundarias, polo que pode incluírse no grupo da pesca artesanal e sustentable por non exercer presións sobre os recursos pesqueiros.

Nos últimos anos, o xeito foi sometido, en acordo co sector, a un plan de xestión para as súas capturas de sardiña que se vén renovando ano a ano dende 2016.

Neste contexto restritivo de capturas para esta especie, o xeito veu contando cunha cantidade variable de posibilidades de pesca que permitiu a esta frota continuar coa súa actividade na maioría das rías galegas, mantendo o exercicio desta frota que, tal é como dicíamos, conta cunha importancia en Galicia e unha tradición sumamente relevante nas nosas costas.

Sabemos que a sardiña, moi apreciada especialmente nos meses de verán en Galicia, conseguiu manter a súa presenza nas lonxas galegas de maneira destacada, ao igual que nos últimos anos, pese á nova situación de regulación xerada a raíz dese plan de xestión, establecido para España e Portugal, co obxectivo de acadar unha pronta recuperación desta especie nas nosas augas.

Neste contexto, os deputados e deputadas asinantes queren formular ao a seguinte cuestión:

- Cal foi a evolución da frota que emprega a arte do xeito nos últimos anos?



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2020 15:19:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/01/2020 15:20:13

Martín Fernández Prado na data 13/01/2020 15:20:27

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2020 15:20:38

Marta Rodriguez Arias na data 13/01/2020 15:20:52

María Soraya Salorio Porral na data 13/01/2020 15:21:10

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2020 15:21:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo o IGE, hai en Galicia 58.201 nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 a 3 anos. Segundo datos da Xunta de Galicia, so hai prazas en escolas infantís públicas e de xestión pública para o 16,7 % (2 de cada 10) da poboación infantil que está neste tramo de idade, se contamos as concertadas nin para a metade (38,5 %). O ano pasado nas listaxes provisionais de 172 escolas da Galiña Azul quedaron fóra case 4.000 menores. A pesares do cal no Debate do Estado da Autonomía celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que na actualidade o número de prazas públicas en escolas infantís é “o dobre que no ano 2009”.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Tal e como dixemos daquela, este anuncio do Goberno galego non foi máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

A inicios do mes de decembro de 2019, ás nais e pais informóuselle de que a Consellería de Política Social regalaría con motivo do Nadal unha foto dos meniños e meniñas que se realizaría nos propios centros xestionados polo Consorcio Galego de Servizos Sociais e Benestar. Ademais, os traballadores e traballadoras das escolas recibiron instrucións de como entregar en man as fotos ás nais e pais que deran a súa conformidade para recibilas. Neste correo electrónico, detallábase tamén que no sobre incluíriase unha misiva do Presidente da Xunta de Galicia. Unha vez máis, e tal e como nos ten acostumados, o goberno de Feijoo volve a empregar recursos públicos para facer electoralismo, ao tempo que adelgaza a rede de escolas infantís públicas da nosa comunidade autónoma, e incrementa o concerto con centros privados.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia xustificado o emprego de recursos públicos para a entrega dunha carta ás familias, a través das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos Sociais e Benestar, dunha foto dos meniños e meniñas que incluía unha misiva do Presidente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/01/2020 16:25:34

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2020 16:25:46



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Pierres López e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia vén convocando nos últimos anos axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos coa finalidade de *“mellorar os servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica”*.

Os beneficiarios destas axudas son os concellos que realizan investimentos, dentro do seu ámbito territorial, de acordo co obxecto da orde, para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais implantados no seu termo municipal ou nos termos municipais limítrofes.

E as actuacións subvencionables, establecidas nas ordes nas que se establecen as bases reguladoras, son para plantas de depuración de augas, xestión de residuos dentro do parque empresarial, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial, instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial e para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do parque empresarial.

O Presidente da Xunta de Galicia acaba de anunciar novas axudas para concellos neste 2020, para apoiar unha trintena de iniciativas cun orzamento de 7,9 M€ a través de 3 liñas de axudas: as axudas destinadas á mellora das infraestruturas dos parques industriais cun orzamento de 2,5 M€ para un total de 21 proxectos; as axudas para apoiar os gastos necesarios para a construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais co fin de crear viveiros empresariais cun orzamento de 1M€ para 5 proxectos co límite de 240.000 euros por solicitude; unha nova liña para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica cun orzamento de 4,4 M€ entre os anos 2020 e 2021 para 5 polígonos cun máximo de 1 M€ por solicitude.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Ten elaborado o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia a avaliación das necesidades do solo empresarial galego?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:07:27

María Luisa Pierres López na data 13/01/2020 17:07:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/01/2020 17:08:01



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Pierres López e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia vén convocando nos últimos anos axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos coa finalidade de *“mellorar os servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica”*.

Os beneficiarios destas axudas son os concellos que realizan investimentos, dentro do seu ámbito territorial, de acordo co obxecto da orde, para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais implantados no seu termo municipal ou nos termos municipais limítrofes.

E as actuacións subvencionables, establecidas nas ordes nas que se establecen as bases reguladoras, son para plantas de depuración de augas, xestión de residuos dentro do parque empresarial, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial, instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial e para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do parque empresarial.

O Presidente da Xunta de Galicia acaba de anunciar novas axudas para concellos neste 2020, para apoiar unha trintena de iniciativas cun orzamento de 7,9 M€ a través de 3 liñas de axudas: as axudas destinadas á mellora das infraestruturas dos parques industriais cun orzamento de 2,5 M€ para un total de 21 proxectos; as axudas para apoiar os gastos necesarios para a construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais co fin de crear viveiros empresariais cun orzamento de 1M€ para 5 proxectos co límite de 240.000 euros por solicitude; unha nova liña para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica cun orzamento de 4,4 M€ entre os anos 2020 e 2021 para 5 polígonos cun máximo de 1 M€ por solicitude.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Cales son os motivos polos que non se contemplan axudas para as asociacións de polígonos industriais?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:08:35

María Luisa Pierres López na data 13/01/2020 17:08:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/01/2020 17:09:10



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porrirt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez pechado o exercicio económico 2019, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego elaborar, dentro do primeiro trimestre deste exercicio 2020, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nesta X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:17:41

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/01/2020 17:17:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 17:18:06



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos no ano 2019?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:25:44

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 17:26:03



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O xoves 5 de decembro a Xunta de Galicia publicaba no DOG a RESOLUCIÓN do 2 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.

Esta resolución amplía as zonas infestadas pola existencia da praga denominada *Tecia solanivora Povolny*, couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia, as parroquias de Lendo (San Xián) e Caión (Santa María do Socorro), no concello da Laracha, e a parroquia de Noicela (Santa María) no concello de Carballo, na provincia da Coruña.

Pero o pasado 3 de xaneiro a Xunta de Galicia publicou no DOG unha CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 2 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.

Corrección de erros que sinala as zonas, xa non por parroquias, senón por lugares nos concellos infestados pola existencia da praga da pataca (*Tecia Solanivara*).

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Cales son os motivos que levan a un cambio de criterio por parte da Consellería do Medio Rural en canto á delimitación territorial das zonas afectadas pola praga na comarca de Bergantiños, respecto das anteriormente afectadas?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:





Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/01/2020 18:07:07

Oscar Vilar Chento na data 13/01/2020 18:13:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 18:14:02



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os e as socialistas amosamos xa en moitas ocasións, a nosa preocupación pola ausencia dun proxecto estratéxico que sexa o mellor para a integración da Alta Velocidade en Ourense. Un proxecto que deba influír de xeito positivo na situación socioeconómica na que se atopa Ourense, e que en lugar de ser unha gran oportunidade para todos e todas, pode converterse nun gran foco de crispación e molestias para a veciñanza.

Foron de gran importancia os avances e compromisos acadados tanto co Ministerio de Fomento coma co propio ADIF en materia de comunicacións relativas á alta velocidade ferroviaria dende 2007-2015:

- A consecución da variante exterior no ano 2008.
- A sinatura do Protocolo para a execución das obras de chegada do AVE a Ourense entre o Ministerio de Fomento, o Adif, Renfe e o Concello de Ourense no 2011, que incluía o anexo de financiación detallada, e a variante exterior, así como as actuacións nos núcleos periurbanos: Seixalbo, Oira, Mende, Peliquíu...
- A elaboración do estudo municipal das transformacións urbanísticas derivadas da chegada da alta velocidade ao Concello de Ourense no 2012.
- O concurso de ideas para a adxudicación do Anteprojecto da Estación Intermodal de Ourense no ano 2013.

Todo o anteriormente exposto naceu froito do aval e o consenso entre a daquelas equipa de Goberno municipal do PSdeG e o BNG, o Goberno de España, Adif e Renfe, así como polo Colexio de Arquitectos de Ourense.

Pero no 2016 ráchase este consenso coa sinatura dun convenio marco no que agora si se incorpora a Xunta de Galicia, que se opuxera a participar anteriormente no protocolo de 2011, e que se diferencia do anterior documento no seguinte:

- Non se contemplan nin variante exterior, nin actuacións nos núcleos periurbanos, nin anexo de financiación detallada.



- Incorpórase a problemática do trazado provisional.
- Pérdese a intermodalidade real co cambio de situación da nova estación de autobuses.
- Modifícase por completo, sen ningún tipo de concurso público, o anteproxecto gañador de 2013 “As Burgas 11.11.11” argumentando que era demasiado caro, e o presentado a posteriori resulta ser máis caro que o anterior para a súa execución.

Faise necesaria unha proposta de mellora do actual convenio ou redacción dun novo a través da comisión de seguimento na que están representados Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, e o propio Adif; dadas as carencias do que está vixente, e tamén a perda ou modificación de elementos esenciais que considerabamos que podían ser resoltos, sen demora nos prazos.

O rexeitamento a este proxecto tense amosado non soamente por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Ourense, senón tamén por parte da veciñanza que se mobilizou xa en varias ocasións nos pasados meses, motivada entre outras cuestións pola situación da futura estación de autobuses que rodeará o centro de saúde da Ponte, e desbordará o tráfico na rúa Eulogio Gómez Franqueira e arredores.

Os e as socialistas coincidimos co necesario cumprimento dos prazos de chegada do tren de Alta Velocidade a Ourense, pero tamén con que agora é máis necesario ca nunca recuperar a racionalidade no modelo definitivo de reordenación e integración urbana para a cidade de España na que máis aumentou o tránsito de viaxeiros nos últimos 4 anos (en torno a 1 millón de viaxeiros), un dato máis que significativo de cara ao futuro, e tamén, por outro lado, a única estación de Galicia á que non se destinaron melloras en canto ao previsto inicialmente senón máis ben todo o contrario. O proxecto de chegada do AVE é estratéxico para o desenvolvemento do Ourense das vindeiras décadas, mais no caso de que o convenio marco de 2016 se manteña e non sexa reformulado ou mellorado, tanto os responsables municipais de Ourense dos últimos anos, coma o goberno de Feijoo, serán os responsables de ter hipotecado a cidade cunha solución pouco idónea e irreversible.

Ademais, está pendente aínda de definir, o futuro uso que se lles dará aos terreos nos que se sitúa a actual estación de autobuses de Ourense. Os veciños e veciñas da contorna da estación de autobuses, a través da Asociación de Veciños “As Termas”, amosaron en numerosas ocasións a súa preocupación a medida que avanza o proxecto de traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE,



polo destino do futuro do solar no que se sitúa na actualidade esta infraestrutura.

Na zona da estación de autobuses residen preto de 1.000 persoas, nos bloques de vivendas sociais situadas ao lado da estación, que se verán afectadas de xeito directo polos usos urbanísticos que se prevén para o desenvolvemento da zona.

Antes da construción no seu día da actual estación de autobuses de Ourense, procedeuse á sinatura dun contrato de cesión do solar por parte do promotor das vivendas sociais da zona ao Concello de Ourense establecendo como uso para o solar precisamente o de ser a central de conexión de liñas de autobuses que ata o de agora coñecemos, xestionado na actualidade pola Xunta de Galicia. No PXOM, a zona actualmente ocupada pola estación de autobuses, recóllese como Zona Verde / Espazo Libre, polo cal permitiría sen ter que executar ningún tipo de modificación urbanística ou de uso, a execución dun proxecto redactado a efectos de construír un parque público para uso e disfrute dos veciños da zona, que sexa complementario aos existentes na zona (Parque do Peco e Traseiras do Centro Cívico da Ponche, Parque de San Rosendo, Parque de Xesús Pousa, etc.) e que poida estar dotado de zonas novidosas e de espaxamento para a veciñanza do barrio, e por extensión de toda a cidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego buscar alternativas para o cambio de situación da nova estación de autobuses de Ourense?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/01/2020 09:32:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 09:32:24

María Luisa Pierres López na data 14/01/2020 09:32:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 09:34:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e **Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

No comezo do curso escolar, despois das vacacións de Nadal, houbo incidencias coas liñas de transporte dos menores ás escolas, debido ao novo Plan de transporte público da Xunta. Os incidentes producíronse na provincia de Ourense nos colexios de Seixalbo, e Mende, pola falta de coordinación no cambio de titularidade das liñas Pereiro-Ourense e San Cibrao-Ourense. Houbo problemas nos colexios de Cambeo, Allariz, Barbadás, e Maceda, na zona de Celanova, onde houbo retrasos nas liñas, e na parroquia de Rabal por onde nin sequera pasou o autobús.

Mesturar o transporte escolar e o transporte normal de pasaxeiros pode ser unha solución aos problemas naquelas liñas deficitarias. Inda que non pode ser un problema para o acceso á educación das e dos menores.

Os problemas nestes tres días de xaneiro (8, 9 e 10) foron variados: descoñecemento de itinerarios polo persoal condutor, descoñecemento das paradas escolares, escaseza de prazas de autobús, retrasos, saltos de parada, inexistencia de listaxe de menores e falta de acompañantes.

Os menores agardaron a intemperie con temperaturas de 0 graos que viñese o bus, que non veu, ou que directamente se saltou as paradas, e noutros casos este tardou 3 horas en recoller as menores.



A Xunta puxo en marcha a primeira parte do Plan de transporte público de Galicia onde o transporte escolar é agora compartido co transporte normal, co que os problemas de onte poden volver a repetirse.

Nesta ocasión foron os escolares os que sufriron as consecuencias do plan apresurado de transporte público de Galicia que nin foi negociado nin consensuado co sector.

A Xunta ten que exercer as labores de vixilancia e control do transporte escolar e público de Galicia, e impor as sanción polos incumprimentos nos que incorran as empresas concesionarias de transporte. É a Xunta de Galicia a que ten que garantir que o horario se cumpra, que a recollida dos menores se faga correctamente e de xeito efectivo, e que os menores estean acompañados, e en todo caso, esixir coordinación ás empresas e que estas dean solucións alternativas e rápidas aos problemas que xurdan.

Por todo o exposto, a deputada e deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta para que non se repitan os problemas de recollida e retrasos das menores que van á escola no transporte público mixto de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 10:39:56

David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 10:40:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa á promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC (Marine Stewardship Council)

A pesca sustentable defínese como o conxunto de prácticas orientadas a manter a poboación das especies mariñas nuns niveis óptimos para garantir a súa supervivencia, respectando a súa contorna natural. Caracterízase por:

- O respecto aos ecosistemas mariños.
- A protección das especies en perigo.
- Utilizar artes de pesca avanzadas e selectivas.
- Manter as poboacións nuns niveis saudables.
- Minimizar o consumo de enerxía durante o proceso de pesca.
- Informar correctamente ao consumidor.
- Crear conciencia social.

O selo de Marine Stewardship Council (MSC) é un estándar internacional de maior garantía e prestixio para a pesca sustentable e a trazabilidade dos produtos pesqueiros. Segundo datos da propia organización, máis de 389 pesquerías incorporáronse ao seu programa. A nivel mundial, máis de 23.000 produtos do mar portan esta ecoetiqueta.



MSC axuda aos consumidores a identificar o peixe capturado de forma respectuosa co medio ambiente. Recentemente, puxeron a disposición do consumidor un buscador online de produtos que contan con este selo.

Obter este selo significa que se está cumprindo coa norma máis recoñecida do mundo en materia de sustentabilidade: o Estándar de Pesqueiras de MSC, o cal está baseado no código de conduta para a pesca responsable fixado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e foi desenvolvido tras consultar cun conxunto de organizacións e representantes de gobernos, universidades, investigadores, industria pesqueira e ONGs de todo o mundo.

A certificación de MSC confirma que a súa pesqueira está ben xestionada e que está a salvagardar os recursos mariños e medios de vida que dependen da pesca para as xeracións futuras

A pesca sustentable axuda a xerar e manter emprego a nivel local, rexional e global. É unha garantía cada vez máis valorada polos consumidores, o que achega valor ás empresas que comercializan os seus produtos con este selo.

En España 120 empresas certificaron a súa trazabilidade para poder comprar e vender produtos co selo azul de MSC.

Ante esta situación, os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Ten a Xunta de Galicia un programa específico para promocionar a consecución do selo MSC entre as pesquerías galegas e as empresas de procesado de produtos pesqueiros?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
David Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/01/2020 11:16:16

David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 11:16:27

Luis Villares Naveira na data 14/01/2020 11:16:34

Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 11:16:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O compromiso coa conciliación é un dos logros do movemento feminista que pouco a pouco foi calando na sociedade como unha cuestión de xustiza social básica.

Son as administracións públicas as primeiras que deben dar exemplo neste tipo de cuestións que atinxen en grande medida ás persoas traballadoras.

Ademais disto a conciliación da vida laboral e persoal debería estenderse a diferentes facetas da vida das persoas. Comezouse dándolle un peso especial á atención a fillas e fillos, sendo unha necesidade evidente a que ten que ver coa conciliación da vida familiar.

Pero, non podemos esquecer como a carga de coidado de persoas vai mais aló da atención a fillas e fillos, senón que tamén é imprescindible facilitar os coidados das persoas maiores ou outras persoas dependentes.

Ademais das demandas habituais de servizos de atención para maiores públicos e de calidade, é de xustiza implementar medidas de conciliación nos que as



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

persoas con maiores e outras persoas a cargo podan acceder desde o seu traballo, e mais cando se trata de funcionariado público.

A administración xeral do estado o contempla, pero é na Xunta de Galicia onde vimos unha grande eiva neste sentido, por exemplo, nos concursos de traslado onde se incorporan criterios para persoas con parella funcionaria ou que teñan fillos ou fillas escolarizados e non se inclúe o coidado de maiores ou outras persoas dependentes a cargo. Como aconteceu na RESOLUCIÓN do 25 de novembro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o anterior, preséntase a seguinte pregunta:

1. Cales son os motivos para non incorporar criterios que teñan en conta a atención de maiores e persoas dependentes nos procesos de persoal convocados pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Marcos Cal Ogando.

Deputada e deputado do G. P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/01/2020 12:16:18

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2020 12:16:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao e Ánxeles Cuña, deputadas pertencentes ao grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás obras pendentes de rematar ao no CEIP Fogar de Carballo

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia.

No que se refire ás infraestruturas comezamos un curso máis con obras sen rematar pola mala planificación da consellería que pretende que miles de nenas e nenos entren en aulas nas que non foron quen de rematar as obras.

Máis de tres meses despois do inicio do curso escolar preocupa especialmente o caso do CEIP Fogar de Carballo, que xa comezara as obras un mes máis tarde do programado e onde as obras continúan e distan de estar rematadas. Todo o contrario, a situación de temporal vivida nos últimos días agravou a situación ata o punto de ter que suspender as aulas por inundacións no centro.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Falamos dunha obra de magnitude importante que inclúe cambio de ventás, iluminación, traballo na fachada e no tellado e que, polo tanto, era preciso que fora planeada e acometida en período non lectivo.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

- Como se pode xustificar o enorme retraso nas obras deste centro?

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez.

Ánxeles Cuña Bóveda.

Vicevoceira e deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2020 13:20:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2020 13:20:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A violencia machista continúa a ser unha das principais preocupacións da sociedade galega pola súa preeminencia e polos pasos dados adiante pola propia sociedade e polo feminismo galego autoorganizado, que se ten traducido nunha meirande conciencia.

Ao longo de 2019 Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social. A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina.

Recordamos, por exemplo, ademais das respostas aos feminicidios, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para cumprir ao 100% a lexislación vixente en materia de violencia machista?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 13:19:36

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 13:19:46

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 13:19:53

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 13:20:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 13:20:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 13:20:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa á promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC (Marine Stewardship Council)

A pesca sustentable defínese como o conxunto de prácticas orientadas a manter a poboación das especies mariñas nuns niveis óptimos para garantir a súa supervivencia, respectando a súa contorna natural. Caracterízase por:

- O respecto aos ecosistemas mariños.
- A protección das especies en perigo.
- Utilizar artes de pesca avanzadas e selectivas.
- Manter as poboacións nuns niveis saudables.
- Minimizar o consumo de enerxía durante o proceso de pesca.
- Informar correctamente ao consumidor.
- Crear conciencia social.

O selo de Marine Stewardship Council (MSC) é un estándar internacional de maior garantía e prestixio para a pesca sustentable e a trazabilidade dos produtos pesqueiros. Segundo datos da propia organización, máis de 389 pesquerías incorporáronse ao seu programa. A nivel mundial, máis de 23.000 produtos do mar portan esta ecoetiqueta.



MSC axuda aos consumidores a identificar o peixe capturado de forma respectuosa co medio ambiente. Recentemente, puxeron a disposición do consumidor un buscador online de produtos que contan con este selo.

Obter este selo significa que se está cumprindo coa norma máis recoñecida do mundo en materia de sustentabilidade: o Estándar de Pesqueiras de MSC, o cal está baseado no código de conduta para a pesca responsable fixado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e foi desenvolvido tras consultar cun conxunto de organizacións e representantes de gobernos, universidades, investigadores, industria pesqueira e ONGs de todo o mundo.

A certificación de MSC confirma que a súa pesqueira está ben xestionada e que está a salvagardar os recursos mariños e medios de vida que dependen da pesca para as xeracións futuras

A pesca sustentable axuda a xerar e manter emprego a nivel local, rexional e global. É unha garantía cada vez máis valorada polos consumidores, o que achega valor ás empresas que comercializan os seus produtos con este selo.

En España 120 empresas certificaron a súa trazabilidade para poder comprar e vender produtos co selo azul de MSC.

Ante esta situación, os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Cal é a porcentaxe en Galicia de capturas pesqueiras con selo MSC sobre o total de capturas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
David Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/01/2020 13:35:03

David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 13:35:17

Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 13:35:28

Luis Villares Naveira na data 14/01/2020 13:36:25



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e determinados concellos galegos nesta X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:11:48

María Teresa Porritt Lueiro na data 14/01/2020 13:12:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 13:12:13



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia vén regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”* e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que *“o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”*, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración entre determinados concellos nesta X Lexislatura, e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente)?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:21:48

María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/01/2020 13:22:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 13:22:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 13:22:45

María Luisa Pierres López na data 14/01/2020 13:23:01



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, María Teresa Porritt Lueiro e Óscar Vilar Chento, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos no ano 2019?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:37:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/01/2020 13:38:00

María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/01/2020 13:38:17

Oscar Vilar Chento na data 14/01/2020 13:38:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas, asociacións de diversa índole, concellos e veciñas en xeral da comarca da Baixa Limia, veñen presentando iniciativas variadas, diante das diferentes institucións deste país, na procura de mudar a situación de abandono na que se atopa este territorio.

Particularmente, teñen demandado a recuperación do proxecto de continuación da autovía de Celanova – inicialmente “suspendido” para despois ser “anulado”- para garantir unha adecuada e mellorada conexión coa fronteira Portuguesa, a través de Lindoso, conexión que permite achegar unha poboación potencial de cerca de 3 millóns de persoas pertencentes aos distritos de Porto-Braga e Viana, en Portugal.

Por exemplo, no ano 2013 após o decreto que anulaba as expropiacións do tramo Vereas-Lobios, PLABALI convocaba unha caravana de coches de Lobios a Vereas en protesta por esta situación. Máis recentemente, no pleno de decembro de 2017, o pleno da Deputación de Ourense aprobou, por unanimidade, demandar da Xunta de Galiza compromisos firmes para conectar Galiza e Portugal. Case un ano despois, novamente once alcaldes do parque transfronteirizo Gerês-Xurés, os ourensáns de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños e os portugueses de Arcos de Valdevez, Melgaço, Montalegre, Ponte da Barca e Terras de Bouro, reivindicaban a mellora das comunicacións entre a autovía celanovesa AG-31 e la IC-28 en Ponte da Barca, a través da fronteira de A Madalena. Así mesmo, este Grupo Parlamentar ten presentado numerosas emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza sobre esta cuestión.

Na memoria económica dos Orzamentos de 2020 aprobados definitivamente pola Cámara galega en decembro de 2019 unha vez máis este proxecto non aparecía, tampouco ningunha de mellora deste tramo. Porén, nese mesmo mes puidemos ver anuncios de Feijóo e tamén da conselleira Ethel Vázquez ao respecto, que ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego lle parecen insuficientes. Mesmo o que semellaban actos de partido, como o desenvolvido no día 30 de decembro cos alcaldes de alcaldes de Bande, Entrimo, Lobeira, Muíños e a rexedora de Lobios e deputados do PP no Congreso, ao que singularmente non se convidou, por exemplo, a outros alcaldes afectados como é o de Vereá.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai comprometer o goberno galego as contías necesarias para unha conexión adecuada entre Celanova e Portugal por Lobios que corrixa a débeda histórica coas comarcas de Celanova e Baixa Limia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 13:58:27

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 13:58:35

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 13:58:42

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 13:58:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 13:58:56

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 13:59:03



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Ribeira conseguiu a distinción de municipio de interese turístico no ano 2001.

Segundo declaracións do seu alcalde o proxecto Ribeira Atlántica 2020, prolongación do Ribeira Atlántica 2015, modernizaría a cidade. Este proxecto estaba, baseado en catro alicerces, sendo os seus eixos básicos a accesibilidade, o turismo e o desenvolvemento de zonas atrasadas.

Os alicerces, segundo e terceiro, referíanse a unha *Ribeira Eficiente* cuxo obxectivo era abrir a cidade ao mar para mellorar a calidade de vida e a mobilidade, cun investimento de 1,5 millóns (25 %), e a unha Ribeira turística enfocada a poñer en valor o seu patrimonio cultural e natural e a humanización da contorna urbana e industrial con 1,6 millóns de euros de orzamento (27 %).

Na presentación do dito proxecto o propio alcalde manifestou que o turismo é unha prioridade no seo do equipo de goberno. «para que Ribeira despegue definitivamente no eido turístico baseándose nos seus recursos diferenciais relacionados coa natureza (flora e fauna protexida), ou mar (océano Atlántico e ría de Arousa) e a gastronomía (conserveiras, pesca de baixura, festas e xornadas culinarias)».

Este proxecto foi financiado pola Unión Europea, mediante os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (Feder) con algo máis de cinco millóns de euros para a súa posta en marcha (algo máis do 70 %). Entre as súas actuacións atopábase a construción dun paseo marítimo-terrestre polo bordo do litoral de Ribeira.

Na actualidade o espazo natural e cultural recuperado na praia do Castro en Punta Castiñeiras está a verse ameazado pola construción dunha depuradora de mariscos no seu porto. Esta actuación provocou e provoca o malestar da veciñanza de Castiñeiras, xa que se atopa no enclave do parque e das praias de Castiñeiras.



Cómpre salientar que a área de afección do proxecto é considerada de Fraxilidade paisaxística pola súa localización e debido tamén á proximidade de espazos de interese natural protexidos, como o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e o Parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

O día 20 de maio de 2014 a empresa, Triñanes e Pego, presenta solicitude de concesión e desde Portos comunícanlle que a documentación que presentou está incompleta e solicítanlle a que debe achegar.

Desde o primeiro momento comezan a darse unha serie de presuntas irregularidades que se prolongan no tempo e que ao noso entender non teñen un encadre legal.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a actuación administrativa respecta o procedemento legalmente establecido?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 14/01/2020 13:59:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 13:59:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 13:59:26

María Luisa Pierres López na data 14/01/2020 13:59:37



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Loureiro, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No último informe do Valedor do Pobo analízase, entre outras, as queixas xeradas pola situación do mantemento, a pesar da mellora económica, de medidas que afectan ás condicións laborais de determinados traballadores públicos: o persoal das residencias de maiores

A suspensión do disposto no art.19 do Convenio Colectivo sobre o descanso semanal e o traballo en domingos e festivos tras a entrada en vigor da Lei 1/2012 de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, supuxo que a Xunta de Galicia deixara de compensar os servizos prestados en domingos e festivos ao persoal das residencias de maiores.

A institución reconece que a queixa excede a súa competencia e que, polo tanto, non se pode inmiscir, xa que as ferramentas orzamentarias non son cuestionables pola institución do Valedor e, por outra banda, que a suspensión ten base legal (artigo 6 da Lei 1/2012: “suspéndese a aplicación do art.19, excepto a liña 1, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”), o que exonera á Administración autonómica de responsabilidade (non pode restablecer as medidas compensatorias suspendidas mentres non se modifique a lei e se dote orzamentariamente).

Pero nas súas conclusións destaca que é desexable que estes acordos laborais sexan progresivamente reactivados, e fai a seguinte recomendación:

“... a Xunta debe considerar retomar o diálogo social a fin de recuperar acordos que permitan incluír nos sucesivos proxectos de presupostos previsións relativas aos compromisos recollidos na negociación colectiva, pero será a administración quen marque os tempos”.

Polo exposto anteriormente as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Ten pensado o Goberno galego seguir a recomendación do Valedor do Pobo?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 14/01/2020 14:00:35

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 14:00:44

Noela Blanco Rodríguez na data 14/01/2020 14:00:59



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, establece na súa disposición adicional primeira:

“Información ao Parlamento:

Un. A Consellería de Facenda facilitará trimestralmente en formato dixital á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento a información referida ás seguintes actuacións:

- a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.
- b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.
- c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.
- e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:



- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.
- b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.
- c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2019.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou a entidade que se subroga na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.”

Xa que a dita disposición adicional non se está a cumprir tal e como establece o propio mandato legal, as deputadas que asinan preguntan:

Cal é a razón para o incumprimento da devandita disposición adicional que ademais vai en contra do principio de transparencia?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/01/2020 14:03:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 14:03:11



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María do Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na información aos medios colgada na páxina *web* da Xunta de Galicia sobre os acordos adoptados no Consello da Xunta desenvolvido o 19 de decembro de 2019, informase que a Xunta de Galicia “Ten orzados preto de 102 millóns de euros ata 2021 a través do Plan de formación para contar cunha Galicia máis preparada”, que se concretarán en máis de 3.000 cursos para mellorar a cualificación e impulsar a empregabilidade de preto de 35.500 galegos dirixido ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, os obradoiros duais e os programas integrados de emprego

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cal é o montante total executado nesta X lexislatura para a mellora da empregabilidade?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 14:14:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/01/2020 14:14:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/01/2020 14:14:52



Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O saneamento da ría do Burgo é unha prioridade estratéxica do Goberno galego, para acadar o bo estado e a calidade das augas desta ría e para contribuír a garantir a actividade marisqueira.

O Goberno galego cumpriu cos seus compromisos para sanear a ría, colaborando e apoiando aos concellos nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, esforzo feito ao longo dos últimos anos para sacar adiante todos os proxectos nos catro concellos da ría: A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros.

As actuacións de saneamento levadas a cabo polo Goberno galego na ría do Burgo supuxeron un investimento da Xunta de 100 millóns de euros.

Cómpre agora que este esforzo investidor por parte do Executivo autonómico teña continuidade por parte do Goberno central, en canto ao cumprimento do seu compromiso de executar a dragaxe da ría do Burgo, unha actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal.

Nun encontro mantido o 15 de xaneiro de 2019 entre a Administración central, a Xunta de Galicia e os Concellos, o Goberno galego puxo sobre a pesa a proposta de redirixir fondos europeos (FEDER xestionado pola Administración central) inexecutables en prazo, cara esta actuación.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica quedou en tramitar a ampliación do destino de fondos, dándolle traslado á Comisión Europea dese acordo acadado no mes de xaneiro entre Xunta, Goberno central e Concellos.

Con todo, a día de hoxe non hai certezas de que o Ministerio teña feito os trámites necesarios para dar cumprimento ao acordado.

Polo exposto, e tendo en conta que estamos ante unha actuación necesaria e cunha grande incidencia sobre o medio, o marisqueo, a pesca, a acuicultura e o propio turismo da zona, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta en **Pleno**:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



- Dispón o Goberno galego de información ao respecto dos trámites que o Goberno español se comprometeu a realizar para lograr que os fondos europeos que xestiona, e que son inexecutables en prazo, se poidan destinar á dragaxe e rexeneración da ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2020 14:44:37

Martín Fernández Prado na data 14/01/2020 14:44:48

Jaime Castiñeira Broz na data 14/01/2020 14:45:08

Jacobo Moreira Ferro na data 14/01/2020 14:45:21

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2020 14:45:33

Antonio Mouriño Villar na data 14/01/2020 14:45:49

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/01/2020 14:46:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 14/01/2020 14:46:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as medidas a tomar para revertir a situación de precariedade do mercado laboral en Galiza.

Dez anos de goberno do Partido Popular en Galiza sáldanse coa consolidación da precariedade laboral como estrutural. Miles de galeg@s en situación laboral de precariedade, temporalidade, rotación, contratos a tempo parcial por imposición, baixada de salarios...

Como exemplo da enorme rotación están os datos do último mes de xullo: 121.098 contratos asinados fronte a 4.328 persoas menos anotadas como desempregadas con respecto ao mes anterior. Non para de medrar a precariedade laboral e a temporalidade: unicamente o 6,6% dos contratos subscritos neste período foron rexistrados baixo algunha modalidade de contratación indefinida, 9 de cada 10 contratos foron temporais.

En canto aos salarios consolídase a figura d@ traballador/a pobre, @s que o seu traballo non lle dá para vivir: 182.120 galeg@s cobran a metade do Salario Mínimo Interprofesional. Case medio millón de galeg@s ingresan por debaixo dos 800 euros ao mes. Unha de cada tres persoas asalariadas ingresa como moito o SMI e unha de cada cinco apenas chega aos 2.000 euros brutos anuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Constátase o medre das desigualdades e da precariedade, a perda de capacidade adquisitiva da clase traballadora (11% desde o 2008) por mor do modelo económico e de relacións laborais nacido das diferentes reformas laborais, que supuxeron un duro ataque ao dereito á negociación colectiva e tiveron consecuencias alarmantes no mercado laboral, xeneralizándose os empregos mal pagados e de escasa duración.

Esta situación é consecuencia das medidas, especialmente as reformas laborais, que foron tomando polas diferentes administracións, galega, estatal e europea, mais todas na mesma dirección, que non é outra que a de aproveitar a crise económica para favorecer aínda máis aos que máis teñen a costa da clase traballadora.

É preciso revertir o proceso xeneralizado de rebaixa das rendas de traballo e frear o medre da pobreza e das desigualdades

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a situación laboral en Galiza?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 17:43:00

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 17:43:07

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 17:43:13

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 17:43:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 17:43:29

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 17:43:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente.

A comarca do Salnés vén demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica *in situ* a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A ambulancia de soporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos casos da Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esteas, por exemplo en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, cunha poboación de máis de 115.000 habitantes como a do Salnés, que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral, unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta sinistralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera imprescindible esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca, motivo polo cal presentamos a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai incluír no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano 24 horas e 365 días para a comarca do Salnés?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 17:49:50

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 17:50:05

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 17:50:11

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 17:50:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 17:50:27

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 17:50:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora no concello de Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros.

En Punta Abelleira no concello de Muros está ubicada unha depuradora dende hai arredor de 35 anos . Por parte da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e Pesca, alimentación e Medio Ambiente o 10.05.2018 emitíuse resolución na que se lle outorgou á entidade “Mariscos Antón Fernández” a concesión administrativa para a ocupación de 1.012,90 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a tuberías de captación e vertido de auga de mar, reconstrución dunha rampla-embarcadoiro e legalización dunha franxa de terreos ganados ao mar que rodean a nave principal. Con data de 10 de maio de 2019 a mesma empresa solicita a modificación da concesión consistente na ampliación da zona de ocupación solicitada, pasando a mesma de 1.092,90 metros cadrados a 1.493,63.

Este proxecto de ampliación da depuradora está causando o rexeitamento d@s veciñ@s de Abelleira e do colectivo de mariscadoras/es polo seu temor ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impacto sobre as correntes e a actividade marisqueira da ampliación da rampla-embarcadeiro para convertelo nun peirao para barcos bateiros que precisaría dun importante dragado para levalo a cabo. Outro motivo de rexeitamento ben dado porque as pretensións de peche do espazo ganado ao mar que rodea a depuradora suporía a privatización dun espazo público e limitaría moito a servidume de paso da zona.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai realizar a Xunta de Galiza para garantir que os bancos marisqueiros non se vexan afectados pola pretendida ampliación da depuradora ubicada en Punta Abelleira no concello de Muros?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 16:43:41

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 16:43:49

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 16:43:55

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 16:44:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 16:44:13

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 16:44:20





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a atender as demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose.

A asociación querEndo-mulleres con endometriose, presento a principios do mes de setembro un novo escrito dirixido aos grupos con representación no Parlamento de Galiza, trasladáronnos a súa preocupación porque as súas necesidades seguen sen ser atendidas a pesares de que a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015, a proposta do BNG, aprobou por unanimidade unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento.

Toda vez que transcorreron máis de catro anos sen que se teñan efectivizado as medidas aprobadas, o BNG volve a facer súas as demandas do colectivo querEndo-mulleres con endometriose, e por esa razón presentamos as seguinte pregunta para a súa contestación oral en Pleno:

Cal é a razón de que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 16:41:38

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 16:41:46

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 16:41:52

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 16:42:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 16:42:09

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 16:42:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

En Castiñeiras (Ribeira) unha empresa solicitou permiso para construír unha depuradora de marisco en terreos de Portos de Galiza e no ámbito de Costas do Estado, co suposto visto bo de Portos e Costas.

Hai certa inquedanza na veciñanza de Castiñeiras pola construción da depuradora de mariscos no porto, nomeadamente pola falta de información e pola preocupación pola realización desta obra no borde litoral.

Diante destes feitos, o BNG interesouse pola cuestión e indagou se a obra en cuestión, tiña a preceptiva licenza municipal malia que sexa unha concesión de Portos de Galiza. Diante do que parece unha irregularidade manifesta e da deixadez de Portos de Galiza ao non velar polo cumprimento da legalidade, permitindo que unha empresa poida comezar unha obra sen cumprir coa lexislación vixente, ao que se engade a preocupación veciñal pola construción da depuradora enriba do mar sen considerar a importancia de conservar o borde litoral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que a depuradora que se está construíndo en Castiñeiras enriba do mar está no lugar adecuado?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 17:55:19

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 17:55:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 17:55:32

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 17:55:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 17:55:46

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 17:55:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da dramática situación laboral da mocidade galega.

Os datos da situación laboral da mocidade galega mostran unha imaxe de devastación.

Todo o emprego que se perdeu nos últimos dez anos foi entre os menores de 35 anos onde tamén descendeu máis o salario medio anual. Son os que teñen os ingresos máis baixos e son os que máis descendieron en número neste período: reduciuse fortemente o número de traballadores/as con menos de 18 anos, concretamente un 49,4%, pero aínda se reduciron máis os ingresos salariais deste grupo, xa que a caída dos mesmos foi do 69,1%, cunha caída de ingresos de 1.347 euros/ano.

Entre os 18 e os 35 anos, descendeu o emprego asalariado máis dun 30%, 142.000 persoas menos, e entre os traballadores/as con idades comprendidas entre os 18 e 25 anos os seus salarios descendieron un 21,4%, 1.783 euros/ano menos.

No caso dos traballadores e traballadoras de entre 26 e 35 anos o descenso do salario medio anual foi do 7,3%, 1.112 euros/ano menos. Até os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ó SMI.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As 302.233 persoas traballadoras menores de 36 anos non acadan o salario medio anual galego. .

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que iniciativas ten tomado o Goberno galego para impedir a precariedade laboral da mocidade galega?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 12:26:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 12:26:09

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 12:26:14

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 12:26:23

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 12:26:30

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 12:26:37





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Centro Xestor de As Pías (Sobrado dos Monxes) da empresa Gestán Medioambiental recibe, entre outros, os rexeites da planta de Nostián correspondentes ó lixo procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas.

Nas datas da redacción desta PNL Gestán Medioambiental e Albada, empresa que ten a concesión da planta de Nostián e que xestiona o lixo procedente do concello da Coruña, están en negociacións para levar os rexeites deste concello tamén á planta das Pías en Sobrado.

Resulta que os rexeites procedentes de Nostián pertencentes ó concello da Coruña eran depositados no vertedoiro de Miramontes sito en Grixoa (Compostela) ata que a fins de abril deste 2019 tiveron que suspender esta relación comercial porque estes rexeites superaban significativamente o COD non estando autorizado este vertedoiro para a súa admisión.

Como resultado desta situación a planta de Nostián acumulaba, de xeito irregular nas súas instalacións a mediados deste mes de agosto, máis de 7.000Tm. deses rexeites sendo presionada pola Consellería de Medio Ambiente para normalizar esta situación con aviso ou ameaza de apertura de expediente sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ó vertedoiro de As Pías parece ser que lle resta pouca capacidade no vaso de vertido actual, máis ou menos para 100.000Tm máis. Por iso tén en proxecto de construción un novo vaso con capacidade para 530.096m³ e cunhas posibilidades de eliminación anual de 25.000Tm de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos.

O realmente curioso é a ubicación deste vertedoiro. Está na serra do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, coa escorrentía para o chamado regato das Pías que vai parar ó Mandeo. Toda unha lección de suicidio medioambiental.

De anos anteriores, o vertedoiro conta con máis de 500.000m³ de lixo selado nun vaso acondicionado ilegalmente e con acumulacións de lixo depositado ilegalmente e transportado con nocturnidade contando coa complicidade da Xunta de Galicia.

Resulta, cando menos, chocante, que se Nostián produce os mesmos rexeites porque procesa indistintamente o lixo urbano procedente do concello de A Coruña e do Consorcio das Mariñas, se o da Coruña superaba amplamente o COD para entrar nun vertedoiro de residuos non perigosos, en Sobrado estean entrando eses mesmos rexeites sen que as inspeccións preceptivas por lei detecten ningunha anomalía.

Chocante resulta tamén o emprazamento do novo vaso, mesmo a carón do Camiño de Santiago Norte, todo un exemplo para a comarca de respecto ó Patrimonio e do cumprimento que se lle esixe a calquera veciño que queira cambiar unha soa tella do tellado de calquera construción que se atope en ubicación semellante.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como é posible autorizar a construción dun novo vaso de vertido no vertedoiro de Sobrado (As Pías) con capacidade para 530.096 m³ de residuos non perigosos procedentes dos tratamentos de valorización e centros produtores de residuos, cando este vertedoiro está situado nos montes do Bocelo entre os nacementos dos ríos Mandeo e Tambre co perigo que supón para o medioambiente e a limpeza das augas destas dúas concas fluviais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 17:59:25

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 17:59:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 17:59:49

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 18:00:02

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 18:00:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 18:00:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense, a súa afectación ao centro de saúde da Ponte e as actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intermodal de Ourense é unha débeda histórica lonxe de cumprirse en condicións. Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas.

Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a “Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense”, na que expuña diversas consideracións sobre os piares que deba guiar esa ou calquera outra planificación. Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insístiase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debiera converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior. Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da Ponte e do Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular. Tampouco a chegada ao goberno central por parte do PSOE supuxo unha corrección desta situación.

Unha das cuestións máis preocupantes era e é a afectación ao centro de Saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico.

Recentemente colectivos sociais, veciñais e políticos manifestábanse a comezos de xaneiro de 2020 respecto desta situación reclamando mudanzas.

Por todo o anterior formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para que o desenvolvemento das obras da Intermodal e a súa concreción final non afecten negativamente o Centro de Saúde da Ponte?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 18:40:20

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 18:40:26

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 18:40:33

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 18:40:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 18:40:49

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 18:40:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro de 2020 o Comité de empresa de Alcoa San Cibrao mantiña unha reunión co Presidente de Alcoa España, Álvaro Dorado. Nese encontro manifestaba o negativo do resultado da poxa eléctrica do mes de decembro de 2019, pasando dos 32,3 millóns conseguidos por San Cibrao anteriormente a menos de 3. Así mesmo, informou do posíbel prezo do MW arredor dos 60 euros aínda que podería reducirse de aprobarse a elevación ao máximo permitido da UE das axudas ao CO2.

Malia a dirección non transmitir ningunha decisión respecto de novas reducións de actividade ou perda de postos de emprego, e á expectativa da reunión da mesa de traballo que terá lugar o 23 de xaneiro, o certo é que a situación segue a ser moi preocupante.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai desenvolver a Xunta de Galiza diante da crise de Alcoa San Cibrao?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 19:19:10

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 19:19:18

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 19:19:27

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 19:19:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 19:19:42

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 19:19:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O segundo pilar da PAC: as axudas agroambientais, os pagos por zonas deprimidas, Rede Natura, e de montaña..., non son outra cousa que un esforzo orzamentario para dar estabilidade a actividade agrícola, gandeira e forestal, de tal xeito que estas actividades contribúan ao obxectivo estratéxico de abastecemento de mercados. O mantemento dunha SAU suficiente, duns sectores agrarios modernos e dinámicos e dun medio ambiente con boa saúde, son algúns dos obxectivos finais que perseguen as políticas agrarias europeas.

De aí a nosa sorpresa ao coñecer a última modificación do PDR galego realizada no mes de novembro deste mesmo ano. A redución dos fondos destinados ás axudas a zonas deprimidas, de montaña e a Rede Natura, e a eliminación da medida de asesoramento resultan inaceptables.

Ó longo de todo este ano 2019 as decisións tomadas polo goberno galego a respecto do PDR foron erráticas e contraditorias deixando ve-la falta de proxecto deste goberno para co medio rural galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tómase dun xeito unilateral a decisión de elimina-las axudas para o asesoramento agrario, sen contar coas entidades e axentes implicados no ámbito do asesoramento (entidades, asociacións de produtores, cooperativas, sindicatos), e da formación (universidades, centros de investigación, colexios profesionais de enxeñeiros e oficinas agrarias comarcais).

Están a gobernar dun xeito arbitrario e contraditorio pois esta medida 2 estaba considerada no Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 coma unha prioridade máxima tendente a mellorar o rendemento económico das explotacións, impulsar a innovación nas mesmas e cumprir coas boas prácticas ambientais. E van contra corrente, xa que no próximo período do PDR (2023-2027) o asesoramento vai ser un dos piares estratéxicos sobre o que se fundamenten as políticas aplicadas desde Bruxelas.

Na primeira reunión formativa convocada para informar a todas as entidades de aconsellamento inscritas no Resaxega da posta en marcha das axudas ao asesoramento en 2018, tras a aplicación da Lei Ómnibus e despois dun retraso de 3 anos no seu inicio desde o servizo central de explotacións agrarias en Santiago de Compostela se trasladou a promesa feita por aquel entón pola Conselleira de Medio rural de manter a convocatoria de axudas para asesoramento por un período de 5 anos, iniciada en 2018 con 3 millóns de euros.

Pero como estamos descubrindo agora, só durou un ano, sendo case aniquilada tras a última reunión do Comité de seguimento do PDR en novembro de 2019. A desculpa como de costume é unha redistribución de fondos.

Nesta redistribución suprimíase o asesoramento agrario, deixábanse secas as partidas para zonas con limitacións naturais e para as organizacións de produtores,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasando eses fondos a engrosar o haber das axudas agroambientais e de prevención de lumes.

De feito na medida 13 de pago a zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas reduciron as partidas en 23 millóns de euros. Xa era manifesta a insolidaria percepción política e a pouca intención de axuda ó ser as asignacións do máis cativas.

A lexislación comunitaria permite que estas axudas poidan alcanzar os 450 euros por ha. en zonas de montaña e a 250 euros por ha en zonas desfavorecidas (RD 1305/2013). Na práctica, a Xunta comezou a pagalos a 178 € por ha e a 72 € por ha e no 2018 aínda se reduciron, baixando ata os 124 €/ha e 58 €/ha respectivamente).

Todo isto puxo en pe de guerra os sectores afectados suscitando a protesta colectiva de xeito formal por medio dun documento asinado por vintecinco asociacións e organizacións rurais.

O deseño do actual período 2014-2020 comezou tarde, mal e arrastro e lastrados seguimos esta andaina ata o momento no que nos atopamos. Resta por executar, a un ano da súa extinción, máis do 55% do seu orzamento. Non queremos ter que devolver case 57 millóns de euros a Europa, como no remate do anterior período do PDR pola súa nefasta programación e xestión política e orzamentaria, porque no fondo seguen sen crer no rural, na súa xente e na enorme potencialidade produtiva deste país.

A mediados de ano nada se sabía: descoñeciamos se o goberno ía manter ou non os compromisos asinados cos gandeiros polas axudas agroambientais, produción ecolóxica e razas autóctonas. A día de hoxe sábese que en 2020 haberá dotación orzamentaria, máis para 2021 parece que as intencións son suprimilas definitivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É que non se van respecta-los compromisos asinados? Vai rompe-lo PP unilateralmente eses contratos de boas prácticas cando remate o 2020 e non teña iniciado (xa se sabe como é a preguiza do goberno nestes asuntos) a nova PAC 2021-2027?

Compromisos adquiridos con convocatorias de axudas nos anos 2015-16 e 17 facían que neses momentos se soubesen as necesidades económicas que se ían a ter que afrontar na última parte do período 2014-2020 (5 anos de permanencia) e desde a Xunta non se implementou ningún sistema para garantilos. A día de hoxe incúmprese eses compromisos adquiridos, que nalgún caso terían que chegar ata o ano 2022.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón pola que se deixan sen apenas dotación económica as medidas 2 e máis a 13 do PDR e con dotación insuficiente as medidas agroambientais non permitindo así a incorporación de novas explotacións agrogandeiras a estes contratos?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 18:46:28

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 18:46:37

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 18:46:42

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 18:46:50

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 18:46:57

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 18:47:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EMESA (Elaborados Metálicos) é unha empresa afincada no concello de Coirós e que se adica ás construcións metálicas. Nace en 1958 na Coruña como fundición de puntas, e vaise abrindo ó mercado e diversificando ata que se dá a coñecer en todo o mundo con obras emblemáticas coma a Ponte de Rande, a Torre Picasso, a Intermodal de Liexa en Bélxica, a da Zona Cero de Nova Iork...

A empresa pasou por ser propiedade do Banco Pastor cando estaba afincada na Coruña e trasladouse a Coirós logo de ser vendida ó Grupo Isolux Corsan hai uns 15 anos.

Na propiedade de Isolux Corsán sufriu unha "reconversión" por mor da crise do eólico (actividade á que se adicaba a metade da factoría) pasando de 300 traballadores a poucos máis de 70 cando foi vendida, hai 4 anos, ó Grupo Soil que prometeu que co seu plan en 4 anos volvería dar ocupación a máis de 200 persoas. SOIL RECOVERY compraron en 2015 por 15 millóns, cinco en man e o resto en 10 anos

Nas mans deste último propietario a empresa foi xestionada de forma escura, recibiu axudas de institucións públicas: Igape....500.000euros, Xes... 580.000euros,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CDTI.....2.900.000euros que en moitos casos eran para investir en melloras na factoría, melloras e inversións que nunca foron feitas.

Este propietario, do que afirman ser un fondo voitre, amosou dende o principio un absoluto desprezo polos traballadores e os seus representantes e ó ampara das reformas laborais forzaron o decaemento do convenio colectivo mermando así os dereitos dos traballadores.

Tódolos traballadores con eses dereitos contractualizados tiveron que, un tras doutro, denunciar á empresa para que eses dereitos se repuxesen. Isto ocasionou un clima laboral tóxico e xudicializado con xuízos pendentes e sentenzas xudiciais favorables todas elas ós traballadores que non se cumpren de parte da empresa.

A empresa, a pesar desta situación, mantivo unha importante carga de traballo que resolveu como puido, (neste último ano os clientes pagaban o ferro e a empresa poñía a man de obra).

A empresa di ter unha débeda de 18ME cando facturou máis de 30 e leva anos sen pagar a ningún provedor e vai camiño de lle deber ós seus traballadores/as 4 nóminas. Por esta razón a sospeita é que o Grupo Soil o que quere é desgüaza-la empresa e saca-lo máximo beneficio desta operación.

Agora presenta un ERE extintivo mesmo antes de ter confirmado o concurso de acredores, botou a máis de 30 traballadores nos últimos dous meses alegando, de forma fraudulenta, fin de contrato, cando eles e elas estaban en fraude de lei e polo tanto eran persoal indefinido da empresa. Outros 30 pediron a baixa voluntaria. Na actualidade conta con 84 traballadores/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a actitude do goberno galego e que medidas pensa tomar para resolve-lo conflito laboral e a posible continuidade da empresa EMESA?

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/12/2019 16:22:40

Xosé Luis Bará Torres na data 16/12/2019 16:22:48

María Montserrat Prado Cores na data 16/12/2019 16:22:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/12/2019 16:23:02

Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2019 16:23:09

Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2019 16:23:15



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 (cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009. No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma. Neste documento incluíanse varias partidas para novos edificios que seguen no caixón da Consellería a día de hoxe, aínda que o propio presidente da Xunta de Galicia, na inauguración do novo edificio xudicial de Tui, daba por rematado o plan.

Unha desas partidas específicas -en concreto, de 2.300.000 euros- recollíase para o reagrupamento dos 2 xulgados de Primeira Instancia e Instrución de A Estrada. Como o de Muros, Sarria, Cambados e Vilagarcía, non está feito. Nestes días soubemos que o alcalde ofrecía ao señor Rueda 3.000 metros cadrados para construír nuns terreos municipais o novo edificio, anunciando ademais que se reunirían este mes para comezar a traballar. Semella que agora é un problema importante para o Alcalde e para o Goberno galego, aínda que o propio conselleiro votara en contra no pleno dunha iniciativa para o cumprimento do PIXG 2010-2015 supostamente porque xa estaba cumprido; agora comprobamos que non era así.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten intención o Goberno galego de cumprir na súa totalidade o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 12:53:06

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 12:53:16

María Teresa Porritt Lueiro na data 15/01/2020 12:53:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2020 12:53:41





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a solicitude de adhesión de Galiza como Observador asociado á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate do estado da nación de 2018 o Parlamento aprobou por unanimidade a proposta de resolución presentada polo Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego na que se instaba “a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”.

A incorporación de Galiza á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como observador asociado –categoría creada para acoller as entidades territoriais dotadas de órganos de administración autónomos-- supón dar cumprimento ao artigo 35.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 que contempla a posibilidade de asinar “tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña vínculos culturais e lingüísticos” así como desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía que no seu artigo 3 sinala, “deberán ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego”.

Porén, nos últimos meses o Estado español ten amosado interese por se adherir, como estado observador asociado, á CPLP o que suporía a non incorporación de Galiza como suxeito político propio.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental que o Parlamento de Galiza reafirme a súa posición política, expresada con claridade en outubro de 2018, e inste o Goberno galego a defender a entrada do noso país na CPLP. Galiza non pode perder nin desaproveitar a oportunidade que esta incorporación representa para o desenvolvemento social, económico e cultural do país.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego incumprir o acordo parlamentario unánime de 2018 e renunciar a defender os intereses económicos, políticos, culturais, comerciais e lingüísticos de Galiza na CPLP?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 13:02:24

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 13:02:32

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 13:02:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 13:02:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 13:02:52

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 13:02:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral en **Pleno**, relativa ao desenvolvemento de actuacións cara unha acuicultura sostible.

A expansión da acuicultura provoca preocupación en asuntos tan diversos como os impactos ambientais, os impactos sociais, a seguridade alimentaria, o benestar e a saúde animal e outras cuestións de carácter económico.

Todos estes factores inflúen na sustentabilidade dun sistema acuícola determinado.

Desenvolver, desde xa, unha acuicultura sostible é da máxima importancia para garantir o futuro do sector en Galicia. Todas as lexislacións internacionais e sobre todo as europeas camiñan neste sentido e Galicia debería ser proactiva e exemplo de sustentabilidade.

Calquera tipo de acuicultura que se desenvolva, necesita ser sustentable e xusta. Un sistema de acuicultura sustentable non pode provocar a degradación dos sistemas naturais causada por:

- 1.- Un aumento das concentracións de substancias que se atopan de forma natural.
- 2.- Un aumento das concentracións de substancias producidas pola actividade acuícola, como os químicos persistentes e o dióxido de carbono.
- 3.- Alteracións físicas do medio.

Na práctica, estas tres condicións tradúcense nas seguintes recomendacións:



A utilización de fariña de peixe, aceite de peixe e morralla ou descartes: A fin de reducir a presión exercida sobre as poboacións capturadas para elaborar fariña e aceite de peixe é preciso avanzar na produción sustentable de pensos vexetais. O cultivo de peixes dos elos máis baixos da cadea trófica (herbívoros e omnívoros) no canto dos grandes predadores que poden alimentarse a partir de dietas vexetais é a clave para lograr prácticas acuícolas sustentables. A industria debe profundar na investigación e o desenvolvemento dos peixes herbívoros e omnívoros que posúen un gran potencial comercial e son adecuados para a cría en cativeiro.

Os pensos vexetais deben proceder da agricultura sustentable e as fontes de omega-3 deben ser derivados de algas, aceites de semente de uva, etc.

No caso de cultivo de peixes predadores, debe de reducirse a alimentación procedente de fariña e aceite vexetal complementándoa en porcentaxes da contorna do 50% con pensos vexetais.

A eutrofización e a contaminación química: a fin de reducir os refugallos dos nutrientes, ábrese un gran potencial para o desenvolvemento de sistemas de acuicultura multitrófica integrada (AMI), sistemas hidropónicos e cultivos integrados de vexetais e peces.

Débase considerar insustentable a acuicultura que provoca impactos ambientais negativos en termos de emisións/vertidos ao medio ambiente.

Os escapes de peixes das granxas ao medio mariño: Para liquidar este problema súxírese o uso de redes de bolsa/balsas flotantes pechadas con paredes, co fin de evitar que se escapen os peixes ou recorrer a tanques de auga situados en terra firme. En última instancia, os tanques situados en terra son a única opción se o que se pretende é eliminar calquera risco de fuga que, doutro xeito, podería producirse en caso de grandes tormentas ou outros fenómenos meteorolóxicos extremos no mar.



É fundamental utilizar especies autóctonas.

Recoméndase cultivar soamente especies autóctonas nos sistemas de augas abertas, nese caso, unicamente en redes de bolsa, balsas flotantes pechadas con paredes ou sistemas pechados equivalentes. O cultivo de especies exóticas debería limitarse a tanques situados en terra firme.

A protección do hábitat local: algunhas tácticas acuícolas tiveron graves impactos negativos sobre o hábitat local. As prácticas de acuicultura deben establecerse de modo que non alteren os ecosistemas costeiros e os hábitats locais. Ademais, non deben permitirse novas prácticas acuícolas en zonas que van ser designadas reservas mariñas e as instalacións acuícolas existentes nestas áreas deberían ir retirándose paulatinamente.

Débese de considerar insustentable a acuicultura que produce efectos negativos na flora e a fauna locais ou supón un risco para as poboacións locais que viven en liberdade.

A utilización de xuvenís en liberdade: debe limitarse ao mínimo, e a medio prazo suprimirse, a utilización de xuvenís capturados do seu medio natural para abastecer as prácticas acuícolas.

Débese de considerar insustentable a acuicultura que captura xuvenís do seu medio natural.

O peixe transxénico: a contención física dos peixes modificados xeneticamente non pode garantirse baixo condicións comerciais e calquera escape destes peixes ao medio ambiente podería ter efectos devastadores sobre as poboacións de peixes en liberdade e sobre a biodiversidade.

É imprescindible demandar a prohibición da modificación xenética dos peixes con fins comerciais.

Enfermidades: débese de recomendar o cultivo en densidades de aloxamento que minimicen o risco de brotes e transmisión de enfermidades e, por tanto, minimicen a necesidade de tratamentos contra estas.



Recursos: débese de considerar insustentable a acuicultura que esgota os recursos locais, como as reservas de auga potable.

Saúde humana: débese de considerar insustentable e inxustificada a acuicultura que ameaza a saúde humana.

En resumo débese de considerar acuicultura sustentable aquela que:

- Utiliza maioritariamente pensos de orixe vexetal que procedan de agricultura sustentable.
- Minimiza o uso de fariñas e aceites de peixe para que a produción dun quilo de peixe non necesite máis de tres quilos destes produtos.
- Utiliza as larvas das especies cultivadas que proveñen da cativeidade e non foron pescadas en estado salvaxe.
- Garante a seguridade das instalacións para que non se produzan fugas.
- Non degrada o medioambiente, nin altera a biodiversidade dos ecosistemas onde se asenta.
- Apoia a sustentabilidade económica e o desenvolvemento social das comunidades locais a longo prazo.

Ante todo isto En Marea considera, en consonancia coas recomendacións da FAO, de Greenpeace e de WWF, que ante a importancia actual da acuicultura e as súas posibilidades futuras en Galicia, se desenvolve dunha maneira sustentable, é imprescindible unha estratexia política sectorial de amplo espectro por parte da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia necesario camiñar cara unha acuicultura sustentable na liña do exposto na exposición de motivos anterior?



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/01/2020 12:57:08

David Rodríguez Estévez na data 15/01/2020 12:57:18

Luis Villares Naveira na data 15/01/2020 12:57:26

Paula Vázquez Verao na data 15/01/2020 12:57:36



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 por cento dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 por cento dese ano ao 16,4 por cento do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Complexo Residencial de Persoas Dependentes (CRAPD), situado en Vigo, está formado por centros de xestión propia da Xunta de Galicia que contan con 454 prazas para persoas dependentes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento de que ademais dos problemas de sobrecarga de traballo do persoal que traballa neste centro (unha problemática xeneralizada en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social), e a non cobertura das baixas e vacacións do persoal, da existencia dunha elevada conflictividade laboral, e falla de diálogo entre a representación legal das traballadoras e traballadores coa dirección. De feito, recentemente abriuse expediente disciplinario e proposta de sanción disciplinaria a catro auxiliares de enfermaría traballadoras deste centro, segundo a dirección polo non acompañamento dun residente dende o terceiro andar ao primeiro. Por ditos feitos motivados, tal e como denunciou o propio comité de empresa, pola comunicación ás traballadoras de ordes contraditorias dende diferentes departamentos, se lles impón unha sanción de suspensión de emprego e soldo durante dez días, e a expulsión das listas de



contratación por ese período.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo (CRAPD)?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:27:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 16:27:18

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:27:30



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma Procap Ourense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá



senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4 600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

En setembro de 2018 a daquela directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea “Asiste.00” de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

O 16 de xaneiro de 2019 aprobábase sen modificacións e por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista coa seguinte parte resolutiva:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Licitar a obra do centro de atención para persoas con diversidade funcional de Ourense para maiores de 21 anos antes de maio do ano 2019, así como que estean listos os pregos que rexerán o procedemento de adxudicación da mesma e o seu equipamento.*
- 2. Comprometerse firmemente para que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.*
- 3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade En Ourense”.*

A conselleira de Política Social presentaba en Ourense o pasado 31 de xullo o proxecto do centro de atención a persoas con diversidade funcional, onde anunciou tamén que a licitación da actuación terá lugar no mes de setembro cando se aprobe no Consello da Xunta a autorización para enviar o procedemento ao Boletín Oficial da Unión Europea.

O 3 de agosto representantes da plataforma Procap reuníronse co director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e a delegada da Xunta en Ourense, para coñecer polo miúdo o proxecto do futuro centro de atención para persoas con



diversidade funcional. Trala xuntanza, a plataforma amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a Xunta de Galicia teña previsto que o centro non sexa 100 % de xestión pública.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode garantir a Xunta de Galicia que o futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense, vai ser de xestión cento por cento pública?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:28:48

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:29:01



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de prever e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio de la Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada



debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo. Nesta liña de traballo, o 25 de xuño aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia, unha iniciativa socialista na que se *“insta a Xunta de Galicia a elaborar durante a X lexislatura, e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.*

a) *Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.*

b) *Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno”.*

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que fase se atopan os traballos para que, tal e como se aprobou por unanimidade no pleno do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia elabore durante a X lexislatura un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:29:54

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:30:05



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo. O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo. A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicolóxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

En España, o incremento do xogo foi exponencial desde a súa legalización en 1977. O noso país é actualmente, xunto con Alemaña, o que maior gasto en xogo per cápita realiza de Europa, e un dos maiores do mundo. Constátase que despois das máquinas comecartos, os xogos on-line supoñen o maior problema neste eido. O perfil do xogador on-line é novo, existindo casos de menores que xogan polo fácil que é vulnerar a lei na internet. O xogo en liña constitúese así como a segunda causa de tratamento por adicción ao xogo. A chegada da rede trouxo a un novo tipo de ludópata, a maioría son homes, teñen estudos, e cada vez son máis novos. Ata hai pouco os xogadores empezaban de media aos 28 anos a apostar, na actualidade esa media está xa nos 18 anos. Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on-line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia sinala como “*competencia exclusiva da Comunidade, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas*”. Acorde co anterior e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entrada en vigor da *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo*, tiña entre os seus obxectivos a protección dos usuarios, a protección dos menores e a



protección dos grupos vulnerables. Por iso, correspóndelle ás administracións públicas contribuir a alcanzalos.

O 12 de abril de 2018 aprobábase por unanimidade, na Comisión 5.^a do Parlamento de Galicia, unha iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a previr e combater a ludopatía entre a mocidade poñendo en marcha, entre outras, as seguintes medidas:

- 1. Habilitar mecanismos de control no risco de máquinas comecartos, con toda a urxencia posible, ao ser o risco de adicción máis estendido.*
- 2. Establecer unha regulación clara, concisa e estrita sobre os distintos programas de incitación á práctica das diversas modalidades de xogo en liña, incidindo fundamentalmente na regulación da publicidade.*
- 3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas orzamentariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.*
- 4. Expor na Comisión de Xogo de Galicia (creada a través da Lei 14/85, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, como órgano de estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas En Galicia) o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración para que se establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento, priorizando os intereses da sociedade En xeral e non só os intereses dos axentes económicos.*

5. Valorar a posibilidade de:

- a) Realizar un estudo sobre a incidencia das condutas de risco relacionadas co xogo na poboación galega, distinguindo idade e sexo, e os servizos de rehabilitación existentes no territorio.*
- b) Organizar cursos de formación para profesorado, pediatras e profesionais da Atención Primaria en relación á detección de condutas aditivas e a actuación profesional a seguir.”*



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do grao de cumprimento do acordo alcanzado por unanimidade o pasado 12 de abril de 2018, na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, para previr e combater a ludopatía entre a mocidade galega?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:43:26

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:43:35



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de adquirir os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de Ribadavia. A capital e a comarca do Ribeiro necesitan un novo centro de saúde para atender á poboación, tendo en conta os problemas estruturais que presenta o agora existente con 30 anos de antigüidade, aos que hai que engadir a súa localización a beiras do Avia, nunha zona inundable e con exceso de humidade. Entre estas, destácase a falta de accesibilidade para persoas en cadeira de rodas nos baños, problemas no illamento térmico e carpintería, pingueiras, humidades e tramos rotos no pavimento, que mesmo chegaron a causar accidentes aos pacientes. Unha equipa de inspección do Sergas comprobou in situ o pasado mes de xaneiro o estado das instalacións.

A iniciativa de construír un centro de saúde noutra zona de Ribadavia partiu no ano 2007 do equipo de goberno socialista do Concello, e en setembro de 2008 producíase a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela no Campo da Feira adquirida a particulares cun gasto aproximado de 30.000 euros. Ao mes seguinte, a Consellería de Sanidade licitaba a redacción do proxecto, ascendendo o investimento calculado polos técnicos a 2.890.000 euros, para un edificio de dúas



plantas e un total de 2.500 metros cadrados útiles. Aprobouse ademais por parte do Concello de Ribadavia unha modificación puntual da superficie, que antes era rústica e agora é dotacional, e como tal se contempla no futuro Plan xeral de ordenación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia construír durante a X lexislatura, un novo centro de saúde en Ribadavia?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:44:40

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:44:50



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das menores e dos menores en familias en situacións de conflito.

Á súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos aos que terán que se axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade



escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a Administración.

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o Punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e desde o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como se se tratase simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.
- Negativa desde o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

Por todo iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela





Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:47:04

María Luisa Pierres López na data 15/01/2020 16:47:14

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:47:28



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O grupo internacional de traballo en obesidade (IOTF) e a Organización Mundial da Saúde (OMS), definiron a obesidade como a epidemia do século XXI polas dimensións adquiridas ao longo das últimas décadas, o seu impacto sobre a morbilidade, a calidade de vida e o gasto sanitario.

Cada vez se dispón de evidencia máis uniforme sobre o impacto da obesidade na maior parte das enfermidades crónicas, non só en relación coas cardiovasculares, senón tamén con outros problemas frecuentes como a diabetes tipo 2, a artrose, os problemas psicolóxicos e mesmo algúns tipos de cancro, tales como o de colon, o de mama e o de endometrio. O importante impacto sobre as enfermidades crónicas, o custo sanitario, a calidade de vida e as súas crecentes dimensións configuran a obesidade como un importante problema de saúde pública. Así o recoñeceu a OMS na estratexia global en nutrición e actividade física aprobada en maio de 2004, urxindo aos países membros a desenvolver plans de acción encamiñados a promover hábitos alimentarios saudables e a estimular a práctica habitual de actividade física como principais estratexias preventivas.

Segundo os datos da Enquisa Nacional de Saúde publicados polo Instituto Nacional de Estatística, o 64,6 % dos galegos e galegas, máis de 1,7 millóns, valoraron o seu estado de saúde xeral como “moi bo” ou “bo” durante 2017, mentres que, no outro extremo, 39.100 declararon ter un estado de saúde “moi malo”. Con respecto ás características físicas da poboación, a Enquisa Nacional de Saúde de España 2017 realizada polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, reflicte que no referente ao Índice Masa Corporal en relación á comunidade autónoma de nacemento, en Galicia hai un 59,75 % da poboación maior de 18 anos que sofre sobrepeso ou obesidade, é dicir que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso, a segunda máis elevada de todo España (soamente por detrás da Rexión de Murcia), e cinco puntos superior á media estatal.

No caso da poboación infantil, a pesares de que os datos da enquisa de 2017 do Ministerio indican que na actualidade o número de nenos e nenas de entre 2 e 17 anos que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso é inferior á



media estatal, son un 23,29 % os e as nenos e nenas que sofren sobrepeso ou obesidade, datos que se os analizamos en función do sexo son superiores nos homes que nas mulleres.

No ano 2013 a Xunta de Galicia puña en marcha o Plan Xermola, cuxo obxectivo era “diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil de Galicia (menores de 18 anos) nun prazo de 8 anos, mellorar o patrón alimentario e de actividade física da poboación infantil e xuvenil como principais determinantes actuais desta patoloxía e actuar sobre outros que vaia identificando a evidencia científica”. Seis anos despois da súa posta en marcha, non temos coñecemento de que haxa unha avaliación do mesmo, todo elo cando a taxa de nenos e nenas que teñen un peso maior ao considerado como normopeso, segue sendo alarmante, un problema grave que se debe abordar con urxencia, xa que pode afectar á súa saúde inmediata, así como ao nivel educativo que poden alcanzar, e a súa calidade de vida

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para reducir a taxa de galegos e galegas con un peso maior ao considerado como normopeso?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:48:38

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:48:48



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de



Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:49:34

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 16:49:44

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:49:54



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do CHUOU non está dispoñible as 24 horas do día, o que provoca centos de traslados ao Complexo Hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago, o que supón dende o punto de vista do Grupo Socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

A marxinación que durante estes anos sufriu Ourense, era ata o de agora moi similar no caso de hemodinámica á de Lugo, ata que o pasado 24 de xaneiro o conselleiro de Sanidade anunciaba que o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), contará co servizo de hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario e usuarios e usuarias durante anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera necesario a Xunta de Galicia ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:50:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 16:50:54

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:51:05



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do neno, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do espaxamento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno. No ámbito estatal, tras vinte anos dende a aprobación da Lei orgánica 1/1996 de Protección xurídica do Menor, recentemente aprobáronse a Lei 26/2015 de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, co obxectivo de garantir unha protección uniforme aos menores de idade en todo o Estado.



No ámbito da nosa comunidade autónoma, o Estatuto de autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles da lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

A pesares do cal o ámbito normativo galego relativo á infancia redúcese ao Título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, que se dedica á infancia e á adolescencia, e a ordes específicas. Non existe sen embargo en Galicia, tal e como si que acontece en outras comunidades autónomas, unha lei de protección á infancia, nin órganos e estruturas dedicadas especificamente á análise da situación e a defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Motivo polo cal o informe recentemente publicado por UNICEF “A infancia en Galicia 2018”, destaca entre outras moitas consideracións “a escasa atención, tanto no plano normativo coma documental, que se lle prestou á situación da infancia en Galicia”.

Ademais, no relativo ás estratexias e plans no marco da infancia elaborados pola Xunta de Galicia nestes últimos anos, ou ben acumulan grandes retrasos levando anos en fase de borrador, ou non se dispón dun informe de impacto das mesmas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a nosa comunidade autónoma precisa dunha lei de protección á infancia específica?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:51:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 16:52:04

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:52:15



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A concepción da Atención Primaria como porta de entrada do Sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha Atención Primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o Sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15 % facultativos de Atención Primaria dos que se producen en Galicia, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros sen



atención porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou pola saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención Primaria na nosa comunidade autónoma, sobre todo nos concellos do rural, a través da non substitución de baixas por enfermidade, ou a amortización de prazas.

Na provincia de Ourense son moitos os exemplos desta vontade recortadora en materia sanitaria do Goberno galego, ao que segundo as informacións que dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos recentemente, teremos que engadir un novo no centro de saúde de Rubiá. Neste centro traballaban ata o de agora dous médicos, trala xubilación dun deles no mes de agosto, a Xunta de Galicia decidiu que a partires dese momento soamente preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustificadísimo número de citas, extracción para analíticas, urxencias en horario de mañá, e atención domiciliaria nun concello cunha elevada dispersión da poboación que segundo datos do IGE do ano 2017 contaba con 1.462 habitantes, o 41 % dos cales teñen máis de 65 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que é suficiente para cubrir a demanda existente, que o centro de saúde de Rubiá (Ourense) conte a partir de agora soamente cun médico?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:53:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 16:54:03

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:54:12



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A evidencia científica demostrou a importancia dos estilos de vida na saúde da poboación e confirmou que o contexto social onde desenvolven a súa vida desempeña un papel fundamental na etiología e evolución de calquera enfermidade, entendendo como determinantes sociais da saúde as circunstancias en que as persoas nacen, desenvólvense, envellecen e morren, así como os sistemas establecidos para combater a enfermidade, o que a súa vez depende dun marco máis amplo de políticas económicas e sociais.

De feito, cando un sistema sanitario pon a énfase na asistencia clínica, deixando de lado a atención social, os problemas de saúde non se resollen completamente e córrese o risco de que os recursos sanitarios se utilicen de xeito inadecuado.

Nos últimos anos, todas as comunidades autónomas estruturan a organización e funcionamento do Traballo Social Sanitario en Atención Primaria de Saúde e no sistema de saúde, recollendo que o Traballo Social indaga nos factores sociais ou determinantes que inflúen na saúde das persoas, grupos e comunidades.

O traballo social en saúde pódense definir como unha técnica de intervención dentro do campo da saúde e o ámbito social, que promove o desenvolvemento das habilidades das persoas e actúa sobre a contorna para incidir nos factores que se relacionan con estilos de vida como profesionais inmersos no sistema sanitario. Os e as que participan desta tarefa (asistencial e preventiva), ocúpanse dos aspectos psicosociais do individuo, a través do estudo, diagnóstico e tratamento dos factores sociais que concorren no mantemento da saúde e na aparición da enfermidade das persoas, os grupos e as comunidades, colaborando en potenciar o carácter social da medicina. No plano individual e familiar achegan alternativas ou solucións ás dificultades/problemas sociais que sofren coa aparición e o desenvolvemento da enfermidade, co obxectivo de evitar os desaxustes sociofamiliares que se producen como consecuencia da perda de saúde, establecendo un sistema de participación dos pacientes e/ou familiares na atención individual e a toma de decisións terapéuticas.



A pesar de que no ámbito sanitario, os e as traballadoras sociais forman parte do sistema sanitario e son o punto de unión entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais, non se lles deu a relevancia que merecen, tendo en conta o déficit de persoal na sanidade pública galega destes profesionais, tanto en a Atención Primaria como na Atención Especializada.

Os e as traballadoras sociais son profesionais idóneos para saber en cada caso e en cada situación cales son os elementos que deben poñerse en xogo para devolver ao individuo ou á comunidade a situacións máis normalizadas, ademais de estar academicamente preparados para abordar, atender e poñer en marcha os mecanismos de resolución dos aspectos sociais que inciden no marco da saúde persoal, familiar, grupal e comunitaria.

Ademais en Galicia, onde no 60 % dos municipios a idade media supera os cincuenta anos (tres anos máis que España e case sete máis que na UE), o papel destes profesionais na atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores é prioritario, para garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

O Servizo Galego de Saúde carece do número suficiente destes profesionais para que poidan prestar os seus servizos en cada un dos Equipos Básicos de Saúde de Atención Primaria, debendo compartir distintas áreas e formar parte de varias equipas, o que supón, entre outras accións, que non poidan levar a cabo os estudos necesarios dos factores de risco e protección relacionados coa saúde dos individuos e as familias, nin planificar intervencións, así como non poder avaliar e manter programas integrais de intervención en saúde comunitaria.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que son suficientes, para garantir unha atención social de calidade no ámbito sanitario, o número de traballadores e traballadoras sociais que prestan na actualidade os seus servizos no Servizo Galego de Saúde?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:55:18

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:55:27



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo Pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. Recentemente coñecemos dito documento que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 % do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola Administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta, que experimentaron un descenso dun 7,1 % no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi superior



aos seis meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corruxiron posteriormente a ser notificadas.

Son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que deba levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do informe do Consello de Contas, publicado recentemente, “*sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade*” e que prazos concretos vai establecer para dar cumprimento ao compromiso de construción de residencias públicas nas sete cidades máis importantes de Galicia para así paliar o grave déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores que revela este informe?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:20:55
Nº Rexistro: 61645
Data envío: 15/01/2020 17:20:55.547

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:56:21

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:56:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2020 16:56:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase a financiación, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e os menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o cansazo acumulado; así como para



quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:57:41

María Luisa Pierres López na data 15/01/2020 16:57:51

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 16:58:03



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Entroido de Viana do Bolo, que goza de recoñecida fama, é quizais un dos máis orixinais que se celebran en Galicia e o evento máis antigo e con máis tradición da zona. Os preparativos desta festa comezan ao finalizar o día de Reis, cos ensaios e a preparación de disfraces e carrozas. Ao finalizar a xornada diaria e durante os fins de semana, os veciños e veciñas organízanse para ir tocar o “folión” por todos os pobos da comarca. Hai numerosos “folións”, que fan soar ritmicamente grandes bombos e apeiros de labranza. E así ata que chega o primeiro dos días de fariña, o “xoves de compadres”, que ten lugar dous xoves antes do “domingo gordo”.

A continuación chega o sábado de fariña, con festa e charangas para dar a benvida aos mozos e mozas que estudan fóra do pobo. Os lardeiros son tradicionalmente vestidos con pezas roubadas aos mozos e ás mozas de Viana. O seguinte xoves é o “de comadres”. A noite anterior son os mozos os que rouban unha peza ás mozas para colocarlle á boneca “Lardeira”, que se coloca nun poste á beira do “Lardeiro”. O venres celébrase unha festa de disfraces para nenos e maiores, xuntándose todos de noite para ir de “foliada” por rúas e bares da vila, do mesmo xeito que o sábado, un día no que a poboación de Viana do Bolo adóitase triplicar.

O “domingo gordo” é o día grande do entroido. Dende ben cedo, a banda de gaitas percorre as rúas con alboradas para espertar a veciños e visitantes. Tras a recepción ás autoridades, o pregón e a entrega das insignias da “androlla”, iníciase o gran desfile que percorre as principais rúas, participando todos os personaxes típicos do Entroido: “os boteiros”, “a mula”, “os folións” e “as carrozas”. O Boteiro é a figura máis rechamante do Entroido, coa súa máscara negra, ten como misión manter afastados aos espectadores, dando grandes brincos sobre unha pértega curta de cores chamada “monca”. Sobre a cabeza, o boteiro leva a chamada pantalla, un ornamento de vivas cores que vai suxeito á cabeza. Ademais, a vestimenta do boteiro está tamén composta por outras tres pezas: uns pantalóns de raso vermello, unhas polainas de coiro, e unha vistosa camisa confeccionada a partir dunha camiseta de felpa, sobre a que se cosen cintas



rizadas de seda ou raso que forman debuxos de cores, empregándose nela máis de 1.000 metros de cinta. O cinto está feito de coiro forrado de tea e doce esquilas (cencerros) que tintinean cando o boteiro salta. A Mula sempre vai guiada por un Maragato; antigamente subíase aos seus lombos ao cacique do pobo para que convidase a viño e viandas a todos os veciños. Durante esta xornada, adoita celebrarse a “festa da androlla”, o produto gastronómico máis internacional da zona.

Como en todos os entroidos da provincia de Ourense, o luns é o día dedicado aos nenos e nenas, con desfiles, concursos e pasarúas. O martes o folián percorre as rúas e despídese ata o ano próximo, disfrazados e cargados de fariña, os participantes na festa, percorren as rúas ata a hora do baile e dos concursos de disfraces.

Dita festa trátase pois dunha manifestación de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración polas súas características etnolóxicas e que ten unha especial importancia como atractivo turístico, polo que foi declarada de interese turístico de Galicia no ano 1999. Tendo en conta ademais que cumpre todos os requisitos recollidos na Orde ITC/1763/2006, do 3 de maio, para acadar a declaración dunha festas de interese turístico nacional:

- a) A antigüidade da celebración da festa ou acontecemento de que se trate.
- b) A súa continuidade no tempo (entre unha e outra celebración da festa non deberá transcorrer máis de cinco anos).
- c) Arraigamento da festa na localidade, o que implica a participación cidadá no desenvolvemento da festa.
- d) A orixinalidade e diversidade dos actos que se realicen.

O Pleno do Concello de Viana do Bolo no ano 2014, a proposta do grupo socialista, solicitou o inicio dos trámites para que o entroido de Viana do Bolo se declarara de “interese turístico nacional”, unha declaración coa que xa contan outros dous entroidos da provincia de Ourense: o de Xinzo da Limia e Verín.

Esta declaración require dun informe favorable da comunidade autónoma, neste caso dos organismos turísticos competentes da Xunta de Galicia, que remitirán no seu caso o expediente acompañado do informe á Subdirección General de Calidad e Innovación Turísticas, da Secretaría General de Turismo, que ditaminará ao respecto.

Esta declaración de carácter honorífico daría un empuxón a unha das festas máis antigas e simbólicas de Galicia, á vez que supoñería un revulsivo socioeconómico



nunha provincia que precisa de medidas de acción positiva en todos os ámbitos e sectores de desenvolvemento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de “Interese Turístico Nacional”?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 16:58:54

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 16:59:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 16:59:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2020 16:59:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas. Esta situación obrigaba á Xerencia a reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e dos profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos nenos e nenas da provincia de Ourense tiveron que ser atendidos en Vigo, dende a supresión deste servizo no ano 2013, para someterse a unha intervención cirúrxica fora do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:00:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 17:00:29

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 17:00:40

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:00:51



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Ourense?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:02:04

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:02:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 17:02:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como “edificio da Torre”, a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado “edificio singular”, á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.

Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tennis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo



custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4.^a, de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Facenda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes”.

Posteriormente, preguntado polo Grupo Parlamentario Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o conselleiro de Cultura afirmaba que “o 20 de abril a consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas”, ao tempo que recoñecía que “existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen compren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á consellería”.

O Ateneo de Ourense recibía unha notificación de desaloxo do local provisional que ocupaban ata entón, que tiña que abandonar antes do día 10 de abril do ano 2017.

Xerouse entón en Ourense un movemento social en defensa do Ateneo de Ourense que desembocou na creación dunha plataforma cidadá para evitar o peche desta entidade senlleira da cidade, que fixo que as institucións reaccionaran ás demandas da cidadanía comprometéndose a que unha vez se complete o traslado da Biblioteca Pública de Ourense a San Francisco, o Goberno galego procedería a reordenar o edificio da rúa Concello e cederlle un espazo. Para solucionar esa fase transitoria, a Deputación puxo a disposición da asociación as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Garante o Goberno galego que unha vez se materialice o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco, cederá un espazo ao Ateneo de Ourense para que este poida desempeñar a súa actividade?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:03:16

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 17:03:27

María de la Concepción Burgo López na data 15/01/2020 17:03:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2020 17:03:48



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, levan máis de vinte cinco anos coa estrada que leva as súas casas cortada ao tráfico, a OU-0807.

A pesar de que esta vía, de titularidade da Deputación de Ourense, leva cortada así como sinalizada a prohibición de circular pola mesma polo mal estado no que se atopa dende hai tempo, era a estrada pola que circulaban a diario ata o de agora, tanto as ambulancias, como o transporte escolar e de todo tipo de vehículos, e mesmo os propios veciños e veciñas.

Durante estes anos, a situación da estrada aínda se foi deteriorando máis, debido en gran medida a actividade das explotacións de lousa da zona así como a súa utilización a diario para ese tráfico pesado, ata que as choivas destas últimas semanas provocaron unha greta lonxitudinal no medio da calzada, existindo segundo afirman os técnicos no tramo final (o máis próximo a San Vicente de Leira), un alto risco de derrube. O pasado sábado a Deputación de Ourense realizou o corte físico desta estrada.

A alternativa que ofrecen é circular pola estrada de O Robledo, de titularidade municipal, que debido a súa elevada pendente así como ao firme e outras consideracións técnicas, non ofrece óptimas condicións de seguridade.

Dende a Deputación de Ourense afirmase que esta é unha solución provisional mentres non se leve a cabo a obra de recheo da vaguada, pero a veciñanza leva esperando máis de vinte anos a que a institución provincial realice esta obra.

Non parece dunha administración responsable, tanto sexa provincial como autonómica, ter a unha poboación illada (a maioría persoas maiores), e sen acceso por estrada, desentendéndose do que poida pasar por non ter a posibilidade de circular por unha estrada en condicións de seguridade.

Sabemos que se trata dunha obra que esixe un orzamento importante para unha



Deputación, pero tamén sabemos que as diferentes administracións son solidarias no caso de asegurar servizos mínimos para os cidadáns administrados, que un acceso seguro as súas casas é algo básico, e que ademais o levan reivindicando os veciños e veciñas de San Vicente dende hai máis de 25 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), debido ao corte físico da estrada OU-0807?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:04:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2020 17:04:42

María Luisa Pierres López na data 15/01/2020 17:04:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 17:05:03



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos, e a das súas familias e cuidadores.

No artigo 18 da devandita lei establécese a “*prestación económica para cuidados na contorna familiar, e o apoio a cuidadores non profesionais*”:

- 1. Excepcionalmente, cando o beneficiario estea a ser atendido pola súa contorna familiar, e reúnanse as condicións establecidas no artigo 14.4, recoñecerase unha prestación económica para cuidados familiares.*
- 2. Previo acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableceranse as condicións de acceso a esta prestación, en función do grao recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.*
- 3. O cuidador deberá axustarse ás normas sobre afiliación, alta e cotización á Seguridade Social que se determinen regulamentariamente.*
- 4. O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia promoverá accións de apoio aos cuidadores non profesionais que incorporarán programas de formación, información e medidas para atender os períodos de descanso”.*

Galicia no ámbito das súas competencias, recolle a oferta das prestacións establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, integrándoas no Sistema Galego de Servizos Sociais, a través da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como na súa normativa de desenvolvemento.

Aos retallos na atención aos dependentes, hai que engadir as numerosas respostas negativas a solicitudes de prestación económica na contorna familiar. É habitual que se atribúa un servizo de axuda no fogar (SAF) e non o solicitado, a



prestación, o que está motivando moitos recursos e incluso renuncias aos dereitos recollidos na propia Lei de dependencia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia da concesión de prestacións económicas na contorna familiar nestes últimos anos na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:06:17

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:06:35



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2018 publicouse a Resolución do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017 e 2018.

As axudas teñen por obxecto a posta en funcionamento de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

O crédito orzamentario disposto é de 1.400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo 350.000 euros á anualidade de 2017 e 1.050.000 euros á anualidade de 2018.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas, expresado en euros, recóllense no anexo desta resolución:

Número expediente	Entidade solicitante	Importe axuda
BS403D-1/2017	Asociación de empresarios de Mos-AEMOS	200.000 €
BS403D-3/2017	Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada	200.000 €



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos previstos polo goberno galego a respecto da creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de G

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:08:56

María Luisa Pierres López na data 15/01/2020 17:09:05

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:09:15



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e cuidadores.

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Segundo advirte o último informe sobre o estado da dependencia en Galicia, publicado por Comisións Obreiras, hai decenas de miles de galegos que poderían pedir esta axuda pero sen embargo non o fan. O informe presentado polo sindicato tamén pon o foco nas persoas que teñen o dereito recoñecido e con todo non reciben axudas. Eran a finais do 2017 máis de once mil, o 17,6 % do total de persoas beneficiarias. A finais do 2017 o 32 % das persoas usuarias tiñan axuda a



domicilio; o 21 % recibían unha prestación económica por coidados familiares; o 12 % estaban nunha residencia e o 11 % acudían a un centro de día ou de noite. Ademais o 32 % das persoas con dereito recoñecido teñen un grao III, o nivel máis severo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando xa se cumpriron once anos da aprobación da *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:10:04

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:10:14



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A pesares de que o envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, posuímos o triste liderado de ter o índice de cobertura de prazas con financiamento público en centros residenciais para maiores de 65 anos, máis baixo de todas as Comunidades Autónomas. Sitúase no 1,25 (nº de prazas/poboación de máis de 65 anos x 100), cando a media española é de 2,40, segundo os últimos datos oficiais do Imserso.

O presidente da Xunta de Galicia comunicou o pasado 19 de xullo, na rolda de prensa tralo Consello da Xunta, a creación das “casas do maior”, un servizo que segundo informou brindará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos concellos de menos de 5.000 habitantes, estimando que na primeira convocatoria impúlsense ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios se van a ter en conta á hora de escoller aos concellos nos que se sitúen?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:11:08

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:11:19



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A pesares de que o envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, posuímos o triste liderado de ter o índice de cobertura de prazas con financiamento público en centros residenciais para maiores de 65 anos, máis baixo de todas as Comunidades Autónomas. Sitúase no 1,25 (nº de prazas/poboación de máis de 65 anos x 100), cando a media española é de 2,40, segundo os últimos datos oficiais do Imsero.

O presidente da Xunta de Galicia comunicou o pasado 19 de xullo, na rolda de prensa tralo Consello da Xunta, a creación das “casas do maior”, un servizo que segundo informou brindará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos concellos de menos de 5.000 habitantes, estimando que na primeira convocatoria impúlsense ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que requisitos profesionais se lles esixirá ás persoas que vaian atender directamente ás persoas maiores nestas casas?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:11:53

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:12:02



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O conselleiro do Medio Rural, o Sr. González, vén de remitir unha carta aos beneficiarios das axudas agroambientais, na que se lles afirma a prórroga das axudas para o ano 2020.

Sinalando, tamén, que se vía na obriga de tomar esta iniciativa ante diversa información difundida por determinados medios de comunicación e organizacións, aos que acusa de non estar a dar unha información veraz.

Así, esta carta xa podemos considerala como o inicio dunha campaña máis de publicidade indirecta da Consellería do Medio Rural. Remataba cunha estraña solicitude de petición de datos de carácter persoal como son: o número de teléfono móbil e enderezo electrónico dos beneficiarios, co pretexto de posibilitar “unha comunicación máis fluída”.

Pola contra, na misiva de data 18 de decembro de 2019, nada se di do tratamento que van recibir eses datos, vulnerando todo isto a actual normativa de protección de datos.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cre o Sr. conselleiro do Medio Rural, que é unha boa praxe utilizar o envío de cartas aos beneficiarios de axudas medioambientais coa solicitude de datos de carácter persoal?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 16:21:13





Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 16:21:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 18:15:32

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 18:15:41

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 18:15:48

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 18:15:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 18:16:06

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 18:16:14



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral pleno**.

En novembro de 2018 o barrio de Xunqueira, en Viveiro, sufriu un episodio de inundacións que, lamentablemente, acabou coa vida dunha veciña. Desde un primeiro momento o Goberno galego púxose a traballar para paliar os danos materiais causados e amosou a súa disposición a colaborar co Concello de Viveiro na procura de medidas que permitan evitar futuros riscos.

A Xunta comprometeuse cos veciños a realizar un estudo de alternativas sobre as posibles medidas a adoptar para reducir o impacto das inundacións no núcleo de Xunqueira e, xa no mes de marzo pasado, remitiulle o resultado ao Concello de Viveiro para que decidise que actuación impulsar, en diálogo cos veciños.

Ante a falta de concreción neste sentido por parte do Concello, a Xunta mantivo unha xuntanza cos veciños no mes de setembro para trasladarlles as conclusións do dito estudo e para recoller tamén as súas consideracións.

Máis recentemente, concretamente a comezos de decembro, a Xunta mantiña un novo encontro cos veciños e coa alcaldesa de Viveiro *-na súa condición de representante do Concello e tamén por delegación do presidente da Deputación Provincial-*, para abordar as actuacións que é necesario levar a cabo nese barrio de Xunqueira; actuacións, a meirande parte delas, de carácter urbanístico.

Nesa xuntanza, o Goberno galego presentou o resultado do estudo realizado por Augas de Galicia sobre a viabilidade de actuacións complementarias que plantexaban os veciños ás que inicialmente foran formuladas para minimizar o perigo de asolagamentos no núcleo de Xunqueira.

Polo exposto, ante a necesidade de que se adopten, á maior brevidade, as medidas necesarias no núcleo de Xunqueira, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en **Pleno**:



- Cal é o resultado do estudo realizado pola Xunta de Galicia para reducir o risco de inundacións no núcleo de Xunqueira, en Viveiro?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 15/01/2020 18:16:16

Gonzalo Trenor López na data 15/01/2020 18:16:47

Martín Fernández Prado na data 15/01/2020 18:16:55

Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2020 18:17:14

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 18:17:34

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2020 18:17:46

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2020 18:17:59

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2020 18:18:16

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2020 18:18:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En agosto do 2017, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modificaba a *Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia*. Este anteproxecto incluía unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A pesares das fortes críticas que dende todos os ámbitos se verteron ante os cambios propostos polo Goberno galego, finalmente a reforma da Lei de saúde aprobouse no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o pasado 20 de marzo, cos únicos votos a favor do PP. A reorganización do mapa sanitario de Galicia é unha das cuestións fundamentais que inclúe, pois reformula a ordenación contemplada ata entón cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas, ao retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, quedan a expensas de ser determinadas “por decreto do Consello da Xunta”

Como consecuencia desta modificación do mapa sanitario, elimináronse as áreas sanitarias especialmente sinaladas, que eran as do Salnés, a Mariña Lucense, Monforte e Valdeorras, abrindo a porta á perda de servizos nestas áreas comarcais en favor das concentracións de servizos nos centros hospitalarios das grandes urbes. Esta concentración, que xa foi iniciada coa implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, foi sinalada xa dende entón como un erro por parte da meirande parte dos e das profesionais do sistema sanitario, e constatada polos usuarios e usuarias coa perda progresiva de servizos nos hospitais comarcais. Dende o Grupo Parlamentario Socialista alertamos xa entón de que a perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se



converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

No caso do Hospital de Valdeorras, o déficit de especialistas agudízase cada vez máis, prexudicando non soamente aos propios profesionais, cansos xa de asumir responsabilidades que non lles competen debido á precariedade da escaseza de recursos que teñen ao seu dispor, senón tamén aos propios usuarios e usuarias que cada vez con máis asiduidade teñen que acudir ao CHUOU (a máis dunha hora e media circulando en vehículo particular pola sinuosa N-120), ou mesmo aos centros hospitalarios de Vigo (a máis de dúas horas e media do Barco de Valdeorras), a realizar tratamentos ou probas que antes se realizaban no Hospital Comarcal de Valdeorras. Recentemente dende o Grupo Socialista, tiñamos coñecemento de que neste centro non se están a cubrir todas as gardas de traumatoloxía, un pilar básico nun centro hospitalario que atende a unha poboación cunha elevada idade media, chegando incluso un facultativo de urxencias a denunciar fallos na organización e coordinación durante o mes de decembro, con situacións que xeraban risco para a saúde dos usuarios e usuarias.

Este non é un feito puntual, senón que se está convertendo na tónica xeral do funcionamento deste hospital: peche temporal da hospitalización a domicilio pola precariedade no número de especialistas de medicina interna, déficit de médicos de apoio no traslado de pacientes graves, gardas aleatorias e non continuadas noutras especialidades (como é o caso de hematoloxía), déficit de cirurxiáns adscritos ao servizo de rehabilitación, insuficiencia de pediatras... Unha situación que denota non soamente descoordinación, senón que a eliminación da área sanitaria de Valdeorras e a recentralización nunha única área provincial, xunto coa insuficiencia de orzamento, diminuíu a calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar aos valdeorreses e valdeorresas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a eliminación da área sanitaria de Valdeorras contribuíu a mellorar a calidade da asistencia sanitaria que se presta no Hospital Comarcal de Valdeorras?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:15:53

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2020 17:16:04

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:16:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos xa en 2020, e a situación da ría de Ferrol lonxe de mellorar é cada vez peor. Sen ir mais atrás, desde comezo desta década ate a actualidade a produción marisqueira baixou a apenas un 10% do que era. Isto ocorre en todos os ámbitos da mesma, a pé e a flote, en case todas as especies, e é especialmente grave na ameixa babosa e a ameixa fina.

Hoxe en día está seriamente en risco a viabilidade das tres Confrarías da ría, con a maior parte dos mariscadores e mariscadoras con baixas prolongadas ou sobrevivindo, gañando apenas para pagar o seguro e pouco mais. Situacións persoais penosas e Confrarías sen ingresos.

As causas desta situación como case sempre, exceptuando algunha catástrofe concreta, son múltiples. Mais as principais son de sobras coñecidas e por parte da Consellería, non se están a aportar solucións. A situación é demasiado grave e merece seriedade e non xogar co medio de vida da xente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñécese sobradamente que a maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por anos de vertidos sen control, a depuración das augas residuais mellora a calidade das augas do mar permitindo a comercialización, mais non recupera os bancos marisqueiros sepultados polos lodos dos vertidos. En particular o banco marisqueiro das Pías, o mais importante da ría, hoxe apenas ten produción, das mais de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai nin unha ducia cada día.

Esta situación non se pode prolongar mais, e pódese parar se de verdade se toman as medidas que son precisas, sen xogar ao despiste nin colocar parches que non son mais que solucións temporais. As medidas que se tomen, teñen que realizarse en colaboración coas Confrarías para poder obter o maior rendemento posíbel, contando cos técnicos e biólogos da Consellería, así como tamén coa colaboración da estación de bioloxía mariña da Graña.

E preciso comezar canto antes para evitar un deterioro maior, o peche de entidades e a práctica desaparición do marisqueo da ría, razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar a Consellaría do Mar para reverter a situación dramática da ría de Ferrol que garanta a produción e as rendas das mariscadoras e dos mariscadores?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:14:53

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:15:02

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:15:10

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:15:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:15:26

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:15:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández** deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en pleno relativa á situación no centro de saúde de Valeixe:**

A atención primaria sofre desde fai anos un importante deterioro froito do recorte de persoal. Unha situación que, como temos denunciado en moitas ocasións, supón un incremento de carga de traballo para o persoal sanitario e se traduce na xeración en oitos casos de listas de agarda.

No caso dos centros de saúde máis pequenos e consultorios a non cobertura do persoal titular tanto puntual coma permanentemente supón na práctica a ausencia de servizo sanitario. Esta é a situación que se está a vivir en Valeixe, a Cañiza, onde a veciñanza leva máis de dous meses sen médico no seu centro.

A orixe desta situación parte coa xubilación do profesional médico titular que non foi substituída por parte do SERGAS a pesares de estar prevista desde fai tempo. Como consecuencia, as entorno 700 veciñas e veciños e as 170 persoas usuarias da residencia de maiores situada en Valeixe non contan co servizo básico de medicina no seu centro.

Inicialmente a Consellería derivou as consultas ao PAC de A Cañiza, sen incrementar tampouco neste centro o persoal. Sen embargo esta medida puntual leva alongándose durante meses sen que se teña tomado unha solución.

O impacto da ausencia da substitución significa desprazamentos cun elevado custe dada a ausencia de transporte público, demoras inxustificadas na asistencia e na emisión de receitas médicas o que tamén está a significar problemas para dar continuidade aos tratamentos farmacolóxicos.

Desde fai algúns días o SERGAS ten desprazado a un profesional durante dúas horas diarias ao centro, pero este “parche” tampouco solventa a



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

situación, xa que a demora é tan grande que o profesional está tendo que atender ata 40 citas en dúas horas para dar saída a consultas e receitas. No caso das citas para isto último, a demora alcanza unha semana.

Esta situación non só é de todo insostible, se non que viola dereitos básicos en materia da protección da saúde das veciñas e veciños de Valeixe e resulta de todo inustificable que se continúe alongando esta medida.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

¿Cando se vai cubrir a praza de medicina de este centro?

Compostela, 15 de Xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:43:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández** deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en pleno relativa á situación dos servizos de urxencias:**

Nas últimas semanas os servizos de urxencias dos centros sanitarios públicos están a sufrir un elevado incremento das frecuentacións, en grande medida previsto e derivado do ascenso estacional dos casos de gripe e outros problemas respiratorios.

Esta situación que se produce cada ano require, como xa temos indicado noutras ocasións, un incremento de efectivos de persoal estable nos propios servizos de urxencias para atender a sobrecarga de traballo e dar axilidade interna. Pero tamén, precisa dunha planificación e cobertura estable de persoal para as camas e unidades que acollen o incremento de ingresos paralelo a esta frecuentación das urxencias.

Polo tanto, con independencia de incrementos puntuais que son comprensibles en tanto en canto a asistencia aos servizos de urxencias non é lineal, non se debería normalizar de xeito estrutural a saturación dos servizos de urxencias. O cal leva a preguntarse polo grao de planificación e de cobertura de persoal de estes servizos.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

¿Canto persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de urxencias de cada centro hospitalario de xeito planificado?

Compostela, 15 de Xaneiro de 2020



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:34:08
Nº Rexistro: 61720
Data envío: 16/01/2020 10:34:08.014

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:46:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia presentar o Proxecto de Lei que regula os xogos e apostas en Galicia?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:14:18

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cales son as modificacións do Anteprojecto que ten levado a cabo o Goberno en relación as demandas da sociedade e as alegacións presentadas ao mesmo para unha maior protección da saúde pública?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:15:23

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Considera o Goberno que a situación actual está a garantir unha protección da saúde en relación a esta adicción?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:22:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Que medidas teñen levado a cabo nesta lexislatura para a prevención da ludomanía?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:28:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Pleno.**

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascenas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exíguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan para hoxe e fame callada para mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente...

Así rezaba o argumentario principal dunha das preguntas parlamentarias rexistradas en 2017 e respostada unha delas en Comisión polo Dtor. Xeral señor Pérez Dubois quen, en nome do goberno galego, exhibiu un informe desfavorable da Dirección Xeral de Agricultura co que se daba como practicamente denegada a DIA do proxecto mineiro en cuestión.

Mais na Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de Explotación da Concesión Derivada XANCEDA N~ 7138 nos concellos de FRADES e MESIA (A CORUÑA), promovido por ERIMSA. 2016/0201, aparece mencionado un segundo informe emitido pola xa citada Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias nas que muda de opinión e pasa a ser favorable ó proxecto con condicións.

Por todo o anteriormente exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a cambiar de criterio neste segundo informe a que alude a DIA ?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:34:02

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:34:11

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:34:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:34:25

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:34:32

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:34:46





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Un ano máis, coa chegada da primavera, as chuvias e a vixosidade dos nosos solos e os climas que nos caracterizan, fan que á beira das estradas galegas aparezan as herbas e arbustos que se disparan no seu crecemento facendo os cruzamentos e as vías en xeral máis perigosos pola redución da visibilidade que provocan e polo risco na propagación dos lumes.

Hai administracións e institucións que en vez de remedios mecánicos ó problema, botan man dos herbicidas regando sen as precaucións debidas para viandantes, público en xeral e traballadores/as que os aplican, as beiras das estradas.

O uso de herbicidas químicos ten riscos moi serios. Os últimos estudos sobre o glifosato, compoñente da maior parte dos herbicidas, falan da súa toxicidade para a saúde humana e para o medio ambiente.

Estes herbicidas totais non selectivos infíltranse no solo, son moi solubles na auga e persistentes na súa permanencia no solo. Contaminan os acuíferos, son tóxicos para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando e esparéxense sen control polo subsolo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á OMS incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entres eles o glifosato sendo recente a sentenza que condena a Monsanto a unha indemnización millonaria a un matrimonio estadounidense afectado de cancro e que manipularon glifosato durante un período longo da súa vida.

A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: “Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimize ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo de estradas, nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerábeis, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogos e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria.”

O Real Decreto 1311/2012, establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e ten por obxecto a redución de riscos e os efectos do seu uso na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como métodos non químicos. Contempla que as súas disposicións “entenderanse sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas.”

Tomando como referencia a Directiva marco para uso sostible dos praguicidas xa mentada e tamén o Real Decreto 1311/2012 que expresan a vontade favorable a que non se autorice o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos e de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substituílos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego abandonar o uso de herbicidas na eliminación de herbas e arbustos na súa rede viaria e así mesmo trasladar esta preocupación ó goberno do estado e ás administracións locais?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:38:57

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:39:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:39:12

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:39:19

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:39:25

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:39:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. A situación actual de bloqueo político e parálise institucional que se vive no Estado, que xa se prolonga por máis de 5 meses, está a provocar graves consecuencias no ámbito social e na actividade económica, para alén da desconfianza e o descrédito que supón para as institucións e os grupos políticos que son responsábeis deste marasmo.

Día a día observamos con estupor e con indignación como nos debates da política estatal prevalecen intereses partidistas, posicións tacticistas, propostas oportunistas e posicionamentos que teñen como obxectivo principal obter vantaxe para un posíbel escenario electoral.

Estamos pois diante dunha grave irresponsabilidade política por parte dos partidos estatais, xa que a falta de pulso e impulso institucional afecta ao día a día das persoas e pospón decisións que son urxentes nun contexto europeo e internacional cheo de incertezas e ameazas: Brexit, guerras comerciais, tensións en Oriente Medio, alerta dunha posíbel recesión económica, alarmas a respecto da crise do clima.

2. Este escenario político institucional de parálise e bloqueo é moi negativo para Galiza, desaparecida na axenda política do Estado. Un dos exemplos máis



evidentes desta situación é o parón inversor derivado da prórroga dos orzamentos, que se ven engadir ás drásticas reducións de anos anteriores e á baixa execución orzamentaria dos últimos anos por parte dos principais organismos do Estado, nomeadamente o Ministerio de Fomento.

Recentemente déronse a coñecer os datos de execución orzamentaria do ano 2018, que amosan cifras preocupantes no que ten que ver co organismo con maior capacidade de investimento, o Ministerio de Fomento e dos seus organismos adscritos:

- O nivel de execución total foi do 56,8%, 458 millóns executados dos 806,7 millóns de euros iniciais
- O grao de execución dos orzamentos xestionados de maneira directa Ministerio de Fomento (fundamentalmente rede de estradas) foi do 67,3% (125,7 de 186,7 millóns iniciais).
- O nivel de execución de ADIF Alta Velocidad foi do 55,2% (254,9 dos 461,6 millóns iniciais)
- O nivel de execución de ADIF Convencional foi do 51,8 % (14,4 de 27,7 millóns iniciais)
- O nivel de execución de Renfe Operadora foi do 67,7% (9,9 dun total de 14,7 previstos)
- O nivel de execución de Enaire Aeropuertos foi do 54% (9,9 de 18,3 iniciais)
- O grao de execución de Puertos del Estado foi do 32,2% (29,2 de 90,9 millóns)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, nas pasadas semanas deuse a coñecer un estudo sobre o grao de execución dos orzamentos xerais do Estado (OXE) no período 2015-2018, no que a execución real no caso de Galiza foi do 69,7%. Trátase dunha cifra sensibelmente inferior á media estatal, que foi do 75,3%, e a enorme distancia das comunidades máis beneficiadas: Madrid (114%), Aragón (102%) ou Castela A Mancha (83%).

Segundo este estudo realizado con datos da intervención xeral do Estado, entre 2015 e 2018 deixáronse sen executar en Galiza case 1.500 millóns de euros.

3. Esta situación de drástica redución dos investimentos, principalmente en infraestruturas, aínda se viu agravado no ano 2019 pola prórroga dos orzamentos e a situación de bloqueo institucional con un goberno en funcións desde o mes de abril. É por isto que se pode falar dun auténtico apagón inversor en Galiza, sen licitación de obra pública e sen novos proxectos de mellora das infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias.

É por iso que o BNG propón unha axenda galega en materia de infraestruturas, que permita recuperar os investimentos perdidos e activar un plan de mellora das estradas, ferrocarril, portos e aeroportos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego os datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 12:36:52

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 12:37:01

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 12:37:08

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 12:37:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 12:37:22

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 12:37:30



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Vigo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 10:54:56

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:26:17
Nº Rexistro: 61749
Data envío: 16/01/2020 12:26:17.073

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 10:55:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 10:55:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Óscar Vilar Chento, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Santiago?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:26:33
Nº Rexistro: 61750
Data envío: 16/01/2020 12:26:33.261

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 10:56:25

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 10:58:13

Oscar Vilar Chento na data 16/01/2020 10:58:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Ferrol?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:26:53
Nº Rexistro: 61751
Data envío: 16/01/2020 12:26:53.511

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 11:08:23

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 11:08:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2020 11:08:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 11:10:03

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 11:10:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 11:10:24

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 11:10:34



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60% dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Lugo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 11:11:27

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 11:11:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 11:11:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/01/2020 11:12:01

Patricia Otero Rodríguez na data 16/01/2020 11:12:12



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Óscar Vilar Chento, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Encarnación Liñeiro Pouso e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Coruña?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 11:13:23

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 11:13:32

Oscar Vilar Chento na data 16/01/2020 11:13:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 11:13:57

María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 11:14:07

Encarnación Liñeiro Pouso na data 16/01/2020 11:14:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2020 11:14:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Unha das máis graves problemáticas en mobilidade de Ourense segue a ser despois de moitos anos o déficit de prazas de aparcamento. O desenvolvemento de novas infraestruturas nas últimas décadas, deu lugar a novas necesidades de aparcamento que incrementaron máis se cabe a carencia que a diario sofren os condutores na cidade.

Un dos proxectos globais que tiñan por obxectivo dar solución a esta problemática era o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” da Xunta de Galicia, paralizado dende o ano 2013, e ao que o Concello de Ourense, daquelas gobernado polo PSdeG, tiña presentado e aprobado en Pleno as súas alegacións de mellora para o noso termo municipal.

Neste proxecto recollíanse 6 propostas de situación de aparcamentos disuasorios en Ourense: acceso centro, acceso norte da cidade, estación de ADIF, entorno do Recinto Feiral de Expourense, campus universitario das Lagoas e zona do barrio do Couto.

Mentres este plan segue sen novidades de execución 5 anos despois, os puntos negros de aparcamento en Ourense seguen a masificarse no entorno máis urbano, de xeito máis relevante no centro da cidade, e facendo especial fincapé nos que se atopan nos contornos de centros educativos, no horario de entrada e saída dos mesmos, onde o colapso leva a que haxa escenas diarias de dobres e ata triplo filas de coches, que poñen en risco a seguridade dos peóns e a propia circulación dos vehículos. A saturación da zona centro fai que moitas veces os veciños e veciñas así coma os e as visitantes busquen por proximidade aparcamento noutros barrios coma o de San Francisco ou incluso A Ponte, cuxas prazas de aparcamento resultan tamén claramente insuficientes para tan elevado número de persoas usuarias. A insuficiencia pode observarse de xeito máis claro no entorno do complexo hospitalario, ou das estacións de ferrocarril tanto de Empalme como de San Francisco. Do mesmo xeito, que o novo espazo aberto no Campus das Lagoas non chega para abarcar a chegada de estudantes, usuarios/as ou clientes de negocios, da piscina ou da biblioteca.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non executou ata o de agora o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” aprobado no ano 2013, no que se contemplaban alternativas de aparcamento para a cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.:Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 11:45:55

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 12:07:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 12:08:02

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:08:11



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Festa da Vendima de Leiro celébrase cada ano dende hai tres décadas para lembrar o carácter festivo da recollida da uva e enxalzar o que é un dos motores económicos do Ribeiro, cunha profunda tradición vitivinícola. Entre as súas actividades máis importantes atópase o desfile de carrozas relacionadas coa vendima.

No ano 2014 o Concello de Leiro anunciou a tramitación do expediente para declarar a Festa de Interese Turístico por acordo no pleno deste Concello. En outubro do ano 2018 o Alcalde deste concello anunciaba que debido a problemas técnicos no cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión desta distinción, debía iniciarse de novo a tramitación deste expediente.

Segundo se recolle na *Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*, no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, no capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia se sinala que “*a declaración se fará segundo se determine regulamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan. Donde se valorará positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia*”.

O *Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración das festas de interese turístico de Galicia*, desenvolve a previsión legal, concretando os requisitos que deben cumprirse para optar á declaración de festa de interese turístico de Galicia, os seus efectos, así como o procedemento para a declaración, a súa vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia. Corresponde ao Consello de la Xunta de Galicia, previa instrución do expediente pola Axencia de Turismo de Galicia, a competencia para a declaración de festas de interese turístico de Galicia de acordo os artigos 4 e 93 da *Lei 7/2011, do 27 de outubro*. Tal e como se indica no propio regulamento, o procedemento para a



declaración de festa de interese turístico de Galicia iniciárase por solicitude de entidades interesadas, sexan de carácter públicos ou privados, previa consulta ao concello onde se celebre, salvo no caso de que sexa o propio concello o que formule a solicitude de iniciación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a declaración da Festa da Vendima de Leiro como de “Interese Turístico”?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:10:51

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2020 12:11:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 12:11:22



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O persoal de seguridade dos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras convocou mobilizacións durante os meses de agosto e setembro, co fin de poñer en coñecemento da opinión pública os constantes problemas de atrasos nos pagos por parte da empresa concesionaria do Sergas, “Servizos de Seguridade Integral e Mantencementos A1 S.L”. Segundo tivo coñecemento o grupo socialista, dende setembro do 2018 a empresa incumpre reiteradamente con atrasos sistemáticos o abono das nóminas. De feito tivo demora de varios meses para abonar os salarios do último trimestre de 2018, e tamén dos primeiros do 2019, e na actualidade a empresa aínda lles adebeda aos traballadores a nómina correspondente ao mes de xullo, cando o convenio en vigor da seguridade privada contempla que esta debería facerse efectiva a día 3 do mes vencido. Neste caso concreto, a falla de pagamento afecta a dez traballadores, repartidos nos dous hospitais comarcais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten constancia a Xunta de Galicia dos atrasos nos pagamentos dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais de Verín e de Valdeorras?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:12:16





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:28:54
Nº Rexistro: 61757
Data envío: 16/01/2020 12:28:54.965

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 12:12:28

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:12:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como



para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o Punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e dende o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron a denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como si se tratara simplemente de divorcios conflictivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.
- Negativa dende o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da *Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género* e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

O pasado 19 de setembro debateuse na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que finalmente foi rexeitada polos votos en contra do PP, na que solicitábase que a Xunta de Galicia:

“1 Realizara de maneira urxente unha inspección do funcionamento, aplicación dos protocolos, e dos medios materiais dispoñibles no Punto de Encontro Familiar de Ourense.

a) Trala realización da inspección elaborábase un informe nun prazo non superior a tres meses, no que se recollerán as deficiencias detectadas, así como as medidas que se van a implementar para solventalas e o cronograma de actuacións e orzamento das mesmas.



b) O devandito informe remitirase aos grupos parlamentarios da cámara galega.

2 Relocalizara, durante a X lexislatura, o Punto de Encontro Familiar de Ourense nun emprazamento máis axeitado, que garanta que se protexa axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo”

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta as denuncias realizadas nos pasados meses polas organizacións feministas, realizou a Xunta de Galicia no Punto de Encontro Familiar de Ourense algunha inspección a maiores das ordinarias, sobre o funcionamento do mesmo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:14:25

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:14:35

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:14:45



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo o IGE, hai en Galicia 58.201 nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 a 3 anos. Segundo datos da Xunta de Galicia, so hai prazas en escolas infantís públicas e de xestión pública para o 16,7 % (2 de cada 10) da poboación infantil que está neste tramo de idade, se contamos as concertadas nin para a metade (38,5 %). O ano pasado nas listaxes provisionais de 172 escolas da Galiña Azul quedaron fóra case 4.000 menores.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Tal e como dixemos daquela, este anuncio do Goberno galego non foi máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

No Debate do Estado da Autonomía celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que na actualidade o número de prazas públicas en escolas infantís é na actualidade “o dobre que no ano 2009”.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que prazas se refería o presidente da Xunta de Galicia cando asegurou no Debate de Estado de Autonomía de setembro de 2019, que na actualidade o número de prazas en escolas infantís públicas é “o dobre que no ano 2009”?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:16:25

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:16:35



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O desleixo de funcións do Goberno de Feijoo levou a que Galicia, unha das comunidades autónomas con taxa de envellecemento máis elevada de todo España e de parte de Europa, teña unha taxa praza residencial/habitante maiores de 64 anos do 3,05 %, moi inferior ao 4,02 % de media estatal, e o 5 % que esixe a propia OMS.

No Debate do Estado de Autonomía, celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que a respecto do ano 2009, “hai o triplo de prazas públicas en centros de día”. Tamén que “no caso dos que optan por unha residencia, teñen un 42 % máis de prazas públicas”.

O Grupo Parlamentario Socialista quere coñecer con exactitude os datos que posúe a administración sobre a oferta, a demanda, e a xestión das prazas residenciais existentes en Galicia.





Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das súas políticas de atención aos nosos maiores?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:17:23

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:17:32



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A edición 2019 do informe da Fundación Foessa, sobre a exclusión e desenvolvemento social en Galicia, presentado recentemente por Cáritas, alerta de que tan só o 41 % da poboación galega está nunha situación de integración plena. No extremo oposto, case un de cada cinco galegos e galegas atópase en situación de exclusión social. Ademais, o 41,6 % da poboación galega atópase nunha situación precaria e conta cunha alta taxa de vulnerabilidade social e con risco de caer en situacións de pobreza ou exclusión, sobre todo no escenario dunha nova crise económica. Constátase, ademais, unha maior feminización da pobreza, pois o 20 % dos fogares sustentados por mulleres están en situación de exclusión. Entre as conclusións, destaca a énfase posta no papel da vivenda para inclusión ou exclusión. O Informe revela ademais que os efectos da recuperación económica non parecen facerse notar con claridade en Galicia: a maior parte da poboación galega, o 75,1 % non percibe a chegada dos efectos da recuperación económica ao seu fogar, porcentaxe que se amplía até o 80,8 % no caso das persoas que viven en fogares en situación de exclusión.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno de Feijoo para previr a marxinação e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai do elevado risco de vulnerabilidade social e de caer en situacións de pobreza ou exclusión da poboación galega?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:18:18

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:18:28

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:18:38



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os nosos medios de comunicación públicos seguen, oito anos despois da aprobación da Lei 9/2011, do 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, postos ao servizo dos intereses partidarios do PP. Continúa o bloqueo de todas aquelas previsións que favorecen a profesionalidade e a neutralidade informativa: a elección parlamentaria do director xeral, o estatuto profesional, o Consello de informativos, os contratos-programa, a produción propia completa dos informativos, a Lei do audiovisual e Consello do Audiovisual...

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño de 2018, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 71 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como diferentes mobilizacións no 2018: a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela, os paros parciais, e dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de cumprimento da *Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia?*

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:20:15

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:20:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 12:20:37

María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 12:20:47



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014, anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución. As instalacións da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) puxéronse finalmente en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e seis meses a respecto da data prevista), e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

Dende a súa posta en marcha, o persoal do CHUOU ten denunciado en reiteradas ocasións deficiencias desta nova infraestrutura. Ademais, os edificios antigos do complexo acumulan dende hai anos graves deficiencias pola falla de investimentos nos traballos de mantemento e de remodelación das instalacións, que nalgún caso puxeron en risco a seguridade dos traballadores e traballadoras, como ocorreu en xuño de 2017 co derrubamento de dous falsos teitos en distintas dependencias do Hospital Santa María Nai. Así como denuncias do persoal do CHUOU pola presenza de pingueiras en diferentes espazos do edificio.

No Debate do Estado de Autonomía celebrado o pasado 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia na súa primeira intervención asegurou: *“completaremos a renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, para o que xa está licitado o proxecto da fase I que incluírá un novo edificio de hospitalización, e a reforma do materno-infantil”*.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar as obras de reforma do materno-infantil do CHUOU?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:22:29

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:22:40



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As condicións que sofren as persoas sen fogar constitúen probablemente o peor rostro da exclusión social no noso país e, ademais, o máis visible. Con todo dita visibilidade, o “senfogarismo” é un dos fenómenos peor coñecidos e que adoeceu de falta de políticas integrais na súa intervención.

A fonte de información máis importante sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia é o Instituto Nacional de Estatística (INE), que publica con carácter bienal a “*Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar*”, na que dá a coñecer as súas principais características, prestacións que ofertan, e o volume de persoas usuarias que rexistraron. Ademais, cunha frecuencia irregular, este organismo publicou a “*Enquisa a Persoas sen fogar en España*”, para dar a coñecer o perfil sociodemográfico e as súas condicións de vida, con datos dispoñibles por comunidades autónomas. Ambas as enquisas dan información relevante sobre a poboación sen fogar usuaria habitual ou ocasional da rede de recursos específicos.

Recentemente publicouse a “Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar” do ano 2018 que revela que Galicia conta con 73 centros cun número medio de prazas de 1.304, que teñen unha ocupación media do 81,9 %. O gasto medio en cada un deles sitúase en 218,9 euros, por debaixo na media estatal que está en 300,6 euros. A maioría do persoal que presta os seus servizos nestes centros son voluntarios e voluntarias (o 43,6 %). Destaca tamén que Galicia non conta na actualidade con ningunha vivenda que participe no programa Housing First.

Housing First utiliza a vivenda como punto de partida máis que como obxectivo final. Neste servizo o primeiro que se proporciona antes que calquera outro tipo de apoio ou intervención é o aloxamento, por iso se denomina “vivenda primeiro”. É capaz de focalizarse de maneira inmediata en que unha persoa se manteña afastada satisfactoriamente no seu propio fogar formando parte dunha comunidade. Pero Housing First tamén busca melloras na saúde, o benestar e as redes de apoio social das persoas sen fogar coas que se traballa. Este enfoque é



moi diferente ao dos servizos que tentan conseguir que as persoas sen fogar con grandes necesidades de apoio estean “preparadas” para acceder a unha vivenda antes de ofrecerlla. Neste tipo de servizos para persoas sen fogar o aloxamento chega o “último”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da atención ás persoas sen fogar na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:23:20

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:23:28

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:23:55



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Xa pasaron cincuenta anos de Stonewall, corenta e dous dende que as persoas LGTBI saíron por primeira vez a manifestarse por unha igualdade real e legal, trinta da derogación da lei sobre perigo e rehabilitación social, e catorce anos da aprobación da lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Memoria histórica dunha loita colectiva que forma parte da cultura e da identidade non só da comunidade LGBTI, senón de toda unha sociedade que empuxaba cara a unha sociedade libre e democrática.

A realidade é que as persoas maiores LGTBI aínda non senten visibles ante a sociedade. Isto débese, entre outras cousas, a que manteñen vivo o temor ao rexeitamento sufrido durante a ditadura, e tentan non relacionarse en público con outras persoas homosexuais. A diversidade sexual na vellez apareceu hai ben pouco nos estudos sociolóxicos e foron as propias persoas maiores lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais os que impulsaron e levaron á area institucional, académica e de atención pública, a atención acerca da necesidade de recoñecemento nos servizos públicos sobre as súas especificidades.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defendemos que as persoas independentemente da súa idade, orientación sexual ou identidade de xénero, deben ter garantidos os seus dereitos para ter unha vida plena e independente, e a sociedade debe ter a oportunidade de beneficiarse das achegas das e os máis maiores. Para iso, debe combaterse calquera tipo de discriminación debida á idade, orientación sexual ou identidade de xénero, e consolidar uns servizos públicos que favorezan o mantemento da saúde e o benestar físicos, mental e emocional. Apoiaremos ás persoas LGTBI para que avancen na plena visibilidade no ámbito da política, a ciencia, a docencia, a empresa, o deporte, a fin de que en cada espazo social se visualice a realidade e póidanse dotar de referentes ás e os e as máis novas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas adoptou o goberno galego durante a X lexislatura para visibilizar as persoas maiores LGBTI?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:24:41

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:24:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 12:25:01

María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 12:25:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, coa excusa da crise de 2008, deixando a milleiros de persoas agardando por servizos e prestacións e con dereitos recoñecidos non desfrutados.

No noso País hai (31/8/2019) 79.871 persoas recoñecidas como dependentes con dereito a prestación (DATOS: IMSERSO), das cales, a maioría de Grao III (23,24%). Destas, 69.115 teñen prestación, polo que hai 10.756 persoas con dereitos recoñecidos que aínda non desfrutan de prestación, un 13,4%, porcentaxe que aumentou nos últimos meses, aumentando así o chamado “limbo da dependencia”.

As solicitudes rexistradas para recibir prestacións por dependencia elévanse en agosto de 2019 a 80.256, das cales foron resoltas 79.871. En relación á poboación total galega, as solicitudes representan o 2,97%, fronte ao 3,94% de media estatal; en relación á poboación potencialmente dependente, a cobertura foi do 6,4%, fronte á media estatal de 8,5% (datos de 2017).

O Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, que regula o procedemento de recoñecemento da Dependencia en Galicia, fixa 3 meses para valorar o grao de dependencia, e outros 3 para a asignación de recurso (elaboración do PIA). Na práctica, non se cumpre ningún dos prazos en relación á Dependencia. Dependendo da prestación, pódese tardar 8 meses só na valoración, aínda que non hai datos claros porque a Xunta é moi opaca sobre a información desagregada por provincias e tipo de prestación.



En 2018, aumentaron as queixas ante a Valedoría do Pobo en relación a atrasos das prestacións do Sistema de Atención á Dependencia, especialmente por atrasos na avaliación.

En canto ao tempo de tardanza na asignación de recurso, por exemplo, a media de agarda por unha prestación en residencia de maiores era (segundo o estudo do Consello de Contas referido a 2016) de 491,74 días (dende o inicio do procedemento, que inclúe a valoración e a asignación do recurso). Ademais, as persoas afectadas non coñecen a previsión de ingreso. A Consellería de Política Social trasladou á Valedoría do Pobo que se implementarían medidas para axilizar as valoracións, como a “simplificación administrativa; a mellora da xestión e notificación das citas, con optimización das rutas e implantación da confirmación a través de SMS; a potenciación da utilización da historia social única; a priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia; a modificación da orde dos programas de asignación de recursos; e o reforzo de persoal.”

A Asociación Agasdep lamentaba este ano que “a Xunta non transmite en que punto se atopan as tramitacións de peticións e que chegou a extraviar expedientes de persoas, que chegaron a agardar ata tres anos a que se lles asigne servizo”; ademais, sinalaba que a Xunta “non é clara” ao informar do número de persoas usuarias dos seus recursos de Dependencia.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

- Cando vai a Xunta cumprir cos prazos establecidos para a valoración e asignación de PIA do Sistema de Atención á Dependencia?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/01/2020 12:40:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 12 de decembro de 2019 *pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.*

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2018, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención nesta X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 12:59:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 13:00:05

María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 13:00:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno galego no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización, e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno, foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de poñer a dispor os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos moitos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de A Rúa. Nesta vila ourensá, cunha poboación aproximada de 5.000 habitantes e unhas 4.000 cartillas sanitarias, onde se atenden ademais, a pediatría dos concellos de Larouco, Petín, Vilamartín, O Bolo e Viana, urxencias os sábados pola mañá de adultos e nenos e nenas de catro concellos, conta cunha infraestrutura sanitaria antiga e insuficiente xa que carece dos espazos axeitados para a atención sanitaria que se debe prestar.

Tendo en conta esta situación, o anterior Goberno municipal propúxolle á Consellería de Sanidade establecer o centro de saúde no actual centro de día, hoxe infrautilizado, pero a Xunta de Galicia rexeitou esta situación alegando informes técnicos negativos. No ano 2018, o Concello de A Rúa propuxo unha nova situación, sen obter ningunha resposta do Goberno autonómico.

A veciñanza de A Rúa concéntranse dende primeiros de ano, todos os luns ás 12 durante 5 minutos na porta deste centro de saúde, e presentou máis de 1.500 sinaturas, para reclamar unha atención primaria digna, e a construción dun novo



centro de saúde para esta vila do oriente ourensá.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia construír durante a X lexislatura, un novo centro de saúde en A Rúa?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:55:00

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:55:09



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A profesión de educador/a social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da educadora e do educador social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da educadora e do educador social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo cal se establece o título universitario oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando desta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar. través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa



confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector.

Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais. De feito, recentemente coñecíamos que a Xunta de Galicia ultima a convocatoria de case noventa prazas de educador social, e segundo o texto da orde que xa está a ser negociado coas centrais sindicais, un dos puntos que preocupa e xera incerteza especialmente ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), é que a Administración autonómica contempla cubrir estas prazas tamén con persoal doutras titulacións. Este é o punto que máis indigna ao CEESG, que reclama mudanzas á Xunta e xa prepara mobilizacións.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Extremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.



Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre a Xunta de Galicia que os e as profesionais da Educación Social están convenientemente integrados na Administración pública galega?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:55:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 12:56:05

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:56:13



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), púxose en funcionamento en xullo do 2007, en cumprimento do establecido na *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, sendo os seus obxectivos:

- Aglutinar ás diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero.
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria.
- Facer predición do risco.
- Atendendo ao nivel de risco, realizar seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional.
- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do "Subsistema de Notificacións Automatizadas", cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida poñer en perigo a integridade da vítima.

Buscando, finalmente, establecer unha rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Recentemente coñecíamos que o Concello de Ourense acaba de anunciar que se desvincula deste protocolo. O cesamento, que se fará efectivo a partir do próximo día 22 marzo, deuno a coñecer o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, no transcurso dunha reunión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade que tivo lugar na Subdelegación do Goberno.

No que se refire á cidade, na actualidade as policía Local, Nacional e Autonómica encargábanse de protexer a 170 mulleres, mentres a Garda Civil e as distintas policía locais das vilas a 198.

Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación pola decisión irresponsable da equipa de goberno de Ourense de desvincularse dun servizo



imprescindible para a protección das mulleres vítimas de violencia machista, rachando unha colaboración institucional que pode ter consecuencias letais para a seguridade das ourensás.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia o recente anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema VioGén?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:56:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 12:57:08

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:57:17

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 12:57:36



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 2 de novembro de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes (estratexia mobilidade alternativa), en que unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na OU-402, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. p.q. 1+090 - 3+780, clave OU/16/270.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o p.q. 1+090 ata o aparcadoiro situado no p.q. 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. A largura da senda proxectada será variable en función do espazo dispoñible, manterá sempre unha largura mínima de 1,80 metros e irá separada da calzada por un bordo delimitador. O pavimento que se empregará será de formigón, e no último treito (zona das termas de Outariz) será fotoluminiscente. Nos itinerarios proxectados, ademais das actuacións de pavimentación, inclúese a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O 4 de abril publicábase no DOG o *ANUNCIO do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza*, onde se reflectía que o fin do prazo de exposición pública remata o 18 de maio, é dicir de 30 días hábiles dende o 5 de abril.

O devandito proxecto non contou coa participación efectiva da veciñanza, e nun primeiro momento souberon do mesmo a través dos medios de comunicación. Dende entón, os veciños e veciñas de Reza, moitos deles persoas maiores, están preocupados e preocupadas polas consecuencias que a construción desta senda ciclista e peonil terá sobre os terreos das súas vivendas, pois segundo se reflicte no propio proxecto, discorre paralela ás mesmas, ademais do risco que suporía



para a seguridade dos veciños e veciñas, así como dos ciclistas e peóns porque a zona pola que discorrería obrigaría a circular pola OU-402 de forma retardada.

Segundo o informe do Valedor do Pobo, publicado recentemente, presentáronse durante o ano 2018, 1048 reclamacións ao proxecto de construción da senda ciclista e peonil na OU-402 en Reza (Ourense). A respecto deste tema o Valedor do Pobo resolveu que *“de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia a AXI someteu o proxecto construtivo ao trámite de información pública, que se anunciou no DOG do 04/04/2018. A través deste trámite calquera persoa ou colectivo puido formular por escrito, ante esa axencia, as observacións relativas á concepción global do trazado deseñado que considerase convenientes. Neste caso concreto, o prazo para presentar alegacións finalizara o pasado 21/05/2018.*

Segundo informaba a AXI o proxecto de construción de itinerario peonil e ciclista na Ou-402, tramo Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780 aínda non estaba rematado nin aprobado. Nesas momentos a axencia estaba a avaliar todas as alegacións recibidas no trámite de información pública previsto no artigo 21.1 da Lei de Estradas de Galicia, de maneira que se incorporen ao proxecto, de ser o caso, aquelas que finalmente se consideren útiles para: resolver omisións ou erros nos bens e dereitos afectados, mellorar aspectos da seguridade viaria e/ou técnicos, atender necesidades descoñecidas ou non detectadas, se encaixan co obxecto do proxecto e o seu campo de actuación.

Así mesmo adiantábase, aínda que era necesario esperar a estudar con detemento as alegacións recibidas e os informes sectoriais, que se van eliminar no proxecto construtivo as referencias ao uso ciclista e se van atender todas as melloras que se propoñan que sexan compatibles co obxecto do proxecto, que é fomentar a mobilidade sustentable peonil e mellorar a seguridade viaria. En base a todo iso avaliado o escrito inicial de queixa xunto coas firmas achegadas, e recibido o informe da Axencia Galega de Infraestruturas, unha vez practicadas cantas actuacións de supervisión e control propias desta institución se desenvolveron neste expediente, finalizamos a súa tramitación, tendo en conta que as alegacións ao proxecto de construción na estrada OU-402 están a avaliarse polo órgano competente ata o punto de que se incorporen ao proxecto as idóneas para mellorar aspectos de seguridade viaria, técnicos ou erros con afección a bens ou dereitos.

Ao considerar atendida a queixa, un mes despois de que fose admitida a trámite, ao coñecer que se eliminarán no referido proxecto construtivo o uso ciclista e que se van atender melloras de seguridade viaria concluímos a intervención do Valedor do Pobo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que o proxecto actual de construción da senda na OU-402 en Reza (Ourense), ofrece garantías de seguridade viaria?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:58:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 12:58:46

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 12:58:56



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Durante a campaña electoral das autonómicas do ano 2016, e en plena vaga de lumes na provincia de Ourense, o PP prometía que construíría un parque acuático nesta provincia. O certo é que esta non era unha promesa electoral propia do PP, senón que o daquela Presidente da Xunta en funcións, copiaba unha proposta do partido Democracia Ourensana.

No mes de xullo deste ano, na reunión que o presidente da Xunta de Galicia mantivo co Alcalde de Ourense, asegurou que o goberno galego respaldaba entre outros proxectos, a posta en marcha dun parque acuático termal, a maiores doutro convencional en Monterrei, situado no concello de Pereiro de Aguiar.

En agosto, a Delegada da Xunta de Ourense, trala reunión co Alcalde de Pereiro de Aguiar, *“reafirmaba o respaldo á proposta de instalar un parque acuático no complexo deportivo de Monterrei, así como de promover un acordo coa Deputación de Ourense, para potenciar este complexo”*, asegurando tamén que *“estaban a levarse a cabo estudos de viabilidade do proxecto, a pesares de que aínda falta concretar a extensión, os servizos e os prazos”*.

O certo é que nos 4 proxectos de orzamentos presentados polo Goberno galego durante esta lexislatura, non se contemplou ningunha partida específica para este proxecto. De feito, no presentado recentemente para o ano 2020, segue sen contemplarse ningún investimento para que esta promesa electoral do señor Feijoo sexa unha realidade durante a X lexislatura. Dende o Grupo Socialista atopámonos confusos, porque a pesares de que non figura ningunha partida orzamentaria específica, trala presentación do proxecto de orzamentos, dende o PP de Ourense aseguraban que se dedicarían 1,5 millóns de euros para a posta en marcha deste proxecto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando está previsto que comecen as obras do parque acuático que o Goberno galego anunciou que poría en marcha no concello de Pereiro de Aguiar (Ourense)?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 12:59:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 13:00:04

María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 13:00:15



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Recentemente tiñamos coñecemento de que en a lo menos nove escolas infantís situadas nos concellos de A Coruña, Fene, Arteixo, Muros, Mazaricos, Boiro, Choupana e Hío, todas elas pertencentes á rede Galiña Azul, xestionadas pola Xunta de Galicia, déronse casos dunha reacción en bebés tras consumir o menú escolar. Aínda que a comida elabórase nos propios centros, unha mesma empresa encárgase de xestionar o persoal, e as compras en todos eles.

Polo de agora non se determinou o número exacto de bebés intoxicados, nin o goberno galego descarta que poida haber máis centros afectados. Segundo afirmou o propio Presidente da Xunta, todo apunta a que a causa desta reacción sería o peixe servido na comida, que podería presentar, *“un nivel alto de toxinas posiblemente debido a rotura da cadea de frío durante a súa conservación”*.

A infancia é a etapa da vida máis importante, xa que nela prodúcese cambios constantemente; as escolas infantís dependentes da administración pública, non só teñen que alimentar correctamente aos máis pequenos e pequenas tendo en conta as distintas necesidades (menús especiais, tendencias...), senón que deben garantir a seguridade alimentaria, e favorecer as condicións que permitan a adquisición progresiva duns hábitos alimentarios saudables, e unha boa relación coa comida.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que información pode aportar o goberno galego sobre a reacción provocada en bebés tras consumir o menú escolar en algúns centros dependentes da rede Galiña Azul?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 13:02:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 13:11:11
Nº Rexistro: 61783
Data envío: 16/01/2020 13:11:11.825

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 13:02:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4eYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xove, deputado do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En 1991, o Concello da Coruña constituía o Consorcio da Promoción da Música coa finalidade de xestionar, de xeito directo, a Orquestra Sinfónica de Galicia que tiña por obxecto, segundo consta nos seus estatutos: “difundir a música mediante actuacións da citada orquestra e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios de comunicación, así como a promoción de toda clase de actividades musicais a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.”

Desde aquela data deica hoxe, a importancia da Orquestra Sinfónica de Galicia para a difusión, coñecemento e goce da música clásica na nosa sociedade non pode ser esaxerada. Máis de vinte mil escolares de toda Galicia asisten cada xoves aos seus ensaios, mentres que os concertos dos venres e sábados contan cunha asistencia media de dúas mil persoas. Ademais da asistencia de público ás súas sesións e ensaios, a OSG desenvolve, así mesmo, un importante labor formativo no que participan tanto os 79 profesores da Primeira Orquestra, como outros tantos mozos e mozas da Orquestra Xove e o mesmo número de nenas e nenos do Coro Infantil.

O 28 de decembro de 2004, o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia subscribían un convenio de cooperación no que acordaban, tras facer efectivos os



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cambios precisos nos estatutos do Consorcio para incorporar a Xunta de Galicia, que as achegas da Xunta de Galicia ao mesmo non serían inferiores ás do ano 2005, é dicir: 3.515.241 euros. A Xunta mantén o seu compromiso ata o ano 2011, no que reduce a súa achega en case un millón de euros, baixándoa ata os 2.652.000 euros, e mantendo este déficit nos investimentos previstos nas sucesivas anualidades, causándolle deste xeito un grave prexuízo no seu funcionamento á Orquestra Sinfónica de Galicia que ve deste xeito ameazada a súa continuidade.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

- O Goberno da Xunta de Galicia vai facer efectivas as cantidades adebadas ao Consorcio da Promoción da Música desde o ano 2011 ata o actual?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xove González

Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 13:34:04

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Coa publicación da *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, régulanse as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. A lei configura un dereito subxectivo que se fundamenta nos principios de universalidade, equidade e accesibilidade, desenvolvendo un modelo de atención integral ao cidadán, e establecendo un nivel mínimo garantido, un nivel acordado coas comunidades autónomas e un nivel propio que poderán establecer as ditas comunidades.

Galicia, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía, aprobou a *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*, que ten por obxecto estruturar e regular, os servizos sociais en Galicia. A citada lei establece non seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, no seu artigo 4, como un dos principios xerais dos servizos sociais, os de autonomía persoal e a vida independente.

Neste contexto, e mediante o *Decreto 195/2007, do 13 de setembro*, regulouse o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

Este foi o marco no que se estableceu o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o 065, un transporte público que ata o ano 2014 garantiu a universalidade e gratuidade dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade.

Baseado na política de retallos en materia de servizos públicos emprendida polo Goberno do PP, no ano 2014 a daquela Consellería de Benestar publicou o *Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á*



Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, polo cal se eliminaba a gratuidade e universalidade deste servizo, que supoñía que dito servizo deixaba de estar 100 % financiado pola Xunta de Galicia.

A partir de entón, moitas entidades de iniciativa social incluíron o servizo de transporte para as persoas usuarias como un compoñente máis dos seus servizos, a través de contratos para a xestión de prazas públicas de centro de día, de recursos propios das entidades, de convenios de colaboración con outras asociacións que dispoñen deste servizo, ou recaendo parte do custe nos usuarios e usuarias deste servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Catro anos despois de que se eliminase a gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, que valoración fai a Xunta de Galicia das consecuencias que esta medida tivo para os usuarios e usuarias deste servizo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 13:57:00

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 13:57:09

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 13:57:18



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro, Begoña Rodríguez Rumbo e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na data do 3 de outubro de 2019, o Grupo Parlamentario Socialista presentou iniciativas relacionadas coa Orde TMS 941/2019, do 6 de setembro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio de 2019, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións adicionais de ámbito das políticas activas de emprego financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Preguntabamos en que momento se ía realizar o chamamento dos orientadores e orientadoras laborais e en virtude de que méritos.

A normativa que regula o programa nomeado nesta orde, no que se refire á súa distribución territorial e ás condicións relativas aos fondos orzamentarios aplicables, condicións de xestión e a súa temporalidade, son:

- A Orde ESS 621/2017, do 20 de xuño.
- A Orde ESS/1119/2017, do 16 de novembro.
- A Orde TMS/658/2018, do 18 de xuño.
- A Orde TMS 0910/2018, do 31 de agosto.
- A Orde TMS 941/2019, do 6 de setembro

Esta última no seu artigo 5 di: *“Con los créditos consignados en la aplicación 19.101.241-A-454.70 se financiará la medida destinada a reforzar los servicios públicos de empleo de las Comunidades Autónomas mediante la contratación por el tiempo determinado de nuevas personas dedicadas a labores de orientación de personas desempleadas para favorecer su inserción, así como llevar a cabo labores de prospección de trabajo.”*

No propio Anexo IV desta orde recóllese a asignación do número de persoas dedicadas a labores de orientación e/ou prospección de emprego a contratar por cada Comunidade Autónoma con cargo aos fondos destinados na aplicación 19.101.241-A-454.70, correspondéndolle a Galicia un total de 188 persoas.



No Decreto 37/2006 de funcionamento das listas de substitucións, os chamamentos de persoal nelas, realízanse de acordo á duración, orzamento e vixencia do programa temporal, sempre en períodos máximos de tres anos, prorrogables ata 12 meses, pero non mantendo o persoal contratado para un programa para asinalo a outro distinto, con orzamento distinto e vixencia distinta.

Segundo a información facilitada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta ten a intención de manter ás 130 persoas contratadas, renovando os actuais contratos dos orientadores laborais contratados a partir do programa LPD e contratar só a 11 novos a través das listas de contratación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Procedeuse á contratación dos 188 orientadores laborais asignados á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da Resolución do 8 de abril de 2019 e a Orde TMS 941/2019?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porrirt Lueiro na data 16/01/2020 16:17:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 16:18:03

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 16:18:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Xan Xove González, deputada e deputado do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Traballadores e traballadoras dos seis centros da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952 iniciaron o 9 de xaneiro unha folga indefinida fronte ao ERE de extinción, que pode supor o despedimento de traballadores, así como recortes nas condicións laborais. Trátase da fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do polígono do Espírito Santo, en Cambre; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; o criadeiro de rodaballo de Lorbé, en Oleiros, e o criadeiro de ollomol de Valdoviño.

A empresa comunicou o 4 de decembro un ERE de extinción para 136 dos/as 225 traballadores/as, un 60% da plantilla. Ademais, a situación que pretende implantar a empresa conleva a rebaixa dos salarios até o mínimo recollido nos convenios de aplicación (o que nalgúns casos suporía percibir até 300 euros mensuais menos) e uns ritmos e cargas de traballo imposíbeis de realizar. A dirección de Isidro 1952 formulou o despedimento colectivo e o recorte nas condicións laborais e salariais estando en situación de precurso.

Practicamente o 100% do persoal está secundando a folga convocada na empresa para demandar a paralización do ERE de extinción e á modificación substancial



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

das condicións laborais e salariais que a dirección pretende aplicar. Ademais, con esta medida de presión as traballadoras e os traballadores tamén esixen o cobro dos seus salarios, xa que teñen pendente de percibir parte da nómina de novembro e todo o soldo de decembro. A empresa ten unha débeda que, segundo os sindicatos, ascende aos 78 millóns de euros e deses, 23 millóns serían adebedados á propia Xunta. O comité de empresa pediulle á Xunta que paralizase o ERE e se comprometa co futuro da empresa. A Xunta ten unha gran responsabilidade e debe involucrarse, vixiando como e en que se gastaron as axudas públicas concedidas, xa que esta empresa foi avalada con moitos millóns de cartos da Xunta.

Galicia non se pode permitir perder un centro de traballo da magnitude de Isidro 1952, cando é referencia nun sector estratéxico para Galicia como o da transformación e a distribución de produtos do mar, e logo de ter recibido millonarias axudas públicas nos últimos anos. A Xunta non pode poñerse de perfil ante esta situación tan grave nun sector de traballo intensamente precarizado.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta:

Que actuacións ten previsto a Xunta para que as traballadoras e traballadores cobren os salarios que lles adebeda a empresa?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Xan Xove González

Deputada e deputado do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2020 16:51:43

Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 16:51:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da grave situación da empresa Isidro 1952.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, é por envergadura e historia unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña. Falamos dunha firma líder durante décadas na exportación de peixe fresco, que deu no seu día o salto á elaboración de conxelados e que acometeu a principios deste século un importante salto de modernidade ao abrir no polígono do Espírito Santo no concello de Cambre unha factoría con capacidade para procesar peixe, cefalópodos, crustáceos e moluscos valorada en máis de 100 millóns de €. A actividade desta empresa a mediados desta década recibiu un novo e importante impulso na elaboración de produtos con alto valor engadido ao incorporar a que pasa por ser a mellor e maior liña de produción de sushi do estado español.

Desta expansión da conta a existencia de seis centros que ten a empresa: fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do Polígono do Espírito Santo; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; criadeiro de rodaballo de Lorbé; e criadeiro de ollomol de Valdoviño e 225 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia garantir a venda inmediata da práctica totalidade da súa produción, como demostra a inxente carga de traballo soportada polo seu cadro de persoal e as cifras declaradas de facturación, que en determinadas anualidades chegaron a superar os 50 millóns de €, foi incapaz de minguar unha débeda que, segundo fontes do comité de empresa, supera os 70 millóns de €.

A empresa ten unha importante actividade na cría de peixe, xa que ademais do rodaballo e as troitas, sobresa, por ser a primeira e única firma do mundo en criar e comercializar ollomol, sendo pois un emblema do sector mar a nivel internacional, que mantén a duras penas, xa que, segundo a información que nos trasladan, non se está alimentando de xeito adecuado aos alevíns, polo que se está a producir unha mortalidade moi importante.

Segundo a información que se nos facilitou a empresa presenta graves, e dificilmente explicábeis, problemas de xestión que fan perigar seriamente a pervivencia da mesma e con ela os postos de traballo, cunha presenza de mulleres importante, a xornada completa, indefinidos e cunha alta cualificación profesional.

Neste contexto xustificou a presentación dun ERE que afecta a 136 persoas e a modificación substancial das condicións salariais e laborais do resto, o atraso no pagamento de nóminas e a declaración de concurso de acredores esta mesma semana, a petición da titularidade da empresa.

Segundo a información facilitada polo comité de empresa, ao longo dos últimos anos, tanto Isidro de la Cal como Isidro 1952 teñen recibido importantes axudas públicas por parte da Xunta de Galiza a través de diversas liñas de axuda de distintos departamentos podendo sobrepasa os 20 millóns de €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta grave situación formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento dos 225 empregos e o futuro da actividade produtiva, comprometida a causa da débeda económica e da nefasta xestión empresarial dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:22:14

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:22:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:22:27

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:22:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:22:43

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:22:49



Á MESA DO PARLAMENTO

M^a de los Ángeles Cuña Bóveda, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O tren convencional atópase nun situación crítica, nun punto aínda reversible pero achegándose -e leva xa moitos anos- a un punto que pode chegar a ser de non retorno. A deterioración e desmantelamento das liñas e servizos de trens convencionais, cercanías e rexionais de media distancia e os de longa distancia, como resultado do nulo interese político e o abandono institucional, é un proceso que leva xa tres décadas xestándose publicamente.

Toda a política ferroviaria de desmantelamento do tren convencional, alicerce sobre o que descansaba o mito do AVE, tamén pareceu racharse por momentos motivado non só polas malas decisións técnicas en materia de transporte e pola crise económica senón, tamén, por certos promotores políticos que fomentaron un modelo de transporte inxusto socialmente.

O declive do ferrocarril como medio de transporte enmárcase nunha ordenación territorial que antepón os intereses da industria e das grandes finanzas ás necesidades da xente. O predominio doutros medios de transporte dificultou calquera política que pretendese un sistema de transporte máis racional social e ambientalmente.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O ferrocarril convencional é o medio de transporte social por excelencia, prestando un servizo alcanzable a toda a sociedade que se beneficia directamente deste servizo e indirectamente do seu respecto ao medio ambiente, a súa menor accidentalidade e a integración territorial que fomenta.

A realidade do modelo ferroviario galego atópase ante unha encrucillada: por unha banda, un tren convencional exhausto por décadas de anos de deliberadas e interesadas decisións políticas; e polo outro, o AVE, causa dun gran endebedamento público e de moi pouca utilidade como alternativa futura aos retos que terá que afrontar o ser humano (esgotamento de combustibles fósiles, desigualdades sociais crecentes e cambio climático).

En definitiva, está en cuestión non só o modelo de ferrocarril, senón o modelo de transporte, a relación entre os distintos modos e se o equilibrio entre eles debe ter como obxectivo conseguir beneficios económicos, reducir custos ou beneficiar á sociedade.

O desmantelamento dun servizo público socialmente necesario

Segundo un estudo publicado no ano 2013, Galicia perdeu 48 das 124 estacións que había entón, o 38%. Nese mesmo ano 2013, Renfe suprimía os 14 servizos semanais do tren rexional Ourense-Puebla de Sanabria. Non foi o único percorrido que sufriu alteracións. O ADIF, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, privatizou a xestión de estacións de tren do rural, como as de Ribadavia, Carballiño, O Barco e A Rúa, o que provocou a merma da calidade do



servizo, pola falla de atención ao público, a venda de billetes en xanela e que pasaron de ter varias paradas de tren ao longo do día a reducirse as frecuencias e quedando fóra das novas conexións rápidas. Trens sen capacidade obrigando aos usuarios a ir de pé ou sen ocos para as maletas, cunha viaxe de 100 minutos ata a capital galega.

Para favorecer a privatización dun servizo tan amplo e complexo como o ferrocarril, o primeiro que hai que facer é fragmentalo para vender os anacos, sen ter en conta que eses anacos teñen que estar intimamente relacionados. Sen a menor análise, botan man de fórmulas como que o que vale para a enerxía vale para o transporte, o que vale para o transporte en xeral vale para o ferrocarril en particular. O único resultado que se consegue con esta fórmula é proporcionar ao capital ganancias inmensas á conta do que é de todos.

Cando falamos do público, referímonos especificamente a un servizo que ten que ser propiedade da sociedade, que debe estar orientado á satisfacción das súas necesidades e que debe contar coa participación directa da sociedade, dos usuarios e dos traballadores/ as. O ferrocarril debe seguir sendo un servizo público, no que debe primar, por encima de calquera consideración economicista, o beneficio social que supón para o conxunto da comunidade.

O ferrocarril público, o que todas coñecemos, o que a maior parte utilizamos, está nun momento moi complicado. Tras anos de falta de investimento, de fragmentacións, de substitución do ferrocarril convencional por un transporte elitista, cuestiónase o seu carácter de servizo público, o obxectivo que debe perseguir e as necesidades que debe satisfacer, os custos que ten, a financiación



con que debe contar e o tipo de redibilidade que debe alcanzar, a accesibilidade e quen debe poder utilizalo, a propiedade e o nivel de seguridade.

Trens xustos e accesibles

As viaxes de Ourense a Santiago de Compostela son un 66% máis caras –prezo por quilómetro– que no eixo atlántico, entre Vigo - A Coruña, o que pon de manifesto a existencia dunha marxinação histórica. No eixo atlántico o custo por quilómetro é de 9 céntimos fronte aos 15 do quilómetro ourensá.

A conexión diaria entre Vigo – Santiago está composta por 17 trens, 11 rápidos e 7 rexionais, fronte á liña Ourense – Vigo que apenas ten dous rexionais exprés (12,90€) tras diversas supresións, que tardan máis de dúas horas; dous Alvia (20,20€) dunha hora e media; e dúas Longa Distancia (24,30€), de case dúas horas e media. A viaxe Ourense - Lugo conta con tres trens diarios, de hora e media.

As actualizacións tarifarias do ano 2020, aprobadas polo consello de administración de Renfe volveu a incrementar o prezo do Avant que cubre a liña Ourense – Santiago - A Coruña nun 1,2%, pasando a ser de 18 euros por billete.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes do grupo parlamentar Común da Esquerda, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

1. Cal vai ser a política de mobilidade que a Xunta de Galicia presente ante o novo goberno do Estado para garantir a recuperación das conexións ferroviarias e un



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

prezo que non marxine aos ourensáns?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G. P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2020 17:11:49

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2020 17:12:00

Antón Sánchez García na data 16/01/2020 17:12:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública da plataforma Procapd Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, volta xerar a mobilización e preocupación dos pais e nais e colectivos que integran dita plataforma por mor dos incumprimentos reiterados da Xunta de Galiza e a negación desta a asumir a xestión pública e directa como modelo.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PÚBLICO e de XESTIÓN PÚBLICA, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos .





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(PP, PSOE, DO, BNG, EN MAREA), previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

A falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión pública do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación polo nivel de opacidade arredor deste punto.

A xestión pública do centro é prioritaria e irrenunciábel. Compre lembrarmos que a falta de compromiso nesta cuestión foi o que levou ao conxunto de pais e nais a renunciar á proposición inicial dun centro feita no ano 2016.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometemos as distintas organización políticas, sindicais, e sociais é a un centro público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

A xestión directa do centro é o único modelo que garante a calidade asistencial que as usuarias precisan. Unha xestión pública directa que poña en pé de igualdade o futuro centro público Ourense aos que xa existen nas outras tres provincias da Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta de Galiza a garantir por escrito que o CAPD de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:42:05

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:42:25

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:42:32

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:42:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:42:50

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:42:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Son varios os cultivos e as terras de laboreo inmediatas ás zonas de monte presentes entre os concellos de Irixoa, Monfero e Aranga que se ven afectados pola presenza de rabaños naturalizados de cervos que hoxe en día campan de modo salvaxe, perfectamente integrados ás condicións do lugar, que orixinariamente proceden do que foi a finca cinxética pertencente á Xunta no lugar de Cabalar (As Pontes), nunha zona situada a cola do río Eume e próxima a Monfero. Linda co Parque Natural das Fragas do Eume. O último caso coñecido, finais de febreiro, nun pasteiro de 6 Ha en Irixoa, arruinado polo paso dun rabaño composto por uns 20 cervos que paceu a oito no lugar.

Hai uns 20 anos a Xunta realizou un plan de cría desta especie dentro de dito cercado, introducindo 35 exemplares, a maioría femias, que finalmente cara o ano 2006/2007 veu incrementado o seu censo dunha maneira elevada que provocou numerosos escapes fora de aquel cercado. Alí quedaron, proliferaron e nunca máis se lembraron deles. Multiplicáronse e ó cabo de dous ou tres anos rebentaron a malla e botáronse fóra. Dende ese momento a poboación de cervos neste entorno incrementouse, descoñecendo en que número, pero coa certeza actual de que nunha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cantidade suficiente coma para provocar continuos danos a cultivos e que son froito de malestar e conflito entre as e os agricultores do lugar.

Na actualidade os gandeiros e agricultores da zona saben ben desta incómoda situación que lles xera repetidos danos nos seus cultivos. Porén, cabe por de manifesto que a presenza desta especie non se contempla nin nas ordes de axudas á prevención de danos nin nas ordes de axudas para palia-los danos causados pola fauna.

Valórase que a presenza de cérvidos no medio natural galego pode supor un elemento natural moi interesante e un factor de enriquecemento da nosa biodiversidade, de control de biomasa e prevención de incendios, así como unha fonte de presas naturais coas que desviar a presión de depredación do lobo sobre gando doméstico, incluso coma recurso de aproveitamento gandeiro e turístico. De feito son moitas as serras galegas, das serras orientais e incluso da Dorsal Galega, para as que podería ser moi interesante a recuperación de poboación de cérvidos, xa que historicamente estiveron presentes en moitas delas, e que resultarían estratéxicas para, por exemplo, abordar dunha maneira distinta o como frear a presión do lobo á gandería.

Máis destacase que isto non se pode facer de modo que sexan as xentes do sector primario quen teñan que soportar danos, precisándose que exista unha previsión de compensación dos mesmos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sabe o goberno galego da situación da poboación de cervos presentes nalgunhas zonas do País coma a de Monfero, Aranga e Irixoa e pensa facer algo para compensar e indemnizar os danos que ocasionan na agrogandeiría da zona?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 12:40:53

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 12:41:02

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 12:41:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 12:41:15

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 12:41:22

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 12:41:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Cada vez que unha xeadada tardía, un trebón con pedraza, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprendible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.



Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exiguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro e está xa actuando e en consecuencia presionando para que esas arbitrariedades sexan corrixidas?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 09:37:49

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 09:37:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 09:38:04

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 09:38:11

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 09:38:20

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 09:38:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á información sobre o cobro de “honorarios” de investigadores públicos pagados por farmacéuticas.

O pasado martes 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título “Investigadores de centros públicos cobran ‘honorarios’ das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan”. Afirmar a nova do xornal que o pediatra Federico Martínón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban, no medio do proceso polo que o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitiu a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias, do mesmo xeito a tetravalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos e polo tanto implica financiamento público e miles de vendas.

Informan que o pediatra Martínón Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.

Federico Martínón Torres coordina o grupo de Xenética, Vacinas e Pediatría do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS, é Xefe de Servizo de Pediatría do





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CHUS, coordinador de **Regalip, Rede Galega de Investigación Pediátrica**, que realiza ensaios clínicos entre outras cuestións sobre vacinas en nen@s galeg@s, ao tempo que ten moita participación en xornadas de formación para enfermería e pediatras sobre vacinas, financiados por empresas farmacéuticas (**Sanofi, MSD, Pfizer, Glaxo**).

Esta información dáse nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de xeito que tanto as industrias sanitarias como a farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Deste xeito ceden ás empresas privadas a formación d@s profesionais da sanidade, d@s directiv@s, o control da investigación e da avaliación das tecnoloxías, a investigación, as doazóns de sangue, coordinación de transplantes... Control por laboratorios farmacéuticos e multinacionais da tecnoloxía e da sanidade privada que orientan os contidos ás súas áreas de negocio.

É unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, axencia galega do coñecemento en saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á “colaboración público privada” e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada.

As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas a este respecto estableceu no informe de fiscalización que “deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento sobre o que asentar a formulación de orzamentos realistas que deben ser acompañadas de medidas rigorosas para o seu cumprimento” e que “debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ao fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais – o balance de situación e a conta do resultado económico patrimonial – de acordo coas esixencias do referido Plan”.

As fundacións de investigación sanitaria deben ser consideradas como entidades do sector público autonómico e polo tanto a actividade que realizan estar suxeita ás directrices de carácter xeral emanadas pola organización pública.

Parece evidente que esta situación debe ser obxecto de explicación e aclaración por parte d@s responsábeis da Consellaría de Sanidade, xa que todo apunta, como mínimo, a fortes conflitos de intereses.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a información do cobro de “honorarios” por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:56:58

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:57:05

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:57:11

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:57:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:57:25

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:57:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao anuncio do Presidente da Xunta ao respecto do número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galiza.

No pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2018 na sesión de control ao Presidente da Xunta á pregunta formulada pola Portavoz Parlamentar do BNG Ana Pontón, este asegurou que:

“levamos construídos 54 centros de saúde e investidos 110 millóns de euros. Vamos construír ou ampliar 20 novos centros de saúde máis, e ao final da lexislatura teremos 82 centros de saúde novos ou ampliados”.

Diante desta afirmación fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a relación dos 82 centros de saúde novos ou ampliados que anunciou o Presidente da Xunta que se terán ao final de lexislatura, con indicación da situación administrativa dos que non están construídos?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 13:00:59

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 13:01:07

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 13:01:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 13:01:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 13:01:40

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 13:01:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A adega Casal de Armán, propiedade da familia do Conselleiro de Medio Rural José González Vázquez, foi sancionada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta coa orde de desmontar a estrutura prefabricada coa que esta adega conta para acoller eventos e banquetes. Dita estrutura, que foi levantada a 20 metros da protexida antiga casa reitoral de Santo André de Campo Redondo, no concello de Ribadavia, non conta cos permisos necesarios para a súa construción segundo informacións publicadas en medios en outubro de 2015.

A adega e establecemento de turismo rural Casal de Armán, que figuraba en outubro do 2016 dentro da declaracións de bens do conselleiro de Medio Rural na súa toma de posesión como parlamentario, está na actualidade a tramitar ante a Xunta o permiso para ampliar as súas instalacións para enoturismo. Ampliación consistente na construción dunha nova adega de 3800 metros cadrados, un novo restaurante de 1200 metros cadrados e instalacións para turismo rural de 750 metros cadrados, tal e como figura na documentación a exposición pública.

Esta ampliación é solicitada despois de que o 19 de xullo de 2019 o goberno galego inaugurara na referida casa reitoral de Santo André de Campo Redondo o



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Museo do Viño de Galicia, feito que a propia empresa sinala como beneficioso para os seus propios intereses e a mellora da súa competitividade.

En base á exemplaridade e o rigor que debe rexer o exercicio da representación pública, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, co obxectivo de garantir a máxima transparencia e resolver as dúbidas que poida suscitar na cidadanía a situación anteriormente descrita.

- Que actuacións se teñen levado a cabo dende a Dirección Xeral de Patrimonio ou dende outros departamentos dependentes da Xunta de Galicia a respecto desta situación?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García.

Marcos Cal Ogando.

Deputados do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 16/01/2020 17:56:40

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2020 17:56:45

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de garantir a equidade en toda Galiza na atención do servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no mesmo.

Representantes do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais reuníronse co Grupo Parlamentar do BNG para trasladarnos información e a súa preocupación pola falta de recursos e de equidade para acceder ao servizo de terapia ocupacional no Sergas.

A Terapia Ocupacional é unha profesión sanitaria titulada e regulada na Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias como profesión de carácter diplomado. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais define a disciplina como

unha profesión da saúde centrada na persoa, que ten como obxectivo a “promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación”, de xeito que a misión destes/as profesionais é a intervención máis adecuada, cun papel activo da persoa que contribúa a preservar, promover, manter e/ou mellorar a saúde, o benestar e a participación na comunidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a lei mencionada correspóndelles @s Diplomad@s Universitarios en Terapia Ocupacional a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento destas funcións.

Os ámbitos de actuación nos que @ terapeuta ocupacional pode desenvolver o seu labor son diversos, ao igual que as poboacións coas que traballa e o tipo de intervención que aplica. É especialmente relevante no ámbito sanitario e socio-sanitario: Equipos de Atención Primaria e Hospitalaria, Atención temperá, servizos de Medicina Física e Rehabilitación, oncoloxía, unidades de coidados paliativos, psicoxeriatria, rehabilitación neurolóxica (adquirida e neurodexenerativa) saúde mental, residencias e centros de día...

Segundo a información de nos traslada COTOGA (Colexio Terapeutas Ocupacionais de Galiza), hai arredor de 40 terapeutas ocupacionais prestando servizos no SERGAS, cun reparto irregular ao longo dos distintos servizos hospitalarios, practicamente inexistente nos hospitais comarcais e é inexistente en Atención Primaria.

As ratios de profesionais non permite proporcionar servizos de suficiente calidade á poboación galega. Así mesmo existe unha clara inequidade en Galiza en canto ao acceso ao servizo de terapia ocupacional, de xeito que son centos as persoas con problemas de saúde que poden derivar en situacións de dependencia e limitacións para a participación, que ven suprimido o seu dereito fundamental á saúde, xa que non reciben o tratamento interdisciplinario adecuado e necesario para unha correcta rehabilitación das súas dificultades de autonomía persoal e participación na comunidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva a oferta de Terapia Ocupacional que ofrece o Sergas é moi deficiente, de xeito que @s doentes que precisan esta atención de forma xeneralizada, están sendo derivad@s a centros “concertados” ou teñen que acudir á asistencia privada, a pesar de que teñen dereito a recibir atención no ámbito público, xa que está recollida na carteira de servizos.

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que acción vai realizar o Goberno galego para garantirle @s galeg@s a atención universal a Terapia Ocupacional de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan ter acceso a ela sen demoras e próxima ao seu domicilio?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 18:07:39

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 18:07:45

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 18:07:51

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 18:07:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 18:08:06

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 18:08:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, con carácter **urxente. URXENTE.**

Xustificación da Urxencia.

A urxencia ven motivada pola descoordinación das liñas de transporte público de Galicia, que sufriron os e as escolares que os días 8, 9 e 10 de xaneiro quedaron sen ir a escola, xa que os autobuses saltaron as súas paradas, non os recolleron, ou realizaron a recollida moi tarde, como incidencias moi notorias. Tamén foi notorio o atraso dos autobuses, e que estes non sabían as paradas, nin as rutas, así como outras deficiencias como que non levaban a listaxe de menores nin acompañantes e tampouco houbo previsión de prazas, polo que ían amoreados. As temperaturas xélicas do mes de xaneiro foron outro dos inconvenientes.

No comezo do curso escolar, despois das vacacións de Nadal, houbo incidencias coas liñas de transporte dos menores ás escolas, debido ao novo Plan de transporte público da Xunta. Os incidentes producíronse na provincia de Ourense nos colexios de Seixalbo, e Mende, pola falta de coordinación no cambio de titularidade das liñas Pereiro-Ourense e San Cibrao-Ourense. Houbo problemas nos colexios de Cambeo, Allariz, Barbadás, e Maceda, na zona de Celanova, onde houbo retrasos nas liñas, e na parroquia de Rabal por onde nin sequera pasou o autobús.



Mesturar o transporte escolar e o transporte normal de pasaxeiros pode ser unha solución aos problemas naquelas liñas deficitarias. Inda que non pode ser un problema para o acceso á educación das e dos menores.

Os problemas nestes tres días de xaneiro (8, 9 e 10) foron variados: descoñecemento de itinerarios polo persoal condutor, descoñecemento das paradas escolares, escaseza de prazas de autobús, retrasos, saltos de parada, inexistencia de listaxe de menores e falta de acompañantes.

Os menores agardaron a intemperie con temperaturas de 0 graos que viñese o bus, que non veu, ou que directamente se saltou as paradas, e noutros casos este tardou 3 horas en recoller as menores.

A Xunta puxo en marcha a primeira parte do Plan de transporte público de Galicia onde o transporte escolar é agora compartido co transporte normal, co que os problemas de onte poden volver a repetirse.

Nesta ocasión foron os escolares os que sufriron as consecuencias do plan apresurado de transporte público de Galicia que nin foi negociado nin consensuado co sector.

A Xunta ten que exercer as labores de vixilancia e control do transporte escolar e público de Galicia, e impor as sanción polos incumprimentos nos que incorran as empresas concesionarias de transporte. É a Xunta de Galicia a que ten que garantir que o horario se cumpra, que a recollida dos menores se faga correctamente e de xeito efectivo, e que os menores estean acompañados, e en todo caso, esixir coordinación ás empresas e que estas dean solucións alternativas e rápidas aos problemas que xurdan.



Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Que medidas de vixilancia e/ou inspección sobre as empresas concesionarias de transporte público de Galicia vai tomar a Xunta para que os menores non queden á intemperie e sen ir á escola como pasou os días 8, 9 e 10 de xaneiro deste ano?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 10:38:40

David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 10:38:46

Luis Villares Naveira na data 14/01/2020 10:38:57

Francisco Casal Vidal na data 14/01/2020 10:39:07



A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Na provincia de Lugo hai unha praga de rato-toupa que está afectando aso concellos de alta montaña, entre eles dos máis afectados As Nogais, Baralla, Navia de Suarna, Cervantes, Folgoso do Courel, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela que afecta a unha superficie, segundo a Xunta de 1630 hectáreas e 2995 parcelas e ronda o millón e medio de euros en perdas, nunha estimación de momento provisional por parte de sector primario.

Agora mesmo, a Xunta ademais de non dar solución as perdas millonarias que van ter os gandeiros e agricultores pola falta de prantas (o rato-toupa come a raíz das prantas, impedindo que medre pois a herba que alimentará ao gando) permite que se faga unha gran batida de raposas, depredador secundario do rato-toupa en Láncara e Triacastela este sábado 17 de xaneiro de 2020.

Podemos atribuír este exceso de rata toupa a causas naturais, e circunstancias excepcionais de alimento e reprodución e tamén que non conten con número de depredadores naturais, entre os que se constata unha mingua constante de raposos, á pouca supervivencia das crías e as batidas indiscriminadas autorizadas pola Xunta desta especie, consumidora en superficie das ratas toupa.



Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte

Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia axeitado autorizar unha batida de raposas a nivel galego na zona de Triacastela afectada pola praga de rata-toupa que está danando sobre todo ao sector gandeiro e da agricultura?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/01/2020 13:19:41

Luis Villares Naveira na data 17/01/2020 13:19:50

Paula Vázquez Verao na data 17/01/2020 13:20:00

Francisco Casal Vidal na data 17/01/2020 13:20:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao **Mapa da Transición Sostible de Galicia e a súa aplicación na hipercomarca de As Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada polo peche da central térmica de As Pontes.

As políticas da Xunta de Galicia revelan unha absoluta irresponsabilidade fronte á emerxencia climática global, ademais de ser un engano para a cidadanía. O futuro de Galicia non está en queimar carbón de Indonesia, está na Transición Enerxética. O Partido Popular so pensa en protexer os intereses das grandes eléctricas. Hai que pensar máis na cidadanía de As Pontes, de Cerceda e de toda Galicia, nos nosos fillos e nos nosos netos.

As propostas de dar incentivos fiscais a Endesa por contaminar van en contra de todas as políticas dos países mais desenvolto de Europa e mesmo da UE. Pagarlle incentivos por capacidade, é dicir pagarlle a Endesa por estar parada, alguén pode pensar que beneficia aos traballadores de Endesa, das auxiliares ou aos transportistas.



A solución, como se está a facer en toda Europa, vai pola potenciación e financiación masiva da transición ecolóxica e por dinamizar as comarcas afectadas negativamente transformando esta ameaza nunha grande oportunidade de futuro. E hai que comezar xa.

O primeiro sería planificar o que se debe facer. Para elo as Directivas Europeas marcan que o instrumento fundamental e a redacción en cada rexión europea do seu Mapa de Transición Sostible, chamados CLEW (Clima, Terra, Enerxía e Auga). Un documento moi transversal que analiza todas as actividades humanas, xa sexan industriais, extractivas, agrogandeiras, pesqueiras, urbanas, etc. E posteriormente desenvolve estratexias para facer todas estas actividades máis sostibles.

Moitas rexións en Europa xa están traballando nelo, algunhas incluso xa os teñen rematados, xa que serán imprescindibles para conseguir fondos europeos e estatais e determinar que actividades actuais poden considerarse sustentables, cales non e nas que habería que actuar.

Antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos e estatais para poñelos en marcha.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Pregunta urxente ao Goberno para a súa resposta oral en Pleno:**

Pensa a Xunta de Galicia poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o “Mapa da Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)” e a súa aplicación concreta na hipercomarca de As Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal?



Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/01/2020 12:44:49

David Rodríguez Estévez na data 20/01/2020 12:45:00

Paula Vázquez Verao na data 20/01/2020 12:45:13

Luis Villares Naveira na data 20/01/2020 12:45:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola enorme preocupación social existente diante da situación da empresa Isidro 1952.

Exposición de motivos

A empresa, Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, vén de presentar un ERE que afecta a 136 persoas e que conleva a modificación substancial das condicións salariais e laborais do resto, e a declaración de concurso de acredores.

Esta é unha empresa referencial na venda de peixe no porto da Coruña durante anos e que posteriormente deu o salto para a cría e transformados de peixe, de xeito que na actualidade conta con seis centros: fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do Polígono do Espírito Santo; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; criadeiro de rodaballo de Lorbé; e criadeiro de ollomol de Valdoviño e 225 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai realizar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento dos 225 empregos e o futuro da actividade produtiva da empresa Isidro 1952, comprometida a causa da débeda económica e da nefasta xestión empresarial dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 16:28:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 16:28:32

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 16:28:39

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 16:28:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 16:28:55

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 16:29:02



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputada e deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta urxente** para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia

A cidadanía de Ourense está indignada pola posible perda da oportunidade de rexeneración urbanística que suporía unha boa estación intermodal. Porén, a veciñanza estase agrupando ao redor da Plataforma por un Tren Digno que xa leva en 48 horas recollidas máis de 3000 sinaturas para deter un proxecto que se considera que aboca á construción dunha estación intermodal que non garante a permeabilidade, nin a intermodalidade, nin a sustentabilidade, nin a racionalidade no gasto. Unha estación que é una porta aberta á especulación.

Cremos que esta obra é a máis importante dos vindeiros cen anos en materia de transporte e comunicación e non se pode permitir unha mala planificación que a deixe insuficiente e obsoleta en poucos anos. Condena ao barrio a permanecer dividido, e vai provocar un caos circulatorio na contorna da estación. O proxecto actual propón grandes muros, escaleiras e circulación de autobuses ao redor dun centro de saúde. É un proxecto no que se está a tempo de mudar e que require unha a actuación inminente.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

En relación co anterior, preséntase a seguinte pregunta:

- Está disposta a Xunta a rectificar o proxecto e volver ao inicialmente previsto?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/01/2020 16:35:32

Antón Sánchez García na data 20/01/2020 16:35:47

Marcos Cal Ogando na data 20/01/2020 16:35:56



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación que en moitas familias ourensás xeraron os retrasos, erros e fallas de conexións, do servizo público de transporte aos centros escolares, que ademais hai que lembrar se presta a rapaces e rapazas menores de idade.

Nos primeiros días de volta ao colexio tralas vacacións de Nadal, escolares da provincia de Ourense sufriron problemas no seu traxecto de ida e volta aos centros derivados de retrasos, erros e falla de conexións, fundamentalmente ocorreron nas liñas Pereiro de Aguiar-Ourense (que afecta ao colexio de Mende), e San Cibrao das Viñas-Ourense (con afección ao de Seixalbo), así como tamén na zona de Celanova, onde tamén houbo algún atraso na recollida nalgunha parada. En algúns casos foron os propios pais e nais os que tiveron que levar aos seus fillos e fillas ao colexio, por non aparecer o autobús, e noutros os escolares permaneceron varias horas esperando nas paradas nunha xélida mañá de inverno.

Estas incidencias coinciden coa posta en marcha, antes do reinicio da actividade escolar, de máis de 70 dos primeiros contratos do Plan de transporte público de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das incidencias no transporte escolar na provincia de Ourense no reinicio da actividade dos centros educativos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:29:34
Nº Rexistro: 61959
Data envío: 20/01/2020 17:29:34.803

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2020 17:26:21

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2020 17:26:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 17:26:44

María Luisa Pierres López na data 20/01/2020 17:26:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGhC4cYMJbW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que con cartas de última hora pode ocultar unha década de incompetencia política á hora de defender os intereses de Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 18:17:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **PREGUNTA**, dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta oral no Pleno da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, ten sacado algunha conclusión do conflito do paridoiro de Verín onde rematou rectificando a súa decisión inicial?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/01/2020 16:43:27





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, vai asumir algunha responsabilidade polos problemas que o seu Goberno está xerando co peche do paridoiro de Verín ?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2020 18:05:48





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

